

Fausto

Goethe

Tradución de Lois Tobío



Goethe

Fausto

Versión galega de Lois Tobío

NOTA INTRODUTORIA

En 1765 Goethe, que tiña entón dezaseis anos, trasladouse a Leipzig, mandado polo seu pai para que seguisse naquela universidade, unha das de máis sonda de Alemaña, a carreira de dereito coma el fixera no seu tempo. Semella que ao rapaz non lle tirasen moito eses estudos e por eso buscou alí de preferencia outros que atraían máis a súa curiosidade intelectual, procurando, doutra banda, vivir á súa maneira, libre e sen pexas. En Leipzig coñeceu o ambiente estudiantil alemán que había de reflectir algunha vez nas súas obras, fixo amigos e tivo o primeiro namoro ao que dedicou as súas primeiras poesías. Pero aos tres anos de estar na cidade do Elster unha grave doenza obrigouno a volver a Frankfurt, á casa dos seus pais. Semella que foi pouco despois da volta cando xurdiu no seu espírito por vez primeira o tema de Fausto. Tratábase dun mito que desde había ben anos se achaba dabondo espallado pola terra alemana, e mesmo fóra dela, e que tiña a súa orixe nun personaxe real, un tal Georg Faustus, nado, segundo certas fontes, arredor de 1480 nunha vila do Württemberg, anque o dato non é nen miga seguro. Estudante, goliardo, aventureiro, nigromante, astrólogo, menciñeiro, trapallán, andaba dun lado para outra engaiolando a xente coas súas mañas e habelencias, mesmo a un bispo a quen lle fixera un horóscopo: desde América un cabaleiro alemán informou que certa expedición dos Welser a aquelas terras resultara tal e como predicira o «filósofo» Fausto.

Cando este morreu, a súa sonda espallárase aínda máis e dera lugar á aparición dun libro verbo del, de autor anónimo, do que se fixeron varias edicións, o chamado *Volksbuch*, que tivo grande difusión. Pero este libro, de inspiración protestante, viña condenar aos que apelaran a medios nada ortodoxos, un pacto co demo, para chegar a posuír poderes excepcionais e misteriosos e acadar praceres sensuais. Máis adiante apareceron outros libros, xa con nome de autor, nos que a figura de Fausto e os seus feitos e aventuras víanse amplificadas e fantaseadas, anque tomando adoito coma base as historias do *Volksbuch*.

No desenvolvemento do mito crúzanse unha chea de ideas e interpretacións que estaban a ferver naquela sociedade. Dunha banda, os ríxidos conceptos protestantes que querían significar unha volta ás orixes do cristianismo contra a corrupción moderna, retornando á relixiosidade medieval. E doutra banda o racionalismo renacentista que limitaba o coñecemento ao que a razón pode atinxir e que, por eso, chegara a ser condenado polos da Reforma. Pero este racionalismo puro e duro tampouco satisfacía no tempo de Goethe aos máis «modernos», que crían na existencia doutros vieiros do coñecer e, sobre todo, do vivir, e que os buscaban: as intuicións, o sentimento, a sensualidade. Isto veu ser a base do movemento «Sturm und Drang». E aquí era onde tiña pleno acomodo o mito de Fausto. Este mito non tardaría en se estender tamén ao teatro: Lessing deixou sobre el un drama non rematado e foi tema común no teatro de monicreques; e mesmo chegou a pasar o canal ao ser traducido ao inglés o *Volksbuch* e escribir Marlowe unha obra sobre o personaxe (*The Tragical History of the Life and Death of Doctor Faustus*).

Goethe coñeceu o mito, sen dúbida, por algunhas das edicións do *Volksbuch* e tamén por ter asistido a esta ou outra representación de cómicos da legua ou dun teatro de monicreques. Despois de pasar un ano en Frankfurt, para curarse da súa doenza, foi continuar os seus estudos a Estrasburgo. Aquela marabillosa cidade engadouno cos seus monumentos e a paisaxe e aldeas que a rodean, despertando nel o interese pola cantiga popular. Ten alí o seu primeiro amor serio, o de Friederike Brion, e cun fato de amigos estudantes métese de cheo no «Sturm und Drang».

Ao que rematou a carreira de dereito, foi pasar unha tempada de prácticas xudiciais no tribunal de Wetzlar e despois entrou a traballar co seu pai coma avogado. Pero en 1775 o duque de Weimar, Karl August, chámalo para a súa corte. Weimar era unha modesta vila da Turinxia, capital dun pequeno estado. Pero Goethe, cambiando o seu ambiente, habería de convertela nun centro cultural importante. Levára canda si un *Fausto* sen rematar que, ao mes de chegar, lía nunha reunión social da corte. Os asistentes quedaron fascinados e moi singularmente as duquesas Amelia e Luísa; e aínda habería de lelo alí algunha outra vez. Pero malia o interese que despertara, o autor non se ocupou máis del. Emporiso unha dama da duquesa Amelia, Luísa de Gochhausen, pedíralle a Goethe permiso para copiar o texto que el lera, e deullo e ela copiouno, anque non se sabe se na súa totalidade, e gardouno. Cando, moitos anos despois, en 1887, un sobriño neto da dama autorizou un enviado da gran duquesa Sofía de Saxonia para que revisase os papeis que deixara a súa parenta, velaquí que aparece a copia que ela fixera daquel *Fausto*. É o que hoxe se chama *Urfaust*. O

«Urfaust» ten unha extensión coma dun tercio do *Fausto* definitivo e está formado por unha serie de escenas soltas, non unidas nunha acción seguida, que foron de seguro compostas en diferentes momentos ao xurdiren na imaxinación do poeta: o monólogo de Fausto coa escena do Espírito da Terra e o diálogo con Wagner, despois dúas pasaxes satíricas, logo a conversa de Mefistófeles co estudante e a taberna de Auerbach e, de remate, varias escenas en que se desenvolve o episodio de Margarida. O *Urfaust* reflicte a vehemencia apaixonada do revolucionario que foi Goethe nos tempos do «Sturm und Drang». Despois de ter feito as lecturas aludidas, Goethe deixa de lado por espacio dunha década o tema de Fausto. Prodúcese entón un cambio na súa mentalidade: vaíse afastando aos poucos daquela actitude romántica, emotiva e máxica de antes e séntese engaiolado polo espírito clásico que directamente alenta na súa estada en Italia de 1786 a 1788. Anque levara canda el o que do *Fausto* tiña feito, non o toca; semella desorientado, como se non soubese como seguir. Andaba daquela ocupado en dar remate a outras obras súas para logo publicarlas pero tocante ao *Fausto* non é quen a rematalo. Ao cabo, decide dalo á luz tal e como está, coma fragmento. E como *Faust, Ein Fragment* apareceu en 1790 no tomo VII das Obras de Goethe publicadas en Leipzig por Goeschen. Aprécianse nel algunhas modificacións respecto do *Urfaust*, como a versificación total da escena da taberna de Auerbach, algunhas supresións e varias engádegas, principalmente o diálogo entre Fausto e Mefistófeles, o episodio da Cociña da Bruxa e a escena do Bosque e Caverna. Reflicte o «Fragment» a sensación de ledicia e sosego que produce un avencellamento íntimo coa natureza. Nos anos de tránsito do século XVIII ao XIX Goethe e Schiller uníronse nunha estreita amizade que será fecunda para as letras alemáns. Goethe dará cabo entón á primeira parte do *Fausto* que vai ser publicada en 1808 co subtítulo *Eine Tragödie*. A idea do personaxe aparece xa clara e precisa. Goethe expresa aquí a súa Weltanschauung sobre a vida do home, da humanidade, concepción optimista pola superación de todos os obstáculos que se lle poidan presentar. Á fin semella que o pacto co demo o vai afundir e levalo á perdición, caído nas súas mans, enganado e satisfeito polos gozos ilusorios a que se entregou arroutado, sen se deter mesmo ante o pecado e o crime: para seducir a Margarida, comete perxurio, empezoña a nai, mata o irmán e guinda a pobre nena nun pozo de espanto e miseria. Fausto séntese entón desesperado e condenado. Pero á fin, Margarida sálvase. A obra volverá a pasar unha longa hibernación. Inda que non deixara de matinar nela, non ha ser ata 1825 cando o autor colla de novo o fío. Chegou mesmo a facer antes dese ano algúns esquemas que non desenvolveu. Había que salvar tamén a Fausto: este era o seu obxectivo e con esta idea acomete a redacción da segunda parte. Comeza nela por facer que o personaxe caia nun sono profundo para que esqueza as calamidades do pasado e encetar así unha nova vida. En 1827, quere dicir aos dous anos de estar nesta laboura, aparece coma un avance, coma un interludio, *Helena. Classisch-romantische Phantasmagorie*, cerne da segunda parte que non se publicará completa ata 1832, despois da morte do seu autor no mesmo ano. Nesta segunda parte hai unha visión máis ampla e simbólica do que na primeira. É como un grande espectáculo, coma unha ópera sen música nin escenarios que pretende substituír con elementos puramente literarios. Pero estes elementos non evocan soamente xentes e feitos tomados de lendas e historias, senón tamén pinturas, debuxos e esculturas da antigüidade e do Renacemento, de vasos gregos ou frescos italianos, e recollen asemade experiencias e observacións propias, realidades do seu mundo.

O *Fausto* vén ser, en certa maneira, unha autobiografía espiritual na que o autor expón as súas reflexións sobre a condición humana ao longo dos sesenta anos que, con intermitencias, durou a súa elaboración. De aí a súa variedade que algúns chegaron a criticar afirmando que lle falta unidade; cousa que non deixa de ser certa se por unidade se entende estrutura ríxida e mecánica que, desde logo, aquí non se dá. O home Goethe fora cambiando no curso da súa vida e ese cambio refléctese nas súas obras e, máis do que en ningunha, no «Fausto» polo moito que durara a súa xestación.

Un aspecto interesante desta obra grandiosa, deste vasto fresco humano en que se recollen tantos aspectos e situacións do noso vivir, é o papel que nela cumpre a muller. Na primeira parte é Margarida, que aparece coma un anxo doce, inocente, candorosa, boíña, vítima das apetencias do desacougado e vehemente Fausto. E na segunda é Helena, da que segue non a versión de muller falsa e funesta senón a outra, a da muller engadadora, si, pero á fin serena e digna. Podería dexergarse logo aquí unha certa actitude feminista *avant la lettre* que o remate de cada unha das dúas partes da obra viría confirmar: a salvación de Margarida na primeira e a acollida de Fausto por ela na segunda con aquela fin que canta o Coro Místico;

Das Ewig-Weibliche
Zieht uns hinan.

DEDICATORIA

Aquí outra volta, vacilantes formas
que hai xa ben tempo á miña ollada turba
vos mostrastes. ¿Tentarei esta vez
retervos? ¿Sinto aínda o corazón
preso desa ilusión? ¡Vós me premedes!
Está ben, facede logo o que queirades,
vós que xurdides de po e néboa ao redor meu;
o peito sente unha emoción de mozo

ao alento máxico que envolve o voso paso.
Traédesme as imaxes de días ledos
e aparecen tamén sombras amadas;
como de vella lenda a se esvaer
canda vós veñen o primeiro amor
e a primeira amizade; a dor retorna,
a queixa reproduce o ensarillado
curso da miña vida vagamunda
e evoca a aqueles bos que por fermosas
horas de dita foron enganados
e denantes ca min desapareceron.
Elas non oirán, non, estes cantos,
as almas a quen eu cantei primeiro;
está disperso o fato dos amigos
e calado ¡ai! quedou o eco primeiro.
Resoa a miña mágoa para xente
descoñecida e mesmo a súa louvanza
me desacouga o corazón, e aqueles
aos que apracía o meu canto, se aínda viven,
vagarán espallados polo mundo.
E sinto unha saudade, que hai ben tempo
que non sentía, daquel reino calado
e serio dos espíritos, e agora
plana en tons imprecisos o meu canto,
marmexante coma unha arpa eólica,
e dame un arreguizo e bágoas seguen
ás bágoas e o meu rexo corazón
vólvese mol e tenro; o que posúo
véxoo coma no lonxe e o que se foi
é para min agora realidade.

PRELUDIO NO TEATRO

Director

Autor

Gracioso

DIRECTOR.

Vós os dous que, en penas e apuros,
me axudastes, podedes dicirme
que esperades obter desta empresa
que tentamos en terra alemá.
Eu ben quixera compracer á xente,
endemais porque vive e fai vivir.
Os esteos e as táboas xa están postos
e todos se prometen unha festa.
Xa sentan cos ollos recachados,
tranquilos, esperando marabillas.
Eu sei como gañar o seu espírito;
e porén nunca estiven tan perplexo:
non han de estar afeitos ao mellor
pero teñen lido barbaramente.
¿Como facer para que todo sexa novo,
entretido e tamén teña sentido?
Pois gústame, de certo, ver á xente
cando vén en tropel a esta barraca

e con moito traballo se abre paso
pola tan estreita porta da Gracia,
que xa antes das catro, en pleno día,
van onda a caixa aos empurróns
como en tempo de fame se vai á procura
dun pouco pan á porta da tafona,
e arriscan descrocarse por un boleto.
Este milagre en xentes tan distintas
só o autor pode facelo: ¡amigo faino hoxe!

AUTOR.

Ouh, non me fales desa cotropea
que coa súa presenza fai fuxir a inspiración.

Tápame a vista da axitada masa
que nos arrastra ao remuíño sen querermos.

Non, quero que me leves ao tranquilo
canto do ceo en que florece para o poeta
pura alegría, onde amor e amizade
crean e coidan con divina man
a boa andanza do noso corazón.

¡Ai! o que no fondal do noso peito xorde
e os nosos beizos tímidos balbucen,
incomprensible ás veces e outras non,
vese engulido polo instante fero.

A miúdo, abríndose camiño
a traveso dos anos, aparece
despois na súa forma máis perfecta.

O que brilla soamente dura un intre
e o auténtico xa queda para sempre.

GRACIOSO.

Non quero oír nada da posteridade.

Se eu me puxese a falar dela, entón
¿quen ía dar solás aos que hoxe viven?
Visto que eles o queren, hai que llelo dar.
A soa presenza dun rapaz cumprido
sempre vale algo, iso penso eu.

Ao que sabe expresarse con agrado
o capricho do público non o ha de amargar;
meirande será o grupo dos oíntes
e mais de certo os emocionará.

¡Sede valentes, pois, e despregade
o voso talento, deixade que se oia
a fantasía con todos os seus coros,
razón, intelixencia, sentimento, paixón,
pero coidade de non esquencer a tolería!

DIRECTOR.

¡Sobre todo que a acción dure dabondo!
Veñen mirar e ver é o que máis queren.
Se ante os ollos poñedes moitas cousas
que aparviolen ao público, daquela
tedes gañado xa toda a partida
e seredes entón o preferido.

Só coa masa podedes forza á masa;
cadaquén busca. ao cabo, o que lle cómpre.

Quen moito trae a moitos algo dá
e todos volven contentos do teatro.
¡Pois dades unha peza, dádea en pezas!
Ese ragout traeravos moita sorte,
é doado de servir e cociñar.

¿Para que presentar un todo ao público?
El ha de darse présa a esmigallalo.

AUTOR.

¡Non sentides que malo é ese labor,
que pouco acae ao verdadeiro artista!

A chafallada deses cabaleiros
é regra para vós, polo que vexo.

DIRECTOR.

Ese reproche déixame impasible;
o home que queira obrar a xeito
ha de ter o mellor instrumento.

É brando pau o que fender debedes,
¡ollade, pois, para quen escribides!

Pois se este é levado do fastío
aquele sae farto da abondosa enchente,
e aínda é o peor de todo
que moitos veñen de ler os xornais.

Distraídos acoden onda nós
como poderían ir a unha antroidada
e só a curiosidade lles pon ás nos pés.
As donas fachendean e locen as súas galas
e dan a representación de balde.

¿Que soñades, autores, neses cumes?

¿Por que unha sala chea vos aleda?

¡Ollade ben de perto os vossos protectores!

Metade fríos e metade lurdios.

Este pensa, rematado o espectáculo,
ir xogar ás cartas, e aquel na noite brava
que vai pasar onda o peito dunha puta.

¿E para eso, pobres tolos, teimaredes
importunar ás venerandas Musas?

Dade, vos digo, sempre máis e máis,
non perderedes deste xeito o fito.

Buscade só desconcertar aos homes
pois contentalos é difícil...

Pero ¿que vos pasa? ¿É entusiasmo ou é dor?

AUTOR.

¡Vaite de aquí e busca outro criado!

¿Debería o autor para apracerte

vilmente renunciar ao alto dereito,

o de home, que ten da natureza?

¿Como comove el os corazóns?

¿Como domea os elementos todos?

¿Non é pola harmonía que sae do peito
e volta ao corazón como refai o mundo?

Mentres a natureza indiferente

mete a virar no fuso o eterno fío,

mentres da multitude discordante

dos seres todos xorde barafunda...

¿Quen no curso que corre sempre igual
divide e anima para que teña ritmo?

¿Quen ao individual dá universal valor

para que vibre en acordos maxistrals?

¿Quen solta a treboada das paixóns

e os roibéns do solpor no espírito encende?

¿Quen espalla as flores belidas

da primavera polos sendeiros da amada?

¿Quen trenza con humildes follas verdes

coroas para honrar aos merecentes?

¿Quen o Olimpo asegura e axunta os deuses?

O xenio do home, no poeta revelado.

GRACIOSO.

Usade, pois, desas fermosas forzas

e cumpride a laboura poética

coma se for unha aventura amorosa.

Achégase un ao chou, e emociónase e queda,

e pouco a pouco vaise vendo preso;

a dita aumenta, pero axiña

xurde a ameaza; un está encantado
mais logo chega a dor e antes que un se decate
velai o romance xa armado.

¡Fagamos eso mesmo para o espectáculo!

¡Sacar da vida do home, ben de adentro!

Todos a viven, poucos a coñecen
e todo o que collades é interesante.

En cadros variados pouca luz,
moito erro e un chisco de verdade:
eis a mellor receita para a bebida
que a todo o mundo aleda e edifica.

A máis fermosa flor da mocidade
xúntase entón diante da vosa peza
á espreita da revelación, e todo
espírito tenro zuga da vosa obra
un melancólico alimento, e vibra
esto ou aquilo, e cadaquén
ve o que leva no seu corazón.

Eles aínda están prestos a chorar como a rir,
aínda louvan o pulo e gozan da aparencia;
para un espírito formado non hai cousa mellor
e o que anda a se formar sempre o agradecerá.

AUTOR.

Devólveme, logo, tamén o tempo
en que eu inda andaba a me formar,
cando un manantío inestible
deitaba a oito novos cantos,
cando a néboa me agochaba o mundo
e o gromo prometía marabillas aínda,
cando collía os milleiros de flores
que todos os vales vizosos enchían.

Eu non tiña nada e, con todo, dabondo:
anceio de verdade e gozo da ilusión.

Devólveme aquel indómito pulo,
a felicidade fonda e dorosa,
a forza da xenreira, a potencia do amor,
¡Devólveme a miña xuventude!

GRACIOSO.

Da xuventude, amigo, precisas máis ca nada
cando na loita te preme o inimigo,
cando as máis belidas rapazas
se colgan con ardencia do teu colo,
cando ao lonxe a coroa da rápida carreira
te acena desde a meta difícil de alcanzar,
cando despois do baile axitado
se pasa a noite a beber e troulear.

Pero tocar o laúde coñecido
con ánimo e gracia, ir cara o fito
que ún mesmo se puxo, con xeitosos desvíos:
eso, vellos señores, é obriga vosa
e non por eso vos respectamos menos.

A idade non nos volve infantís, como se di,
só nos atopa aínda cal nenos verdadeiros.

DIRECTOR.

¡Xa se ten falado de máis,
quero ver, ao cabo, feitos!

Mentres debullades cumprimentos
podería facerse algo útil.

¿Para que tanto falar da inspiración?
Nunca vén ela aos que vacilan.

Xa que vos tedes por poetas
comandade logo a poesía.
Ben sabedes o que precisamos,

queremos chuchar bebidas fortes;
preparádemas, pois, de contado.
O que non se fai hoxe, mañá non se fará,
non hai que perder un só día,
unha resolta decisión
pola guedella collerá o posible;
entón non ha de deixalo escapar
e o labor seguirá como cómpre.
Nos nosos teatros alemáns, xa o sabedes,
cada un ensaia o que lle peta;
¡non me aforredes hoxe, logo,
nin decoracións nin tremoia!
Empregade as luces celestes,
a grande e máis a pequena
e asemade estrelas dabondo;
que non falten augas, lumes, rochedos
nin tampouco animais e paxaros.
¡Por ese estreito taboado
percorrede logo todo o círculo
da creación e con présa asisada
camiñade dende o ceo
a través do mundo ata o inferno!

PRÓLOGO NO CEO

O Señor

As falanxes celestiais

Despois Mefistófeles

OS TRES ARCANXOS *adiántanse.*

RAFAEL.

O Sol canta, ao xeito antigo,
coas voces irmás das esferas
e remata o curso prescrito
cun camiñar atreboado.

A súa vista dá forza aos anxos
anque para todos é insondable;
as obras de alteza incomprensible
fermosas son coma o primeiro día.

GABRIEL.

E a présa, con présa atolada
dá voltas á espléndida terra;
alterna un claror de paraíso
coa noite témera e profunda;
o mar escumante en vastas ondas
bate nos fondos dos cons
e cons e mar son arrastrados
no rápido curso das esferas.

MIGUEL.

E brúan os trebóns á retesía
do mar á terra, da terra ao mar
e furiosos forman unha cadea
de acción profunda todo arredor.
Labarea un espanto de lóstregos
que ao estourido do trono abre camiño.
Emporiso, Señor, os teus mensaxeiros
veneran o lene pasar do teu día.

OS TRES.

A túa vista dá aos anxos forteza
aínda que para todos es insondable
e todas as túas obras excelsas
como o primeiro día son belidas.

MEFISTÓFELES.

E pois que ti, Señor, unha vez máis
te achegas e preguntas coma van
todas as nosas cousas e adoito
me viches con agrado, velaquí
que agora estou tamén entre os teus criados.

Perdoa, non sei facer frases solemnes
anque toda a compañía de min se mofe.

O meu patos, de certo, fariate rir
se de rir non estiveses xa desafeito.

Eu nada sei dicir de Sol e mundos,
só vexo como os homes se enfastían.

O pequeno deus do mundo segue a ser o de sempre
e é tan marabilloso coma o primeiro día.

De certo viviría un pouquiño mellor
se non lle tiveses dado esa faísca
da luz do ceo que el chama razón e que só usa
para ser máis animal cós animais.

Seméllame, se me permite a Vosa Gracia,
coma unha carricanta patilonga
a voar e dar choutos e que logo
canta na herba a súa vella cantiga;
¡e aínda se se estivese queda na herba!
Pois en calquera bulleiro mete o fuciño.

O SEÑOR.

¿Ti non tes máis nada que me dicir?

¿Vés decote soamente para te queixar?

¿Nunca hai nada na Terra que atopas ben?

MEFISTÓFELES.

Non, Señor, coma sempre, todo alí atopo mal,
os homes danme mágoa polas súas angustias,
mesmo non podo atormentar aos pobres.

O SEÑOR.

¿Ti coñeces a Fausto?

MEFISTÓFELES.

¿O doutor?

O SEÑOR.

¡Meu servinte!

MEFISTÓFELES.

¡Abofé que vos serve dun ben estraño xeito!

Nada terrestre come ou bebe o parvo.

A súa interior fervenza lévao lonxe
e da súa tolería só a medias se decata;
reclama ao ceo as máis belas estrelas
e os máis altos goces á terra,
e, ora estea perto ora estea lonxe,
nada acalma o seu peito axitado.

O SEÑOR.

Se el agora me serve, anque confuso,
heino levar á claridade axiña.

O xardiñeiro sabe, ao que o arboriño
verdece, que nos anos vindeiros
hase enfeitar de flores e de froitos.

MEFISTÓFELES.

¿Que apostades? Seguro que perdedes
se é que me dades o voso permiso
para levalo a modo ao meu camiño.

O SEÑOR.

Namentres el viva na terra
eso non che será prohibido,
o home erra en canto se esforza.

MEFISTÓFELES.

Gracias vos dou porque cos mortos

nunca quixen ter nada que ver.
Gústanme as fazulas cheas e frescas.
Para un morto eu non estou na casa;
pásame coma ao gato co rato.

O SEÑOR.

¡Dacordo! Fai como ti queiras,
Arreda ese espírito da súa fonte natía
e se apreixalo podes, lévao logo
ao teu camiño, cara abaixo;
e despois avergónzate se has de confesar
que un home, na súa escura arela,
é quen a descubrir o vieiro xusto.

MEFISTÓFELES.

¡Está ben! e non vai tardar moito.
Da miña aposta ningún medo teño.
Se consigo o que busco, permitide
que cante o meu triunfo a peito cheo.
El ha morder o pó, e con gorencia,
cal miña curmá, a cóbrega famosa.

O SEÑOR.

Ti poderás tamén aparecer entón
libremente pois nunca odiei aos teus.
De todos os espíritos que negan
o Perello é para min a menor carga.
A actividade do home doadamente devece,
ama entregarse axiña ao descanso total;
por eso quero darlle un compañeiro
que empurre e obre e actúe coma diaño.
Vós, porén, dos deuses fillos verdadeiros,
gozade do brillo da beleza viva.
¡Que o devir, que eternamente vive e actúa,
nas garridas fronteiras do amor vos encerre
e que o que plana en forma vacilante
quede fixado en duradeira idea!

(O ceo péchase, os arcanxos dispérsanse)

MEFISTÓFELES (só).

Gústame ver de vez en cando ao Vello,
e procuro non romper con el.
Éche ben lindo dun gran Señor
falar co mesmo Diaño tan humanamente.

PRIMEIRA PARTE
DA TRAXEDIA
NOITE

Nunha estreita cámara gótica de alta bóveda, Fausto, inqueda, no seu sillón diante do pupitre.

FAUSTO.

Estudiei ¡ai! Filosofía,
Xurisprudencia e Medicina
e, endemal, tamén Teoloxía
ben a fondo e con ardente esforzo.
E velaquí estou, pobre tolo,
non máis sabido ca denantes;
chámanme mestre, mesmo doutor,
e levo desde hai xa dez anos
aos meus alumnos do nariz
para arriba e para abaixo
e dunha banda para outra...
¡E vexo que nada podemos saber!
Eso case me queima o corazón.
É certo que eu sei moito máis
ca todos eses parvos, doutores, mestres,
escritores e curas; non me atormenta
dúbida nin escrúpulo e non teño

medo do inferno nin do Diaño...
Pero tamén perdín toda a alegría,
penso que nada sei a dereitas
nin que poida ensinar cousa algunha,
mellorar aos homes e convertilos.
Tampouco teño bens nin diñeiro
nin honores nin gloria mundana.
¡Un can non quereda vivir máis así!
Por esa razón dediqueime á maxia
por ver se a forza e a voz do espírito
me revelarían algún misterio;
que non tivese xa que dicir
con aceda suor o que non sei;
para coñecer o que o mundo
acocha no seu interior,
ollar as forzas actuantes
e os xermes, e non ter que andar máis
a remexer verbas baleiras.
¡Ouh, claro luar, se ti ollases
por última vez a miña mágoa!
Ti a quen agardei a cotío
ata a medianoite onda este pupitre.
Aparecías entón, triste amigo,
enriba de libros e papeis.
¡Ai! se eu puidese polos outeiros
camiñar á tua luz amada,
planar arredor das covas
do monte canda os espíritos,
vagar polas pradeiras á túa lene luz,
xa liberado de toda a fumarada
de saber e recobrar a saúde
bañándome no teu orballo.
¡Ai dor! ¿É que sigo neste cabozo?
Maldito burato afogado
onde mesmo a tan amada
luz do ceo chega embazada
a través de vidros pintados.
Cercado desta morea
de libros cubertos de pó,
que os vermes rillan, e un papel
afumado envolve ata o cumio
da bóveda; e todo arredor
vasos e caixas e unha chea
de instrumentos de toda caste,
revoutallo dos antergos...
¡Eis o teu mundo! ¡E chámano un mundo!
¿E aínda preguntas por que o corazón
che aperta angustiada no peito?
¿Por que unha dor inexplicable
corta en ti todo pulo de vida?
En vez da natureza viva
na que Deus creara aos homes
só te rodean fume e balor,
carcasas de animais e ósos humanos.
¡Fuxe! ¡En pé! ¡Cara á vasta terra!
E este libro misterioso
da propia man de Nostradamus
¿non é para ti guía dabondo?
Coñecerás entón o curso
das estrelas, e se a natureza
cho ensina, xurdirá en ti
a forza da alma coa que un espírito
fala con outro. Non penses

que o seco matinar sexa capaz
de explicarche os signos sagrados.
Vós, espíritos, que planades
a carón de min, respondédeme
se por ventura me escoitades.

(Abre o libre e mira o signo do Macrocosmo)

¡Ah! ¡que ledicia xorde, ao que esto vexo,
de súpeto por todos os meus sentidos!

Un novo e santo gozo de vivir
córreme ardente por nervios e por veas.
¿Foi un deus quen escribiu estes signos
que acalman a miña furia interior,
que de alegría enchen o pobre corazón
e as forzas da natura con misterioso pulo
desvelan ao meu arredor?

¿Son eu un deus? ¡Todo se me volve tan claro!

Eu vexo nestes riscos puros
exposta diante da miña alma
a natura fecunda. Por fin
enxergo agora a xeito o dito do sabio:
«O mundo dos espíritos non está pechado;
¡o teu sentido si, morto o teu corazón!
Érguete, discípulo, e vai bañar axiña
o peito terrenal nos roibéns do mencer».

(Contempla o signo)

¡Como todo se tece para formar o Todo,
cada un obra e vive no outro!

¡Como as forzas do ceo soben e baixan
e se pasan os baldes de ouro!

Con ás que recenden a bendicións
desde o ceo cruzan a través da terra
deixando un ronsel de harmonías.

¡Que espectáculo! Pero ¡ai! só un espectáculo.

¿Onde te podo apreixar, Natureza infinita?

¿Onde, vós peitos? Vós, fontes de toda vida,
das que penden o ceo e a terra
e contra as que se aperta este peito murcho...

enchédesvos a eito e dades a beber

¿e eu debo, logo, consumirme en van?

(Pasa encabuxado varias follas de libro e dexerga o signo do Espírito da Terra.)

¡De qué distinto xeito obra este signo en min!

Ti, Espírito da Terra, estás máis ao meu carón;
xa sinto as miñas forzas medrar, coma se ardesen

cun viño novo. Azos teño agora
para aventurarme polo mundo adiante,

para aturar toda a dor e toda a dita
da Terra, para loitar coas treboadas

e non tremer co escachamento do naufraxio.

Unha nube formouse encol de min...

a lúa acocha a súa luz...

a lámpada devece.

Xorden vapores... lóstregos vermellos
cruzan en torno á cabeza... e da bóveda
baixa un arrepío que me apreixa.

Eu ben o sinto, Espírito a quen prego,
ti estás a pairar ao meu redor.

¡Maniféstate!

¡Ah! ¡como se me racha o corazón!

Cara novos sentimentos

todos os meus sentidos se alporizan.

Sinto o meu corazón a ti rendido.

¡Faino, si, faino, aunque me custe a vida!

(Colle o libro e pronuncia misteriosamente o signo do Espírito da Terra. Xorde unha labarada vermelliza e

nela aparece o Espírito)

O ESPIRITU.

¿Quen me chama?

FAUSTO (*volvéndose*).

¡Visión arrepiante!

O ESPIRITU.

Ti me atraíches pola forza
e zugaches da miña esfera
e agora...

FAUSTO.

¡Ai! non te soporto.

O ESPIRITU.

Ti pregas, acorando, verme,
oír a miña voz, ollar a miña face;
o poderoso anxeio da túa alma
faima inclinar ¡e velaquí me tes!...

¡Que lamentable espanto, superhome,
te preme! ¿Onde está o berro da alma?
¿Onde o peito que en si creaba un mundo
e o levaba e sostíña, que tremante
de gozo se expandía para igualarse a nós,
os espíritos? ¿Onde estás

Fausto, de quen a voz chega ata min
e que con toda forza cara min te lanzaches?

¿Es ti quen no meu alento envolto
tremas ata o máis fondo do teu ser coma un verme
que cheo de medo torce o seu camiño?

FAUSTO.

¿Hei ceder ante ti, figuración da chama?

¡Eu, que son Fausto, que son o teu igual!

O ESPIRITU.

Nas ondas da vida e nos trebóns da acción
vou para riba e para baixo,
móvome de acá para aló.

Nacemento e tumba,
un mar eterno,
un obrar cambiante,
un ardente vivir.

así traballo no bruante tear do tempo
e tezo o vivo vestido da divindade.

FAUSTO.

Ti que vagas a través do vasto mundo,
Espírito infatigable, ¡que perto de ti me sinto!

O ESPIRITU.

Aseméllaste ao Espírito que ti concibes,
¡a min non! (*Desaparece*).

FAUSTO (*caendo abatido*).

¡A ti non!

¿A quen, logo?

¡Eu, a imaxe de Deus!

¡E nin sequera a ti!

(*Petan.*)

¡Malia! xa sei quen é... o meu fámulo...
¡Velaí desfeita a miña dita máis fermosa!
¡Que ese zorro pailán veña turbar
todas estas visións maravilosas!

WAGNER *en bata e pucho de durmir, cunha lámpada na man. FAUSTO, encabuxado, vólvese de costas.*

WAGNER.

¡Perdoade! Oínvos declamar;
¿líades, se cadra, unha traxedia grega?
Quería aproveitar tamén desa arte
porque é cousa que vale moito hoxe.
Oín fachendear non poucas veces

que un actor pode dar leccións a un crego.

FAUSTO.

Si, cando o crego é asemade actor,
como pode pasar de cando en cando.

WAGNER.

¡Ai! se un no seu museo vive pechado
e a penas olla o mundo un día de festa
desde lonxe, a través dun longavista
¿coma ha poder guialo pola verba?

FAUSTO.

Se non o sentides non o conseguiredes,
se non vos sae con forza da alma
e cun engado de raigaña fonda
non ides conquistar o corazón do público.
Seguide sentados, pegados con cola,
facede un ragout coa enchente de outro
e soprando na vosa borralla
sacade unha chama miserenta.

Será marabilla de nenos e micos
se eso é o que vos gorenta...

pero nunca chegaredes aos corazóns
se non vos sae do corazón o que dicides.

WAGNER.

Porén é a verba o que ao orador dá o triunfo;
eu ben sinto que estou moi atrasado.

FAUSTO.

¡Que el busque logo un gaño honrado!
¡Que non sexa un bufón a soar os axóuxeres!

A razón e o bon sentido
con pouca arte se entenden;
e se en verdade tedes algo que dicir,
¿é necesario andar á caza de palabras?

Si, as vosas parolas tan brillantes,
rizadas florituras que ofrecedes
á humanidade, son tan despracentes
como o vento neboento que no outono
pasa rosmando polas follas secas.

WAGNER.

¡Ai Deus! a arte é longa
e curta a nosa vida.

Pero nos meus esforzos críticos
sinto a miúdo un desacougo
no peito e na cabeza. ¡Que difícil
é conseguir os medios para poder
remontar ata as fontes verdadeiras!

E denantes de que chegue á metade do camiño
un pobre diaño pode moi ben morrer.

FAUSTO.

¿É o pergamiño a fonte sagrada
da que un grollo para sempre apaga a sede?

Endexamais atoparás conforto
se non deita da túa propia alma.

WAGNER.

¡Perdón! é un gozo moi grande
guindarse no espírito dos tempos;
ver o que un home sabio antes de nós pensou
e como chegamos ao cabo dun longo camiño
a cousas tan marabillosas.

FAUSTO.

¡Ai si, deica as estrelas!
Meu bon amigo, os tempos do pasado
un libro son para nós de sete selos.
O que chamades espírito dos tempos

é, no fondo, o propio espírito dos señores
no que os tempos se reflicten.
¡E isto é, certo, unha mágoa moitas veces!
Para escorrentarvos á primeira ollada.
Un caldeiro do lixo ou un trasteiro
é, todo o máis, unha desas traxedias
de feira, chea de máximas pragmáticas
que quedan tan ben na boca dos títeres.

WAGNER.

¡Pero o mundo! ¡E o corazón e o espírito do home!
Todos queren saber algo deso.

FAUSTO.

¡Si, o que chaman saber!
¿Quen pode ao neno dar o seu nome xusto?
Os poucos homes que algo sabían deso,
dabondo tolos para non gardar
o que no encheito corazón levaban
e revelar á plebe as súas visións
e sentimentos desde sempre
foron crucificados e queimados.

Mais, meu amigo, a noite esta avantada
e, por esta vez, imos deixalo.

WAGNER.

Eu tería seguido de boa gana
a escoitarvos dicir cousas tan doctas.
Pero mañá, primeiro día de Pascua,
ides permitirme que vos faga
unha ou dúas preguntíñas, pois con celo
dediqueime a estudar e, sen dúbida,
anque moito xa sei, queren saberlo todo. (*Vaise*)

FAUSTO (*só*).

¡Como nunca se esvae toda esperanza
da cabeza, decote apegada
a cousas que carecen de substancia!
Con cobizosa man escava
na busca de tesouros e é feliz
se, por ventura, atopa unha miñoca.
¿Pode unha semellante voz humana
erguerse aquí, onde me arrodeaba
unha chea de espíritos? Pero ¡ai!
por esta vez teño que agradecercho
a ti, dos fillos da terra o máis minguado.
Ti arrincáchesme dese desespero
que o sentido quería aniquilarme.
¡Ai! tan enorme era a aparición
que, de certo, me sentía un anano.
Eu, imaxe de Deus, que xa me cría
perto do espello da verdade eterna
a gozar do esplendor e claridade
do ceo, libre xa da condición
do que é fillo da terra, máis aínda
ca un querubín; a libre enerxía
do cal se gababa, coma nun presentimento,
de correr xa polas veas da natura
e gozar, pola súa forza creadora,
da vida dos divinos; ¡como agora
hei expiar esta fachenda miña!
Unha verba tronante guindoume.
Non podo pretender a ti igualarme:
anque tivese a forza para atraerte,
non a tería, en troques, para reterte.
Sentíame nese intre venturoso
tan pequeno e tan grande;

ti rexeitáchesme cruel
ao incerto destino humano.
¿Quen ha de ensinarme? ¿que debo evitar?
¿Debo a ese impulso obedecer?
¡Ai! as nosas mesmas accións, igual cás nosas mágoas
atrancan o camiño da nosa vida.
Contra o que o espírito enxerga coma excelso
preme materia sempre máis estraña,
cando acadamos os bens deste mundo
ao mellor chaman ilusión e engano.
Os nobres sentimentos que nos deron a vida
entalecen no balbordo da terra.
Mentres a fantasía, en voo ousado
e cheo de esperanza, se expande cara o eterno,
un espacio pequeno élle agora dabondo
cando as ditas naufragan no remuíño do tempo.
A coita aniña logo no profundo
do corazón e causa alí secretas dores;
desacougada axítase turbando
gozo e repouso e de contino ponse
máscaras novas, podendo aparecer
coma casa e facenda, coma muller e fillo,
coma lume, auga, puñal, veneno.
Tremas por todo o que non te atinxe
e has chorar sempre polo que non perdes.
¡Non son igual aos deuses! Eso síntoo
ben no fondo de min; eu son igual
ao verme que no po escaravella
e que nel, onde vive e se alimenta,
o pé do camiñante esmaga e enterra.
¿E non é po, de certo, o que me afoga
desta alta parede chea de estantes?
¿A trapallada que con mil lilailas
neste mundo de couzas me reclúe?
¿Hei de atopar aquí o que me falta?
¿En milleiros de libros hei de ler
quizais que os homes sempre e en todas partes
se atormentaron e que acá e alá
houbo algún que chegase a ser feliz?
¿Por que ti me sorrís, baleiro cranio?
Como non sexa porque o teu cerebro,
confuso un tempo, coma o meu, buscase
o día lixeiro e no solpor penoso
vagara lamentable co anxeio da verdade.
Vosoutros, instrumentos, non hai dúbida
que de min vos burlades, con esas rodas
e eses dentes, cilindros e variñas:
eu estaba na porta, vós debiades
ser a chave; e inda que o voso paletón,
a barba, é crecha, o ferrollo non erguestes.
De xeito misterioso, a natura non deixa
que ao día claro lle arrouben o seu veo
e o que ela revelar non quere ao teu espírito
con pancas e parafusos non llo vas arrincar.
Ti, trasto vello que xamais usei,
ti estás aquí soamente porque o meu pai te usou.
Ti, vello pergamiño, estás xa feluxento
do fume que botou por tanto tempo
a turba lámpada encol deste pupitre.
¡Mellor tería feito en gastar o meu pouco
que aquí suar agora cargado co seu peso!
O que dos teus pais herdaches
adquíreo para posuílo.

O que non se aproveita é unha carga pesada,
só o que o instante crea pode el aproveitar.
Mais ¿por que a miña ollada se fixa naquel sitio?
¿Aquel frasco será un imán para os ollos?
¿Por que esta amable claridade, de súpeto,
coma o luar que na fraga nos envolve?
¡Eu saúdote, redoma senlleira,
que con respecto baixo dese estante!
En ti venero o enxeño e a arte do home.
Ti, substancia dos benéficos somníferos,
ti, extracto das subtís forzas da morte,
¡amósalle ao teu mestre o teu favor!
Ao te mirar a miña dor alíviase,
ao te coller a miña angustia mingua.
A fervenza do espírito pouco a pouco se acalma.
Cara a alta mar eu véxome levado,
o espello das ondas resplandece aos meus pés
e cara orelas novas me engada un novo día.
Sobre ás lixeiras, un carro de lume
descende cara min. Síntome presto
a cruzar o éter por un novo vieiro
cara novas esferas de actividade pura.
¡Esta alta vida, esta divina dita!
Ti, verme aínda, ¿es dela merecente?
Si, se resolto te volves de costas
ao garimoso sol da terra.

Atrévete valente a rempujar as portas
polas que a xente soe pasar de largo.
Chegado é o tempo de probar con feitos
que a dignidade do home en nada cede
á excelsitude dos deuses; non tremer
diante da escura cova na que para o seu propio
tormento a fantasía se condena;
pugnar cara á pasaxe en que ao redor
da súa estreita boca o inferno labarea;
e decidir sereo dar tal paso
mesmo co risco de se esluír na nada.
¡Ven logo acó, pura vasilla cristalina!
¡Sae da túa vella caixa na que nunca
eu reparei en moitos anos! Ti
nas ledas festas dos meus pais lucías
e aledabas aos hóspedes máis graves
cando pasabas da man de un á doutro.
A profusión de artísticas figuras
que había explicar en verso o bebedor
e beber logo o vaso dun gulapo,
lémbreme moitas noites xuvenís.

Agora xa non vou ofrecerte a un veciño
nin verbo da túa arte amosar o meu enxeño.
Hai aquí un zume que emborracha axiña;
cunha onda escura enche o teu baleiro.
O que eu preparei, o que escollín,
o grolo derradeiro, sexa agora,
coma saúdo de festa, coa alma toda,
en honor ofrecido da mañá.

(Leva a copa aos beizos)

Tanxer de campás e canto coral.

CORO DOS ANXOS.

¡Cristo resucitou!

Ledicia para o mortal
que abafan as miserias
pérfidas e malignas,
hereditarias.

FAUSTO.

¿Que fondo murmurio, que claro son
arreda con forza dos meus beizos a copa?
¿É que anunciades xa, roucas campás,
a primeira hora da festa da Pascua?
¿Vós, coros, xa entoades o canto de consolo
que noutrora soaba na noite do sepulcro
dos labios dos anxos para dar a coñecer
unha nova alianza?

CORO DAS MULLERES.

Con aromas unxímolo
nós, as súas fieis,
e na tumba o puxemos;
envolvímolo todo
con panos e con vendas
con moito coidadiño,
e atopamos que Cristo
¡ai! xa non está aquí.

CORO DOS ANXOS.

¡Cristo resucitou!
Feliz é quen ama
e a proba aturou
dolorosa, traballosa
pero salvadora.

FAUSTO.

¿Por que, voces do ceo, poderosas
e dondas, me buscades no po?
Ide soar alá onde se atopan
os homes tenros. Eu escoito ben
a mensaxe pero fáltame a fe;
o milagre é o fillo máis amado
da fe. Non ouso remontarme
a esas esferas onde a boa nova
resoa; pero afeito desde neno
a ese son, vólveme á vida aínda hoxe.
Outrora o beixo do celeste amor
descía femente sobre min na grave
calma do sábado; e daquela soaba
de premonicións chea a grande badalada
e rezar era un gozo apaixonado;
un anxeio de engado incompreensible
me apuxaba a vagar por bosques e prados
e baixo un mar de ardentes bágoas
sentía nacer un mundo en min.
Este canto anunciaba os ledos xogos
da mocidade, a libre dita
das festas da primavera; e arestora,
cun sentir infantil, o recordo
me detén cando estou para dar
o paso serio e derradeiro.

¡Soade arreo, celestes cantos doces!
¡Sóltase a bágoa e a terra volve a termel!

CORO DOS RAPACES.

Se o sepultado
ascendeu xa
gloriosamente
á vida excelsa,
se do devir no goce
el se atopa a carón
da ledicia creadora,
¡ai! no seo da terra
seguimos para sufrir.
El ten deixado aos seus

esmorecendo aquí;
¡ai! Mestre noso ¡como
choramos a túa dita!
CORO DOS ANXOS.

Cristo resucitou
do fondo da podremia,
¡rachade con ledicia
os vosos atadallos!
Vosoutros que con obras
o louvades, que amor
dades e que ao famento
fraternalmente alimentades,
que a viaxar predicades
e gozos anunciades,
o Mestre áchase perto,
¡para vós xa está aí!

DIANTE DA PORTA DA CIDADE

Saen por ela paseantes de todas as clases.

UN MOZOS ARTESÁNS.

¿Por que, logo, por aquí?

OUTROS.

Imos á casa do monteiro.

OS PRIMEIROS.

Pero nós dirixímonos ao muiño.

UN DOS MOZOS.

O meu consello é de ir ao encoro.

UN SEGUNDO.

O camiño para alá é máis ben malo.

OS SEGUNDOS.

¿E ti, logo, que fas?

UN TERCEIRO.

Eu vou cos outros.

UN CUARTO.

Ídevos a Burgdorf pois alí atoparedes
as rapazas máis lindas e a cervexa mellor
e liortas de primeira calidade.

UN QUINTO.

Ti, amigo da troula,

¿próeche o coiro por terceira vez?

Eu non vou, dáme horror ese lugar.

UNHA CRIADA.

¡Non, non! Eu vólcome para a vila.

OUTRA.

De certo que o atopamos xunto daqueles álamos.

A PRIMEIRA.

Non é para min unha gran sorte;

el hase poñer do teu lado

e só contigo bailarás.

¡nada me importan os teus goces!

A OUTRA.

Seguro que hoxe non estará só,

dixo que o crecho viría con el.

ESCOLAR.

¡Raio! ¡Que andares teñen esas bravas mozas!

Ven, meu irmán, temos que acompañalas.

Unha cervexa forte, un tabaco picante

e unha moza enfeitada eso é o que me gorenta.

BURGUESIÑA.

¡Ora mira aqueles rapaces lanzais!

Éche, de certo, unha vergonza:

podendo ter a mellor compañía

corren seguindo a esas criadas.

SEGUNDO ESCOLAR (*ao primeiro*).

¡Non teñas tanta présa! alí atrás veñen dúas
moi ben vestidas e aqueladas
unha delas é a miña veciña
e a cativa, abofé, moito me gusta.

Van ao seu paso pequeniño
e á fin levarannos con elas.

O PRIMEIRO.

¡Non, meu irmán! Non me gusta liarme.

¡Axiña! Non perdamos esa boa caza.

A man que no sábado manexa a vasoira
ha de acariñar-te moi ben o domingo.

BURGUÉS.

Non me gusta nada o novo burgomestre,
desde que o é dáse máis importancia.

¿E que é o que fai en favor da vila?

¿Non vai todo a peor cada día?

Hai que obedecer agora máis ca nunca
e pagar moito máis ca denantes.

MENDIGO (*a cantar*).

Meus bons señores, donas fermosas,
tan elegantes e de boa cor

volvede os ollos cara min

e a miña miseria mirade e aliviade.

¡Non deixedes que me laie en van!

Só é feliz quen pode dar.

Que este día de festa para todos
sexa para min día de colleita.

OUTRO BURGUÉS.

Non hai nada mellor para min

nos domingos e festas que parolar

de guerras e do balbordo de loitas

cando alá lonxe, na Turquía,

se baten os pobos uns cos outros.

Un está na fiestra a beber o seu vasiño

vendo esvarar pola auga os barcos

de cores variadas, e despois no serán

voltar ledos para a casa, bendicindo

a paz e os tempos nos que ela reina.

TERCEIRO BURGUÉS.

Si, meu señor veciño, eso quero eu tamén,
que eles escachen as cabezas,

que todo ande encerellado;

pero na casa seguir coma antes.

UNHA VELLA (*ás burguesiñas*).

¡Que enfeitadiñas van! ¡Ai, o sangue novo!

¿quen pode resistirse ao voso engado?

¡Pero menos fachenda, abonda xa!

O que arelades sabería eu procuralo.

UNHA BURGUESIÑA.

¡Ímonos Agathe, que me dá vergonza
andar en público con estas bruxas!

Porén ela me fixo ver na noite

de San Andrés ao meu amador futuro.

A OUTRA.

A min amosoumo no cristal,

de soldado, con outros valentes;

pero anque miro arredor e o busco

por todas as partes, non o dou atopado.

SOLDADOS.

Castelos de altos

muros e ameas,

nenas bulreiras

e presumidas

conquistar quero.
¡Ousado é o empeño,
o gaño xurdio!
E que as trompetas
soen vibrantes
quer para a ledicia
quer para o estrago.
¡Este é un asalto!
¡Esta é boa vida!
Nenas e castelos
han de rendirse.
¡Ousado é o empeño,
o gaño xurdio!
Logo os soldados
seguen camiño.
FAUSTO e WAGNER.

FAUSTO.

Ríos e regatos líbranse do xío
pola ollada doce e vivificante
da primavera. Verdece no val
a dita da esperanza e o vello
inverno, xa feble, retírase
aos montes fragosos, desde onde,
fuxindo, nos manda chuveiras
frouxas de auganeve que rachan
a vasta chaira verdecente;
pero o sol nada branco atura,
síntese en torno xestación e pulo,
el todo quer con cores animar
mais como no campo non hai flores,
pon non seu canto xente adobiada.
Vólvetes agora para mirar
desde estes altos a cidade.
Pola porta oca e sombriza
sae un xentío variado.
Van gozar hoxe todos da raxeira,
celebran a resurrección do Señor
pois eles mesmos resucitaron
dos cabáns afogados das casas baixas,
dos abafallos de oficio e fábrica,
da opresión de faios e teitos,
da estreiteza ofegante das rúas,
da noite solemne das igrexas:
todos se foron cara á luz,
olla como se espalla a xente
polos campos e polos xardíns,
como o río, ao longo e ao ancho,
leva unha chea de alegres botes
e como cargada ata afundirse
se alonxa esta última barca.
Mesmo dos distantes carreiros
do monte vemos resaltar
traxes de vivas cores. Escoito xa
o balbordar da aldea; aquí está
para o pobo o ceo verdadeiro:
ledos berran grandes e nenos:
aquí son home, aquí podo selo.

WAGNER.

Pasear convosco, señor doctor,
a máis de honroso é de proveito;
Pero non vagaría só por estes sitios
porque aborrezco todo o groseiro.
Soar de violíns, berros, xogo de bolos

fan un barullo que me enrabia;
esbardallan coma endiañados
e a eso chaman diversión e canto.
LABREGOS *debaixo do tileiro.*

Baile e canto.

O pastor aquelouse para o baile
con chupa de cores variadas,
cunha fita e mais unha coroa
que mesmo velo daba xenio.

Había xa arredor do tileiro
unha chea de xente e todos
estaban a bailar coma tolos.

¡Hei,hei!

¡Hiri, hiri, ha!

rañaba o arco do violín.

El meteuse a empuxóns de présa
e a unha rapaza deulle co cóbado;
a fresca moza virouse e díxolle:
o que fixeches é unha parvada.

¡Hei, hei!

¡Hiri, hiri, ha!

Non hai que ser tan malcriado.

A roda viraba moi rápida,
bailaban á dereita e á esquerda
e todas as saias voaban.

Estaban vermellos e acesos
e collían folgo brazo con brazo.

¡Hei, hei!

¡Hiri, hiri, ha!

E cadeira contra cóbado.

¡E non sexas tan confianzudo!
que non son poucos os que deixaron
á moza enganada e plantada.

Pero el seguía a agarimala
e so do tileiro había gran barullo.

¡Hei, hei!

¡Hiri, hiri, ha!

Berrar e rascar de violín.

VELLO LABREGO.

Señor doutor, é ben fermoso
non nos ter hoxe desdeñado
e que un sabio coma vós
veña pasalo con esta xente.
Tomade, logo, o mellor xerro
que enchemos de bebida fresca
e que eu ergo desexando
que, ademais de aliviarvos a sede,
o número das súas pingotas
se engada ao dos vosos días.

FAUSTO.

Acepto a bebida fresqueira
e a todos saudíña e gracias.

(A xente ponse en círculo ao redor del)

VELLO LABREGO.

Abofé que atopo moi a xeito
presentarvos nun día tan ledos;
pois outrora, en días ben malos,
con nosoutros fostes bon.

Hai aquí máis de un con vida
porque o voso pai o salvou
no último momento dunhas febres
cando el puxo remate ao andazo.

Entón vós tamén, inda mozo,

íades ás casas dos doentes;
moitos cadáveres levaron
pero vós con saúde saístes
despois de pasar duras probas:
que Deus axuda ao axudador.
TODOS.

¡Saúde ao home sabedor
e que poida axudar moitos anos!
FAUSTO.

Inclinádevos ante o de enriba
que ensina a axudar e que axuda.

(Vaise con Wagner)

WAGNER.

¡O que debes sentir ti, gran home,
perante a honra desta xente!
¡Feliz aquel que dos seus dons
tal vantaxe pode sacar!
O pai amósate ao seu rapaz,
a xente pregunta e acode
e o violín cala e para o que baila.
Ao ti pasar póñense en ringleira
e as puchas voan polo ar;
e case chegan a axeonllarse
coma ao paso do sacramento.

FAUSTO.

Inda algúns pasos máis ata a pedra de enriba
onde descansaremos da nosa camiñata.

Aquí sentei a miúdo só a pensar,
mortificándome con rezos e xexún.

Moi rico de esperanza, firme na fe,
crendo que con bágoas, suspiros, pregos
ía acadar do Señor dos ceos
que rematase con aquela peste.

O aplauso da xente paréceme agora unha mofa.

¡Ouh se puideses ler nos meus adentros
verías que moi pouco merecentes
eran o pai e o fillo daquela honra!

Meu pai era un escuro home de ben
que andaba a meditar sinceramente
sobre a natura e os seus sagrados círculos,
pero ao seu xeito, cun tesón quimérico;

e na compañía dos seus adeptos
pechábase na moura cociña
e segundo receitas sen termo

mesturaba os contrarios. E entón
o vermello león, ousado pretendente,
nun baño morno casaba coa azucena
e logo os dous, dunha nupcial alcoba noutra,
eran cun flamexante lume atormentados.

Aparecía entón con variadas cores
a xove raíña no interior do vaso:

xa estaba alí a menciña e os doentes morrían
e ninguén preguntaba ¿quen sandou?

E así por estes vales e estes montes
coas nosas infernais apócemas
moito peores do que peste fomos.

Eu mesmo administrei a pezoña a milleiros:
eles finaron e agora hei ver louvados
os descarados asasininos.

WAGNER.

¡Como podedes preocuparvos por eso!
¿Non fai dabondo un home de ben

con exercer, concienzudo e puntual
a arte que lle foi transmitida?
Se, coma mozo, queres honrar ao teu pai,
has recoller de boa gana o seu herdo
e se, xa home, a ciencia acrecentares,
pode máis altos fitos acadar o teu fillo.

FAUSTO.

¡Feliz quen inda pode esperar
a emerxer deste mar do erro!
O que non se sabe é xusto o que se precisa
e o que se sabe non ten uso ningún.
¡Pero non deixemos que ideas tan tristes
veñan amargar esta hora fermosa!
Olla como aos lumes do solpor
cintilan as chouzas de verdor rodeadas.
O sol avanza e desaparece, o día finou,
e aquel corre a animar nova vida ben lonxe.
¡Ouh, se eu tivese ás para erguerme do chan
e seguir por sempre atrás del!
No eterno raio do serán vería
o mundo calado aos meus pés,
acesos os outeiros e os vales todos calmos
e o regato de prata fluír en correntes de ouro.
O bravo monte con todas as súas gorkas
atranco non sería para a carreira divina;
xa o mar coas súas quentes calas
se abre ante os meus ollos abraiados.
Porén, o deus, ao cabo, semella xa afundirse;
pero en min desperta un novo pulo
e sigo a présa para beber a súa luz eterna,
o día diante miña e atrás a noite,
o ceo sobre min e embaixo as ondas,
un belo soño mentres el se esvae.
¡Ai! que difícil é que ás ás do espírito
poida axuntarse unha corporal.
Pero todos sentimos o innato anxeio
de ascender e avanzar cando enriba
de nós, no espacio azul perdida,
lanza a laverca o seu canto engadador;
cando sobre os cumios esgrevios cubertos de piñeiros
a aguía plana coas súas grandes ás
e por riba de chairas e de lagos
o grou retorna ao seu país natío.

WAGNER.

Eu tamén tiven moitas veces horas
visionarias, pero xamais sentín
un pulo semellante; abonda xa
co que un pode ver de campo e bosque;
eu nunca envexarei a á do paxaro.
¡De que maneira tan distinta
as ledicias do espírito nos levan
de libro en libro e de folla en folla!
As noites inverneiras fanse entón
belas e amables e un gozo de vivir
quenta do noso corpo os membros todos
e ¡ai! se, por caso, desenrolas
un nobre pergamiño, entón
o ceo enteiro descende sobre ti.

FAUSTO.

Ti soamente te decatas dese pulo.
¡Non chegues nunca a coñecer os outros!
Dúas almas ¡ai! viven no peito meu,
unha quere da outra separarse:

unha, en violento anxeio amoroso,
axúntase ao mundo con órganos que apreixan;
a outra érguese con forza do po
cara ás rexións dos sublimes devanceiros.

Se houber espíritos no ar
a bulir dominantes entre o ceo e a terra,
¡baixade, logo, da dourada néboa
e levádeme lonxe á nobre e rica vida!
¡Ouh, quen me dese ter un manto máxico
que me levase a terras estranxeiras!
Polo máis caro traxe non o trocaría,
nin tan sequera por un manto real.

WAGNER.

Non chames a esa banda ben coñecida
que en tropel pola atmosfera se estende
e que por todas partes mil perigos
prepara aos homes. Desde o norte vén
contra ti o dente agudo dos espíritos,
de linguas aceiradas coma frechas;
do oriente chegan desecando todo
e aliméntanse dos teus pulmóns;
se o mediodía os bota do deserto
e arredor da túa testa amorean ardores,
trae o oeste un enxame que, ao comezo,
refresca, pero despois a ti e aos campos
e máis aos prados asolaga.

Gústalles axexar para logo facer mal
e obedecen de grado para despois enganarnos;
como enviados do ceo se presentan
e menten cun anxélico murmurio.

¡Pero marchemos! ¡O mundo está xa gris,
o aire refrescou e cae a néboa!

É no serán cando se estima máis a casa...
Mais ¿por que estás aí quedo a mirar abraiado?
¿Que pode impresionarte no solpor?

FAUSTO.

¿Ves aquel mouro can que cruza searas e restrebas?

WAGNER.

Hai xa tempo que o vin sen lle dar importancia.

FAUSTO.

Fíxate ben, ¿que animal cres que é?

WAGNER.

Un can de augas que, ao seu xeito,
busca afouto o rastro do amo.

FAUSTO.

¿Non te decatás que, en ancha espiral,
corre arredor de nós, máis perto cada vez?

E se non me equivoco deixa atrás del
un regueiro de lume ao pasar.

WAGNER.

Non vexo máis ca un cadelión negro;
podería ser que os ollos vos enganen.

FAUSTO.

Paréceme que lenes e máxicos vencellos
vai pondo aos nosos pés para logo atarnos.

WAGNER.

Eu véxoo saltar arredor de nós
temeroso e incerto porque, en vez do amo,
atopa dous descoñecidos.

FAUSTO.

¡O círculo estréitase, perto xa está!

WAGNER.

Ora ves que é un can e non unha pantasma.

Rosma e dubida, déitase de panza
e move o rabo. Son os xeitos dun can.

FAUSTO.

¡Ven canda nós, achégate!

WAGNER.

É un cadelinho un pouco tolo.
Se te paras, agarda tranquilo,
se lle falas vai cara ti,
se algo perdes el cho traerá
e botarase á auga detrás do teu caxato.

FAUSTO.

Tes, abofé, razón; non vexo ningún rastro
de espírito nel, todo é adestramento.

WAGNER.

Un can, cando está ben criado,
faise querer mesmo dun home sabio.

Si, todo o teu favor merece
este excelente alumno dos estudantes.

(Entran pola porta da cidade.)

CUARTO DE ESTUDIO

FAUSTO *(entrando co cadelo)*.

Abandonei campos e prados
cubertos de noite profunda
cun santo e agoreiro espavento
que esperta a nosa alma mellor.

Agora os impulsos violentos
dormen con todo obrar impetuoso;
o amor dos homes xorde entón
e tamén xorde o amor de Deus.

¡Quedo, canciño! deixa de correr
de acó para aló, ¿Que cheiras aquí na soleira?

Vaite deitar detrás da estufa,
dareiche o meu mellor coxín.

Ti que acolá no carreiriño
da montaña nos divertías
co teu correr e cos teus choutos,
accepta agora os meus coidados
coma hóspede calmo e benvido.

¡Ai! cando na nosa estreita cela
a lámpada amiga volve a arder,
vén claridade ao noso peito,
no corazón que a si se coñece.

Volve a razón a falar de novo
e a esperanza a florecer,
un anxeira os regatos da vida,
¡ai! a mesma fonte da vida.

¡Non rosmes, cadelo! Cos santos acentos
que envolven agora toda a miña alma
o berro animal non atrinca.

Estamos afeitos a que os homes se burlen
daquelo que non entenden,
que refunguen do bon e fermoso
para eles adoito enfadoso;

¿Quere o can roñar coma eles?

Pero ¡ai! xa non sinto, tendo a mellor vontade,
no meu peito xurdir ningún contentamento.

¿Por que ten de estiñar ese caudal tan logo
e outra volta quedarmos con sede?

Delo teño experiencia dabondo.

Mais esa falta pode remediarse:
aprendemos a estimar o supraterrrestre,
arelamos a revelación
que en ningures reloce máis digna e fermosa

ca no Novo Testamento.
Sinto o degoro de abrir o texto antigo
e cunha enteira lealdade
traducir o sagrado orixinal
á miña amada lingua alemana.
(*Abre un volume e dispense ao labor.*)
Escrito está: «No comezo era o Verbo».
¡Aquí dubido xa! ¿Quen me axuda a seguir?
Eu non podo estimar tan alto o Verbo,
teño que traducilo doutro xeito
se do Espírito estou ben iluminado.
Escrito está: No comezo era a Mente.
Medita ben sobre a primeira liña,
¡que a túa pluma non se precipite!
¿Será a Mente o que todo fai e crea?
Debía pórse: No comezo era a Forza.
Pero namentres esto escribo
algo me advirte que aí non vou quedar.
O Espírito vén na miña axuda e vexo
a solución de súpeto e, seguro,
escribo: No comezo era a Acción.
Se hei compartir contigo o cuarto,
canciño, deixa de ouvear,
deixa de ladrar.
Non podo aturar a carón
un compañeiro tan molesto.
Un de nosoutros dous
ten que deixar a cela.
Sinto faltar á hospitalidade.
A porta está aberta e podes liscar.
¡Pero o que eu vexo!
¿Pode ser cousa natural?
¿Será unha sombra ou será realidade?
¡Cal medra o meu cadelo ao longo e máis ao ancho!
Érguese con forza.
¡Esta xa non é figura de can!
¡Vaia pantasma que trouxen para a casa!
Agora semella un hipopótamo
con ollos de lume e dentes terribles.
¡Ouh! xa sei quen ti es.
Para eses enxendros do inferno
vai ben a clavícula de Salomón.
ESPIRITOS (*no corredor*).
¡Un está preso aí dentro!
¡Quedade fóra, que ninguén o siga!
Como o golpe caído no cepo
debátese un vello lince infernal.
Pero ¡atención!
planade por aquí e por alá,
arriba e abaixo,
e el ha de ceibarse.
Se axudalo podedes,
non o deixedes só
pois a todos nos fixo
xa favores dabondo.
FAUSTO.
Para enfrontarme de entrada co animal
empregarei a fórmula dos Catro:
Arda a Salamandra,
retórzase a Ondina,
o Silfo desapareza
e o Trasno se afoute.
Quen non coñeza

os Elementos,
a súa forza
e propiedades,
non ha mandar
sobre os espíritos.
¡Esváete en chamas,
Salamandra!
¡Flúe en vaga bruante,
Ondina!
¡Cintila en belo meteoro,
Silfo!
¡Trae axuda para a casa,
Incubo, Incubo!
Comparece e remata.
Ningún dos Catro
se acha no Animal.
Deitado moi tranquilo, ri cara min burleiro;
eu non lle fixen mal aínda.
Agora vas oírme
conxuros ben máis fortes.
¿Es ti, compañeiro,
un fuxido do inferno?
¡Mira logo este signo
diante do que se inclinan
as negras falanxes!

E xa se incha cos pelos ourizados.

¡Réprobo ente!
¿Ti podes lelo?
¿O nunca enxendrado,
o inexpresable,
espallado por todos os ceos,
criminalmente traspasado?
Arredado detrás da estufa,
ínchase coma un elefante;
todo o espacio vai encher
e quere en néboa esvaecerse.
¡Pero non subas ata o teito!
¡Deitate aos pés do teu Mestre!
Ves que non ameazo en van.
¡Quemareite co sagro lume!
¡Non agardes
a chama tres veces ardente!
¡Non agardes
a máis podente das miñas artes!

MEFISTÓFELES (*sae de detrás da estufa, vestido coma un escolar vagante, ao tempo que a néboa se esvae*).

¿Por que este barullo? ¿En que podo servir ao señor?

FAUSTO.

Este era, logo, o cerne do cadelo.
¿Un escolar vagante? O caso faime rir.

MEFISTÓFELES.

¡Os meus saúdos ao docto señor!
Fixéstesme suar ben bravamente.

FAUSTO.

¿Como te chamas?

MEFISTÓFELES.

Pregunta ben cativa
para quen tanto despreza a palabra
e que lonxe de toda aparencia
soamente arela profundar nos seres.

FAUSTO.

En vós, meus señores, adoito polo nome
o ser ben claramente se revela

cando vos chaman deus das moscas, corruptor, mentireiro.

Ora ¿quen es logo ti?

MEFISTÓFELES.

Unha parte da forza
que sempre quere o mal e sempre fai o ben.

FAUSTO.

¿Que quere dicir esa frase enigmática?

MEFISTÓFELES.

¡Eu son o espírito que sempre nega!

E con razón; pois todo o que nace
merece ser aniquilado;

mellor fose, pois, que nada nacera.

Así, canto vós chamades pecado,
destrucción, en suma o mal,
é o meu elemento propio.

FAUSTO.

¿Dis que es unha parte e aparécesme enteiro?

MEFISTÓFELES.

Direiche a modesta verdade.

Se o home, ese pequeno mundo tolo,
adoita terse por un todo...,

eu son parte da parte que ao comezo era todo,

unha parte da tebra que a luz pariu,

a luz orgullosa que agora á nai noite

o seu vello rango e o espacio disputa;

mais non o consegue malia os seus esforzos,

sempre está adherida firmemente aos corpos.

Xorde dos corpos e fainos fermosos,

un corpo detén o seu paso;

espero que non dure moito

e cos corpos rematará.

FAUSTO.

¡Agora me decato da túa digna misión!

Como en grande nada podes destruír,

empezas agora co pequeno.

MEFISTÓFELES.

E con eso, de certo, pouco acado.

O que á Nada se contrapón,

ese Algo, este mundo groseiro,

anque moitas veces o tentei,

nunca puiden a xeito atinxilo

con ondas, trebóns, terremotos, lumes...

¡Ao cabo mar e terra seguían calmos!

Da ralea maldita de animais e de homes

nada agora se pode sacar:

¡Cantos non teño xa enterrados!

E volve a circular un sangue novo e fresco.

¡Así vai todo, é para enfurecerse!

Do mar e máis da auga, igual como da terra

se desprenden xermes a milleiros,

no seco, no húmido, no quente, no frío.

Se non me tivese reservado a chama

nada propio tería para min.

FAUSTO.

¡Desta maneira á acción eterna

do poder creador que salva

opós o frío puño do Demo

que se crispa solerte en van!

Busca comezar outra empresa

extravagante fillo do caos.

MEFISTÓFELES.

Pensarémolo, de certo,

a próxima vez falaremos.

¿Podo marcharme por esta vez?

FAUSTO.

Non sei por qué mo preguntas.

Agora xa ben te coñezo,
visítame cando queiras,
velaquí a fiestra e a porta
e a cheminea tamén a tes alí.

MEFISTÓFELES.

Hei confesarche que un pequeno
obstáculo me impide marchar:
esa estrela de cinco puntas
que está na vosa soleira...

FAUSTO.

¿O pentagrama faiche mal?

Entón dime, fillo do inferno,
se el te detén ¿como entraches?

¿como un espírito así se deixou enganar?

MEFISTÓFELES.

¡Óllao ben! Está mal debuxado,
unha punta, a que tira para fóra,
áchase, como ves, un pouco aberta.

FAUSTO.

¡A sorte fíxoo ben a xeito!

¿Daquela ti vés ser o meu prisioneiro?

¡Velaquí un triunfo inesperado!

MEFISTÓFELES.

Nada viu o cadelo cando el choutou aquí,
pero a cousa toma agora outro aspecto:

o Demo non pode saír desta casa.

FAUSTO.

¿E por que non te vas pola ventá?

MEFISTÓFELES.

Hai unha lei de demos e pantasmas:
eles teñen que saír por onde entraron;
libres para o primeiro, somos escravos para o segundo.

FAUSTO.

¿Daquela o mesmo inferno ten as súas leis?

Paréceme excelente; ¿así podería eu
concluir con vós, señores, un pacto ben seguro?

MEFISTÓFELES.

O que se che prometa has gozalo sen falla,
nada delo se che ha de quitar.

Pero esto non é cousa que se poida tratar
tan brevemente, e deso axiña
habemos de falar; agora prégoche
que me deixes marchar por esta vez.

FAUSTO.

Queda aínda un instantiño
para me contar algo agradable.

MEFISTÓFELES.

¡Agora déixame ir! Volverei de contado.

Entón poderás preguntar canto queiras.

FAUSTO.

Eu nada fixen por atraparte,
ti mesmo te deixaches caer na rede.

¡Quen ao Demo pillou debe retelo
que non o collerá tan axiña outra vez!

MEFISTÓFELES.

Se ti queres eu tamén estou presto
para quedarme aquí a te facer compañía,
pero coa condición que hei ocupar o teu tempo
dignamente coas miñas artes.

FAUSTO.

Vereino con agrado, procede libremente;
sempre que as artes sexan agradables.

MEFISTÓFELES.

Sacarás, meu amigo, máis proveito
para os teus sentidos nesta hora
que na monotonía de todo un ano.
O que os leviáns espíritos che canten,
as belidas visións que che han traer
non son un van xogo de maxia.
Tamén o teu olfato ha deleitarse,
o padal ha de ter despois o seu gozo
e, ao cabo, vas quedar encantado.
Non é mester preparaci3n ningunha,
xa estamos todos xuntos, ¡comezade!

ESPIRITOS.

¡Desaparecede
bóvedas escuras!
¡Que aquí o éter azul
amistoso olle
reverquendo engado!
¡Que as nubes pardentas
se esvaian axiña!
Cintilan estrelas,
soles máis lenes
locen alí.

Fillos do ceo,
belos espíritos
en dondas curvas
pasan planando.
Saudoso aneiro
sígueos aló;
e as fitas voantes
dos seus vestidos
cobren os campos
e a ramallada
na que os amantes
ensimesmados
se dan por vida.
¡Máis ramallada!
¡Viñas que agroman!

A uva rechea
cae no lagar
e xurran del
regos de viño
escumeante
a escorregar
por nobres xemas,
deixando atrás
os altos montes
e logo abríndose
en vastos lagos
para ledicia
de outeiros verdes.
E a caste alíxera
aspira gozo,
voa para o sol,
voa para as illas
escintilantes
que se bambean
riba das ondas;
onde exultantes
coros ouvimos
e nas pradeiras

vemos danzantes
a divertirse
ao libre ar.
Algúns gavean
ata os curutos
mentres que outros
nadan nos lagos
e outros aínda
planan no ar;
todos cara á vida,
cara á lonxidade
de estrelas amantes
que dita prometen.
MEFISTÓFELES.

¡Dorme! Moi ben, rapaces tenros e leviáns,
soubéstelo arrolar ben a xeito.

Por este concerto estou con vós en débeda.

¡Ti non es inda quen para reter ao demo!
Con visións doces engadade o seu sono
e afundídeo nun mar de ilusión;
mais para crebar o encanto da soleira
hei mester dun dente de rata.

Non terei que facer longos conxuros
que unha xa corre aquí e axiña me vai oír.

O Señor das ratas e dos ratos,
das pulgas, sapos, chinches e piollos
mándache facer acto de presenza
e que roias esta soleira
coma se estivese de aceite untada...

¡Xa te vexo chegar choutando!

¡Mans á obra! A punta que me rexeitou
é aquela de diante, onda o bordo.

Unha chantada máis e é cousa feita...

E agora, Fausto, segue a soñar ata vernos de novo.

FAUSTO (*espertando*).

¿Enganáronme, logo, outra vez?

¿O pulo do espírito de tal xeito devece
que un soño mentireiro me fixo ver o Díaño
e que un cadelo se me escapase?

CUARTO DE ESTUDIO

FAUSTO e MEFISTÓFELES.

FAUSTO.

¿Chaman? ¡Adiante! ¿Quen virá de novo a amolarme?

MEFISTÓFELES.

Son eu.

FAUSTO.

¡Adiante!

MEFISTÓFELES.

Tes que o dicir tres veces.

FAUSTO.

¡Adiante, logo!

MEFISTÓFELES.

Así me gustas.

Espero que nos haberemos de entender;

pois para quitarche as tuas manías
como nobre fidalgo me presento

en traxe vermello gornecido de ouro,

o capotiño de rexa seda,

pluma de galo no chapeu

e cunha espada longa e picuda;

e aconséllote con toda franqueza

que te vistas da mesma maneira

para que, libre e sen pexas, aprendas

a coñecer o que é a vida.

FAUSTO.

Con calquera traxe hei sufrir, certo, a mágoa
desta minguada vida terrenal.

Son de máis vello para andar xogando
e de máis mozo para estar sen desexos.

¿Que é o que pode ofrecerme e min o mundo?

¡Ti debes renunciar! ¡renunciar debes!

Esta é a eterna canción

que soa no oído de todos,

que ao longo da nosa vida

nos canta cada hora con voz rouca.

Pola mañá esperto espaventado

e queredría chorar bágoas amargas

ao ver o día que, na súa carreira,

non ha cumprir un só dos meus desexos,

que mesmo o anuncio dun pracer

con críticas teimudas aminora

e que o pulo creador do meu femente peito

couta coas mil trangalladas da vida.

E despois, cando a noite descende,

hei deitarme no leito cheo de angustia

e alí tampouco atoparei descanso

pois feros soños veñen asustarme.

O deus que habita no meu peito

pode axitar o cerne do meu ser,

pero anque manda sobre as miñas forzas

cara fóra nada pode facer;

e así para min a existencia é unha carga,

a morte desexable, odiosa a vida.

MEFISTÓFELES.

E porén non é a morte un hóspede moi grato.

FAUSTO.

¡Feliz aquel a quen, no brillo da victoria,

cinxe arredor das tempas o sanguento loureiro

ou aquel que, despois dun bailar atolado,

o atopa ela nos brazos dunha rapaciña!

¡Ai, quen me dera, ante o poder do alto Espírito,

encantado afundirme librando a alma!

MEFISTÓFELES.

E porén houbo algún naquela noite

que certo zume escuro non chegou a apurar.

FAUSTO.

Semella que che gusta a espionaxe.

MEFISTÓFELES.

Omnisciente non son, pero sei moito.

FAUSTO.

Se da terrible barafunda

me sacou un doce son coñecido

enganando co eco dun tempo feliz

o resto de infantil sentimento,

arrenego de todo o que a alma ensarilla

cunha trama de engados e ficcións

e a ten cativa nesa caverna de dor

con artes ilusorias e falangueiras.

¡Maldita, ante todo, a alta opinión

coa que a si mesmo se apreixa o espírito!

¡Maldita a ilusión da aparencia

que aos nosos sentidos se impón!

¡Malditos os soños hipócritas

de gloria e sona duradeiras!

¡Maldito o falago dos bens,

de muller e fillo, criados e terras!

¡Maldito Mammon cando con riquezas
nos incita a ousadas accións
ou cando, para ocioso pracer,
nos pon a xeito o almofadón!

¡Maldito o balsámico zume do acio!

¡Maldito o goce supremo do amor!

¡Maldita a esperanza! ¡Maldita a fe!

¡E maldita, sobre todo, a paciencia!

CORO DE ESPIRITOS (*invisible*).

¡Ai dor! ¡ai dor!

¡Ti destruíches

con forte puño

o belo mundo

que cae e se desfai!

¡Un semideus esnaquizouno!

Nosoutros levamos

o seu entullo á nada

e carpimos

pola perdida fermosura.

Ti, o máis poderoso

dos fillos da terra,

ven reconstruílo

máis xurdio aínda,

¡refaino no teu peito!

¡Unha nova vida

comeza

con sereno sentir

e cantos novos

canda ela soen!

MEFISTÓFELES.

Estes son os pequenos

dos meus.

¡Escoita con que vella sabenza

a gozar e a obrar te aconsellan!

Atraerte queren

cara ao vasto mundo,

lonxe da soidade

na que devecen

sentidos e humores.

Deixa xa de xogar coa tua mágoa

que como un voitre te rilla a vida.

Coa peor das compañías has sentir

que ti es un home entre homes.

Pero eso non quere dicir

que te has mesturar coa xentalla.

Eu non son un suxeito importante;

pero se queres seguir comigo

os teus pasos pola vida,

eu acepto de boa gana

a ser teu xa desde agora.

Eu o teu compañeiro son

e, se che parece ben,

o teu servidor, o teu criado.

FAUSTO.

¿E, a cambio, que hei facer por ti?

MEFISTÓFELES.

Para eso tes aínda moito tempo.

FAUSTO.

¡Non, non! O demo é un egoísta

e non fai de grado polo amor de Deus

o que é de proveito para outro.

Dime ben claras as túas condicións

pois un criado así trae perigo para a casa.

MEFISTÓFELES.

Quero poñerme aquí ao teu servizo,
e a un sinal teu bulir sen demoranza,
e se no alén volvemos a atoparnos
has facer o mesmo por min.

FAUSTO.

O alén non me dá maior coidado;
se este mundo derrubas e esnaquizas,
que xurda o outro cando queira.
Desta terra dimanan os meus gozos
e este sol aluma as miñas dores;
se un día teño que afastarme deles
que pase o que poida e teña que pasar.
Non quero oír máis nada de se no futuro
tamén se odiará e amará
e se tamén nesas esferas
hai un arriba e un abaixo.

MEFISTÓFELES.

Nese caso, podes logo arriscarte,
comprométete e verás con pracer
nestes días as miñas artes.
Dareiche o que ninguén inda non viu.

FAUSTO.

¿Que queres ti darme, pobre diaño?
¿O espírito dun home, nos seus altos anceios,
foi xamais comprendido dun dos teus?
¿Tes quizás comidas que non fartan,
ouro vermello que, sen parar,
como azougue se che escoa pola man,
un xogo no que nunca se gaña,
unha nena que, achegada ao meu peito,
ao veciño lle chisca o ollo,
ou o divino pracer da gloria
que se esvae coma un meteoro?
Amósame o froito que apodrece denantes que o collan
e árbores que reverdecen cada día.

MEFISTÓFELES.

Ese encargo non me asusta nada,
podo proporcionar tales tesouros.
Pero, meu bon amigo, ha vir tamén un tempo
en que algo bo queiramos saborear en paz.

FAUSTO.

¡Se tranquilo chegase a deitarme nun leito
de preguiza, sexa daquela a miña fin!
Se con afagos puideses facer
que me sentise de min satisfeito,
se co pracer enganarme puideses...
¡sexa o meu derradeiro día!

¡Fágoche a aposta!

MEFISTÓFELES.

¡Acepto!

FAUSTO.

¡Choquemos as mans!
Se eu dixer ao intre que pasa:
¡Detente! ¡ti es tan fermoso!,
entón podes cargarme de cadeas,
entón consinto en sucumbir.
Entón pode a campá tanxer a morto
e libre quedarás do teu servizo;
pode o reloxo pararse, caer a agulla,
¡o tempo para min rematou!

MEFISTÓFELES.

Pénsao ben, non o habemos de esquecer.

FAUSTO.

Neso estarás no teu total dereito;
non me comprometín con lixeireza,
cando me decido son escravo,
teu ou doutro ¿que máis ten?

MEFISTÓFELES.

Hoxe mesmiño irei como criado
servir no banquete doutoral.
¡Só unha cousa!...Polo que poida pasar,
querería pedirche un par de liñas.

FAUSTO.

¿Tamén queres un escrito, ti, esixente?
¿Non sabes o que é un home e a palabra dun home?

¿Non é de abondo que a miña palabra
comprometa para sempre os meus días?
Unha chea de correntes bulen no mundo
¿e unha promesa así había de determe?

Esa ilusión, porén, no corazón levamos
¿quen quere de bon grado liberarse dela?
Feliz quen leva pura a lealdade no peito,
¡non se arrepentirá de ningún sacrificio!

Pero un pergamiño escrito e co selo
é unha pantasma que a todos dá medo.

A palabra morre xa na pluma
e a cera e a pel son señoras.

¿Que queres ti de min, espírito maligno?

¿Bronce, mármore, pergamiño, papel?

¿Hei escribir con estilo, cínzel, pluma?

Deixarei que ti escollas libremente.

MEFISTÓFELES.

¿Como podes caer tan de súpeto
nesa vacua parola acalorada e extrema.

Calquera folliña é boa para o caso.

Ti has firmar cunha pinguíña de sangue.

FAUSTO.

Pois se con eso che abonda,
paso por tal trapallada.

MEFISTÓFELES.

O sangue é un zume moi especial.

FAUSTO.

¡Non teñas medo de que rompa o pacto!

O afán de todo o meu pulo
é xustamente o que prometo.

Incheime de orgullo excesivo
e son soamente do teu rango.

O gran Espírito desdeñoume,
ante min zárrase a natura.

Rompeuse o fío do pensar,
todo saber hai tempo que me anoxa.

¡Nas fonduras da sensualidade
habemos acalmar as nosas paixóns ardentes!

¡Que baixo impenetrables máxicos mantos
estean prestas as marabillas todas!

¡Guindémonos no balbordo do tempo,
no rolar do acontecer!

Poden, daquela, dores e gozos,
éxitos e fracasos, alternar, como veña;

o home ten que actuar sen tregua

MEFISTÓFELES.

Non tedes medida nin límite.

Se queredes langrear por aí
e coller algo ao paso, proveito

vos faga o que vos guste.

¡Botade a man, logo, sen timidez!

FAUSTO.

Entende que non se trata de pracer.

Eu doume á vertixe, ao gozo máis doloroso,
á querida xenreira, á coita que consola.

O meu peito, curado da sede de saber,
xa non se pechará a ningún sufrimento
e o que a toda a humanidade se concede
quero gozalo no meu ser máis íntimo,
captar co meu espírito o máis alto e o máis fondo,
o seu ben e a súa dor apreixar no meu peito
e así o meu propio ser estender ata o seu
e tamén, coma ela, á fin naufragar.

MEFISTÓFELES.

Creme a min, que por milleiros de anos
veño rillando ese duro manxar,
que desde o berce ao cadaleito
non hai home que poida dixerir
o vello fermento. Cre a un coma min:
ese Todo só está feito para un Deus.

El áchase rodeado de eterno resplandor,
a nosoutros na tebra nos deixou
e para vós tan só hai día e noite.

FAUSTO.

¡Pero eu quero!

MEFISTÓFELES.

¡Non che falta razón!

Emporiso de algo teño medo:
o tempo é curto, a arte longa.

Penso que deberíades informarvos.
Asociádevos con un poeta, deixade
que o señor divague en pensamentos
e amoreade na vosa gloriosa cachola
todas as nobres cualidades:

a coraxe do león,
a lixeireza do cervo,
o sangue ardente do italiano,
a teimosía do Norte.

Deixade que atope para vós
o segredo de unir a magnanimidade
coa astucia, e de vos namorar
co pulo ardente da mocidade,
segundo un plan. Eu mesmo querería
coñecer a un tal señor:
chamaríao o señor Microcosmos.

FAUSTO.

¿Que son eu, logo, se non é posible
acadar a coroa da humanidade
que arelan todos os meus sentidos?

MEFISTÓFELES.

Ti es, ao cabo,...o que ti es.

Ponte pelucas de millóns de rizos,
mete os teus pés en medias dunha vara,
ti sempre seguirás a ser o que es.

FAUSTO.

Xa o vexo, en van arrapañei
os tesouros do espírito do home,
e cando, por final, veño sentarme
ningunha forza viva xorde no íntimo;
non estou nin un pelo máis arriba,
non me atopo máis perto do infinito.

MEFISTÓFELES.

Meu bon señor, vedes as cousas

como adoito elas son vistas;
habemos ser máis intelixentes
antes de que o gozo da vida de nós fuxa.
¡Que diaño! tanto as mans coma os pés
e a cabeza e o c... son teus;
pero todo o que eu gozo femente
¿é por eso menos meu?
Se podo pagar seis cabalos,
¿non son miñas as súas forzas?
Monto con brío e son home de prol
coma se vintecatros pernas tivese.
¡Animo, logo! ¡Deixa de cismar
e ven ao mundo canda min!
Dígoche que un tipo que especula
é coma un animal nun campo ermo
que, levado dun espírito malo,
anda a dar voltas, mentres todo arredor
se estenden fermosos prados verdes.

FAUSTO.

¿Como empezamos?

MEFISTÓFELES.

Irémonos aquí.

¿Que lugar de martirio é este?

¿Pode chamarse, de certo, vida
aburrirse un e aburrir aos rapaces?

¡Deixa eso para o veciño, o señor Bandullo!

¿Para que atormentarte mallando na palla?

O mellor que poidas saber
non llo debes dicir a eses mozos.
Veño de oír a un deles no corredor.

FAUSTO.

Non me é posible recibilo.

MEFISTÓFELES.

O pobre rapaz leva tempo agardando,
non se debe marchar sen algún conforto.
Anda, dáme o teu roupón e o teu pucho,
o disfrace quedárame estupendo.

(cambia de vestido.)

¡E agora confía no meu enxeño!

Só preciso dun cuarto de hora.

Ti, mentres, prepárate para a fermosa viaxe.

(Fausto vaise.)

MEFISTÓFELES *(co longo traxe de Fausto).*

Desprecia, logo, razón e ciencia,
a máis alta forza do home;
afírmate co espírito da mentira
en obras de ilusión e de maxia
e así serás xa meu sen condicións...

O destino deulle un espírito
que decote sen pexas turra para diante

e que no seu pulo atropelado
chouta por riba das ledicias da terra.

Arrastrareino a un vivir turbulento
por unha chata vulgaridade.

El hase debater, entesar, enligar
e no seu desexo insaciable

verá recuar ante os ávidos beizos

bebidas e manxares; pregará, en van, conforto
e anque non se tivese dado ao diaño

habería porén de afundirse.

Entra un ESTUDIANTE.

ESTUDIANTE.

Hai pouco que cheguei aquí

e veño coa maior devoción
falar e coñecer a un home
que todos nomean con respecto.
MEFISTÓFELES.

¡Moito me parece a vosa cortesía!
O que vedes é un home coma outros.
¿Mirastes xa por outras partes?
ESTUDIANTE.

Prégovos que tomedes interese por min.
Eu veño cheo dos mellores ánimos
con algún diñeiro e sangue mozo;
a miña nai non quería que me fose
pero eu desexaba aprender algo bon.
MEFISTÓFELES.

Daquela estades no lugar a xeito.
ESTUDIANTE.
Porén, se hei ser franco, xa queredes voltar:
onda estes muros, nestes recintos
non me sinto nin miga a gusto.
Este é un espacio moi estreito,
non se ve nada verde, non hai árbores
e nesas salas e nesas bancos
nin oio, nin vexo, nin penso.
MEFISTÓFELES.

Eso é soamente cuestión de costume.
Tampouco o neno colle de seguido
de boa gana o peito da nai,
pero non tarda en mamar con gorenca.
Havos pasar o mesmo nos peitos do saber
que cada día son máis gustosos.
ESTUDIANTE.

Con ledicia quero prenderme do seu colo;
Mais decideme, ¿como poderei conseguilo?
MEFISTÓFELES.

Antes de ir máis adiante habedes dicir
que facultade queredes escoller.
ESTUDIANTE.

Desexaría chegar a ser moi sabio
e coñecer o que hai na terra
e máis no ceo, a ciencia e a natura.
MEFISTÓFELES.

Daquela estades no bon camiño;
pero non debedes deixarvos distraer.
ESTUDIANTE.

A eso entrégome en corpo e alma;
porén, agradaríame, abofé,
algo de liberdade e diversión
nas tan fermosas festas do verán.
MEFISTÓFELES.

Usade ben do tempo, que se vai á carreira,
pero con orde aprenderedes a gañalo.
Aconséllvos logo, caro amigo,
de primeiras o Collegium Logicum.
Alí han de adestrarvos ben o espírito,
en botas españolas encaixado
para que despois con máis prudencia
esvare polo vieiro do pensar
e non ande de cacho para cribo
a vagar coma un lume fatuo.
Ensinaranvos logo en moitos días
que o que adoitábades facer dunha vez,
como o comer e beber en total liberdade,
hai que facelo contando ¡un, dous, tres!

A fábrica dos pensamentos, en verdade,
vén ser para min coma un tear
no que o pedal move mil fíos
e a nezcra vai de acá para alá,
os fíos corren invisibles
e un golpe produce mil enlaces.
O filósofo comparece e próbavos
que elo debe ser deste xeito:
se o primeiro é así e o segundo así,
o terceiro e o cuarto han ser así,
e se non houber primeiro nin segundo
non habería tampouco terceiro nin cuarto.
En todas partes louvan eso os estudantes
pero ningún chega a ser tecedor.
Quen quere coñecer e describir algo vivo
o primeiro que busca é quitarlle o espírito,
daquela ten na man todas as partes
mais fáltalle, endemal, o espiritual vencello.
A eso chama a química *encheiresin naturae*,
búrlase de si mesma anque non se decata.

ESTUDIANTE.

Non podo entendervos de todo.

MEFISTÓFELES.

Eso ha de mellorar dentro de pouco
cando aprendades a reducir todo
e clasificalo axeitadamente.

ESTUDIANTE.

Tan atordoado fiquei con eso
coma se unha roda de muíño
me dese voltas na cabeza.

MEFISTÓFELES.

¡Logo, denantes de calquera outra cousa,
tedes que metervos coa metafísica!
Captaredes daquela cunha fonda intuición
o que ao cerebro humano non se axeita;
e para o que nel entra ou non entra
tedes sempre disposta unha espléndida verba.
Mais sobre todo neste medio ano
habedes de observar unha orde rigorosa.
Teredes cinco horas de lección cada día;
¡ao que soe a campá habedes de estar dentro!
Debedes prepararvos ben de antemán,
ben aprendidos todos os parágrafos
para que logo poidades mellor ver
que o mestre non di nada que non estea no libro;
porén escribide con grande celo
coma se vos dictase o Espírito Santo.

ESTUDIANTE.

¡Non precisades dicirmo dúas veces!
Ben me decato do útil que é eso;
pois o que se ten negro sobre branco
un pode levalo tranquilo para a casa.

MEFISTÓFELES.

¡Escollede, logo, unha facultade!
ESTUDIANTE.

Pola xurisprudencia non sinto maior gusto.
MEFISTÓFELES.

Non podo tomárvolo moi a mal,
sei o que sucede con esa materia.
Leis e dereitos veñen por herdo
coma unha eterna enfermidade,
pasan dunha xeración a outra
e esténdense da pouco de lugar en lugar.

A razón faise erro e a boa acción malfado;
¡desgraciado de ti por seres neto!

Do dereito connosco nacido,
dese, endemal, nunca se fala.

ESTUDIANTE.

Acrecentades a miña aversión.
¡Feliz quen reciba o voso ensino!
Case desexo agora estudar teoloxía.

MEFISTÓFELES.

Non queredes inducirvos en erro.
No que a esa ciencia se refire
é tan difícil evitar o mal camiño
e tanta pezoña acochada nel se atopa
que a penas se pode distinguir da menciña.

Tamén aquí o mellor é escoitar só a ún
e xurar sobre a palabra do mestre.

¡En suma...atédevos ás palabras!
Entraredes entón pola porta segura
no templo da sabedoría.

ESTUDIANTE.

Mais na palabra ten que haber un concepto.

MEFISTÓFELES.

¡Certo! Pero non hai que agoniar;
pois xusto alí onde os conceptos faltan
preséntase a tempo unha palabra.

Con palabras faise doado disputar,
con palabras constrúese un sistema,
nas palabras podemos crer a xeito,
dunha palabra nin un til pode quitarse.

ESTUDIANTE.

Perdoade que os reteña cunha chea de preguntas,
pero aínda hei de enfastiarvos algo máis.

¿Non queredes dicirme tamén
algo importante sobre a medicina?
Tres anos son un tempo moi curto
je o campo, meu Deus, é tan vasto!

Pero cando un ten quen o guíe
máis doadamente adiantará.

MEFISTÓFELES (*á parte*).

Estou xa farto deste ton sisudo,
hei volver a xogar o rol do Demo.

(*En voz alta.*) O espírito da medicina é doado de abranguer,
estudiades a fondo o pequeno e o gran mundo

para que despois todo vaia
segundo o que lle praza a Deus.

Van sería pescudar sobre temas científicos,
cada ún aprende só o que pode aprender;
pero quen sabe aproveitar o bon momento
ese é o home axeitado.

Vós tedes bastante boa fasquía
e audacia non vos ha faltar tampouco
e se en vós mesmo tedes confianza
as outras almas confiarán en vós.

Sobre todo aprendede a levar as mulleres.

As súas eternas dores e queixumes,
que son de mil maneiras,
cúranse a partir *dun* só punto

e con que sexades unha miga decente
terédelas a todas baixo o pucho.

Un título daralles, de entrada, confianza
de que a vosa arte é a mellor de todas;
xa de primeiras tentádelles as cousiñas
que outros tardan anos en palpar;

habedes saber tomar ben o pulso
e cunha ollada ardente e ladina
apreixar a xeito a súa donda cadeira
para ver se van apertadas de máis.

ESTUDIANTE.

¡Eso xa parece mellor! Pois vese o onde e o como.

MEFISTÓFELES.

Gris, caro amigo, é toda teoría
e verde a árbore de ouro da vida.

ESTUDIANTE.

Xúrovos que estou coma nun soño.
¿Podería molestarvos outra vez
para escoitar a fondo a vosa sabedoría?

MEFISTÓFELES.

Con moito gusto, ata onde eu poida.

ESTUDIANTE.

Non me é posible marchar de aquí
sen presentarvos antes o meu álbum.

¡Prégovos esa mostra do voso favor!

MEFISTÓFELES.

¡Está ben!

(Escribe e devólvelle o álbum.)

ESTUDIANTE *(a ler)*.

"Eritis sicut Deus, scientes bonum et malum".

(Pecha o álbum con respecto e despídese.)

MEFISTÓFELES.

Segue só o vello dito e á miña curmá a serpe,
¡anque a Deus semellante, has ter temor un día!

Entra Fausto.

FAUSTO.

¿Onde iremos agora?

MEFISTÓFELES.

Onde ti queiras.

Imos ver o mundo cativo e logo o grande.

¡Con que ledicia e con que proveito
vas seguir este curso de moca!

FAUSTO.

O que hai é que con esta barba longa
non vou ter un xeito sinxelo.

O ensaio non vai saír ben;

nunca souben moverme no mundo.

¡Síntome diante doutros tan pequeno!

Sempre me hei sentir azarado.

MEFISTÓFELES.

Meu bon amigo, todo ha de arranxarse,
ao que teñas en ti confianza saberás vivir.

FAUSTO.

¿Como imos saír logo da casa?

¿Onde tes cabalos, criado e coche?

MEFISTÓFELES.

Non hai máis que estender esta capa,
ela ha levarnos polos aires.

Pero para esta atrevida viaxe

non has levar un gran fardelo.

Prepararei un pouco de ar inflamable
que ha de erguernos axiña sobre esta terra.

E ao que sexamos leviáns, subiremos de présa.

¡Felicidades no novo curso da túa vida!

A TABERNA DE AUERBACH EN LEIPZIG

Xuntanza de alegres compañeiros.

FROSCH.

¿Ninguén bebe? ¿Ninguén ri?

¡Xa vos vou ensinar a poñer caras!

Palla mollada pareceades hoxe,
vosoutros que adoito labareades.
BRANDER.
A culpa é túa; nada nos traes.
nin parvada nin godallada.

FROSCH (*vérquelle na cabeza un vaso de viño*).

¡Aí tes as dúas!

BRANDER.

¡Porco dobrado!

FROSCH.

¡Vos o quixestes e había que selo!

SIEBEL.

¡Os que porfían collan a porta!

¡Cantade en roda con todo o peito,
embebedádevos, berrade ben!

¡Ei! ¡Hola! ¡Hu!

ALTMAYER.

¡Ai de min, estou amolado!

¡Veña algodón! Rebentoume o oído.

SIEBEL.

Cando na bóveda resoa

a forza profunda do baixo, síntese mellor

FROSCH.

¡Xusto! Botade fóra quen todo toma a mal.

¡A, tara, lara, da!

ALTMAYER.

¡A tara, lara da!

Frosch.

As gorxas xa están acordadas.

(*Canta.*) ¿Como se mantén inda unido
o amado e santo Imperio Romano?

BRANDER.

¡Noxenta canción! ¡Foh! Unha canción política,

unha canción rallante. Dade cada mañá

gracias a Deus por non ter que coidaros

dese Imperio Romano. Eu, polo menos, penso

que é un choio para min non ser emperador

nin chanceler. Pero debemos ter un xefe;

hai que elixir un papa. Xa sabedes cal é

a calidade que decide e que ao home empoleira.

FROSCH (*canta*).

Bótate a voar, mestre reiseñor,

e leva dez mil saúdos ao meu amor.

SIEBEL.

¡Saúdos para a amada non! Deso nada quero oír.

FROSCH.

¡Saúdo e beixo para a amada! Non mo vas impedir.

(*Canta.*) Abre o ferrollo na noite calma.

Abre o ferrollo, meu amor vela.

Abre o ferrollo de mañá cedo.

SIEBEL.

¡Si, cántalle, cántalle, lóuvaa e gábaa!

Xa chegará o tempo de me eu rir.

De min burlouse e a ti farache o mesmo.

O mellor sería que lle tocasse un trasno

e reloucase con ela nalgunha encrucillada;

que un castrón vello de volta do Blocksberg

galopando lle dese a berrar as boas noites.

Un bravo mozo, de bon corpo e bon sangue

é moito ben para esa puta.

O meu saúdo non ha ser outro
que o de escarallarlle a fiestra.
BRANDER (*a bater na mesa*).
¡Atención, atención, escoitádeme!
Como ben sabedes, meus señores,
eu son un home moi cortés
e vendo que hai aquí namorados,
querería, segundo o costume,
ofrecerlles algunha cousiña
para que pasen unha boa noite.
¡Atendede! Será unha canción
do máis novo estilo, e vosoutros
corearedes con forza o retrouso.

(*Canta.*)

No celeiro había unha rata
que só vivía de graxa e manteiga
e botara unha barriguiña
coma a do doutor Lutero.
A cociñeira púxolle veneno
e entón sentiuse tan estreita no mundo
coma se tivese amor no corpo.

CORO (*a berrar*).

Coma se tivese amor no corpo.

BRANDER.

Corre para aquí, corre para alá,
vai beber de todas as pozas,
rilla e rabuña por toda a casa
pero a súa carraxe de nada servía;
daba, de medo, pinchacarneiros,
pero o pobre animal cansou axiña
coma se tivese amor no corpo.

CORO.

Coma se tivese amor no corpo.

BRANDER.

Chea de angustia, en pleno día,
foi correndo para a cociña,
caeu no lar, espernexando
e acorando que daba mágoa.

Pero a cociñeira ría
mentres a rata asubiaba
coma se tivese amor no corpo.

CORO.

Coma se tivese amor no corpo.

SIEBEL.

¡Como se divirten eses babilos!
¡Éche unha boa arte, abofé,
botarlle veneno a unha pobre rata!

BRANDER.

¿Daquela ti teslles moita lei?

ALTMAYER.

¡O barrigón da chola pelada!
A desgracia faino doce e tenro;
el ve nesta rata inchada
o seu verdadeiro retrato.

Entran FAUSTO e MEFISTÓFELES.
MEFISTÓFELES.

Antes de nada vou agora
levarte a una leda compañía
para que vexas que fácil é a vida.
O pobo ten festa a diario.
Con pouco siso e moito contento
dan voltas na roda do baile
coma gatos novos meneando o rabo.

Se non se queixan de dor de cabeza
e o posadeiro non lles pasa a conta,
séntense alegres e despreocupados.

Brander.

Eses acaban de vir de viaxe,
véselles no seu estraño xeito,
non hai unha hora que chegaron.

FROSCH.

¡De certo tes razón! ¡Meu Leipzig benquerido!
É un pequeno París e educa á súa xente.

SIEBEL.

Estes forasteiros ¿que pensas ti que son?

FROSCH.

¡Vou ver! Cun bon vaso de viño
sacarei aos rapaces o que levan no papo
como quen saca un dente de leite.

Seméllame que son de casa nobre,
teñen un aire arrogante e descontento.

BRANDER.

Aposto a que son uns charlatáns.

ALTMAYER.

Pode.

FROSCH.

Mirade, vou armarlles unha broma.

MEFISTÓFELES (a FAUSTO).

Esta xentiña nunca cheira o diaño
mesmo cando el os ten polo pescozo.

FAUSTO.

¡Meus saúdos, señores!

SIEBEL.

Mil gracias e á recíproca.

(*en voz baixa e ollando a MEFISTÓFELES de esguello.*)

¿Por que coxeará dun pé ese tipo?

MEFISTÓFELES.

¿Dades permiso para nos sentar a carón de vós?

Visto que aquí non hai boa bebida,
gozaremos, en troques, dunha boa compañía.

ALTMAYER.

Moi esixente pareceades ser.

FROSCH.

¿Partistes, quizais, moi tarde de Rippach?

¿Ceastes esta noite en cas do señor Hans?

MEFISTÓFELES.

Hoxe só pasamos por diante da súa casa;
a vez pasada parolamos con el.

Falounos moito dos seus curmáns
e deunos saúdos para todos eles.

(*Faille unha inclinación de cabeza a Frosch.*)

ALTMAYER (*en voz baixa*).

¡Velaí tes! ¡Non é parvo!

SIEBEL.

¡Un tío solerte!

FROSCH.

¡Agarda un pouco que xa o vou coller!

MEFISTÓFELES.

Se non me engano, vimos de escoitar
voces expertas a cantar a coro.

¡De certo o canto baixo desta bóveda
de marabilla ten que resoar!

FROSCH.

¿Sodes, se cadra, un virtuoso?

MEFISTÓFELES.

¡Oh, non! Grande é a afección, mais o talento pouco.

ALTMAYER.

¡Veña, logo, unha cántiga!

MEFISTÓFELES.

Se queredes, un cento.

SIEBEL.

Unha canción das máis recentes.

MEFISTÓFELES.

Xusto acabamos de volver de España,
o fermoso país do viño e das cancións.

(*Canta.*) Había unha vez un rei
que tiña unha pulga grande...

FROSCH.

¡Oíde! ¡Unha pulga! ¿Entendestes ben?

Lindo hóspede unha pulga, abofé.

MEFISTÓFELES (*canta*).

Había unha vez un rei
que tiña unha pulga grande
á que tenramente amaba
coma se fose a súa filla.

Chamou un día ao seu xastre
e mandoulle, ao que chegou,
tomarlle á nena as medidas
para un vestido e para uns calzóns.

BRANDER.

Non esquezades, sobre todo, de indicar
ao xastre que tome ben as medidas
e que se estima a súa cachola
coide que os calzóns non fagan pregos.

MEFISTÓFELES.

De veludo e máis de seda
a pulga fora vestida
con fitas encol do traxe
e mais unha cruz enriba.
De contado foi nomeada
ministra, cunha gran placa,
e todos os seus irmáns
tamén chegaron a ser
grandes señores na Corte.
Sen embargo os cortesáns
sentíronse moi molestos
e a raíña e a súa doncela
habían sufrir as chantadas
e picadas sen poderen
esmagala nin sequera
rañarse; mentres que nós,
cando nos pica unha pulga,
rañámonos e esmagámola.

CORO (*a berrar*).

Cando nos pica unha pulga,
rañámonos e esmagámola.

FROSCH.

¡Bravo, bravo! ¡Moi bonita!

SIEBEL.

¡Que a todas as pulgas lles pase igual!

BRANDER.

¡Estricade os dedos a modo e collédea!

ALTMAYER.

¡Viva a liberdade! ¡E tamén o viño!

MEFISTÓFELES.

Para honrar a liberdade eu bebería un vaso
se os vosos viños fosen un pouquiño mellores.

SIEBEL.

Non queremos oír eso dúas veces.

MEFISTÓFELES.

Se non temese o enfado do posadeiro,
invitaría a esta digna compañía
a probar algo bo da nosa adega.

SIEBEL.

¡Aceptado! Do outro encárgome eu.

FROSC.

Dádenos un bon vaso e habemos de louvarvos.

Mais que non sexan unhas probas cativas;
porque para formular un xuízo axeitado
cómpre ter a gorxa ben chea.

ALTMAYER (*en voz baixa*).

Osmo que estes son do Rin.

MEFISTÓFELES.

¡Dádeme unha barrena!

BRANDER.

¿Para que a precisades?

¿Non tedes os bocois diante da porta?

ALTMAYER.

Aló atrás puxo o patrón un cesto con ferramenta.

MEFISTÓFELES (*colle a barrena. A FROSC*).

Ora decide ¿cal queredes catar?

FROSC.

¿Como? ¿E que tedes varias clases?

MEFISTÓFELES.

Cada un pode pedir o que lle pete.

ALTMAYER (*a FROSC*).

¡Ahá! ti xa empezas a relamber os beizos.

FROSC.

¡Ben! podendo escoller, quero viño do Rin.

O que fornece a patria sempre é o mellor.

MEFISTÓFELES (*mentres fai un burato na beira da mesa cabo
do sitio en que está sentado FROSC*).

Traédeme un pouco de cera para facer uns tapóns.

ALTMAYER.

Ai, estes son trucos de prestidixitador.

MEFISTÓFELES (*a BRANDER*).

¿E vós?

BRANDER.

¡Para min champán

e que sexa ben escumoso!

MEFISTÓFELES (*fai outro burato; entrementes, un dos presentes que estivo a facer os tapóns de cera tapa
os buratos*).

BRANDER.

Non sempre se pode prescindir do estranxeiro,
a miúdo as boas cousas nos quedan ben lonxe.

Un alemán de lei non atura aos franceses
pero os seus viños bébeos con gorencia.

SIEBEL (*mentres MEFISTÓFELES se achega ao seu sitio*).

Hei confesar que o seco non me gusta,
a min dáeme un vaso do verdadeiro doce.

MEFISTÓFELES (*a furar*).

Agora vai xurrar para vosoutros tokay.

ALTMAYER.

¡Non, meus señores, mirádeme para a cara!

Vexo que estades a nos tomar o pelo.

MEFISTÓFELES.

¡Ei, ei! con xente distinguida

coma vós, sería moito atrevemento.

¡Axiña! Dicide francamente

¿que viño queredes que vos sirva?

ALTMAYER.

¡Calquera! E abonda de preguntas.

(Despois que se furaron e taparon todos os buratos.)

MEFISTÓFELES *(facendo estraños xestos).*

A viña leva acios

e cornos o castrón;

o viño é zumento, a cepa é madeira,
a mesa de madeira pode tamén dar viño.

¡Unha ollada fonda na natureza!

¡Aquí hai milagre, tedes que crelo!

E agora ¡fóra os tapóns e gozade!

TODOS *(ao tempo que quitan os tapóns e recollen en cadanseu vaso o viño preferido).*

¡Ouh a fonte fermosa que xurra para nós!

MEFISTÓFELES.

¡Tede coidado de non derramar nada!

(Beben e recuncan.)

TODOS *(a cantar).*

¡Sentímonos canibalmente ben,

igual que cincocentos porcos!

MEFISTÓFELES.

¡O pobo é libre, mirade o contento que está!

FAUSTO.

Agora eu queredo marchar.

MEFISTÓFELES.

Pero antes ides ver como a bestialidade
se manifesta espléndidamente.

SIEBEL *(bebe descoidadamente e o viño, ao se verter na terra, vólvese chama).*

¡Socorro! ¡Lume! ¡Socorro! ¡O inferno arde!

MEFISTÓFELES *(dirixíndose á chama)*

¡Acálmate, elemento amigo!

(Aos compañeiros.)

Esta vez só foi unha gota do lume do purgatorio.

SIEBEL.

¿Que é que? Agardade. ¡Ides pagalo caro!

¡Semella que vós non nos coñecedes!

FROSCH.

¡Deixa que o faga por segunda vez!

ALTMAYER.

Debemos dicirle que lisque de aquí caladiño.

SIEBEL.

¿Como, señor? ¿Poderá ter o atrevemento
de vir facer aquí os seus trucos?

MEFISTÓFELES.

¡Cala, vello pelullo de viño!

SIEBEL.

¡Mango de vasoira!

¿Inda te queres pór insolente connosco?

BRANDER.

¡Agarda que van chover paus!

ALTMAYER *(quita un tapón da mesa e do burato xorde lume sobre del).*

¡Eu ardo! ¡Eu ardo!

SIEBEL.

¡Meiguería!

¡Agarrádeo! ¡O tipo é un foraxido!

(Tiran de coitelos e bótanse sobre MEFISTÓFELES.)

MEFISTÓFELES *(con grave xesto).*

¡Forma e palabra falsas

muden senso e lugar!

¡Estade aquí e alá!

(Quedan aglaiados e mirándose un a outro.)

ALTMAYER.

¿Onde me atopo? ¡Que terra máis fermosa!

FROSCH.

¡Viñas! ¿Vexo ben?

SIEBEL.

¡E uvas ao alcance da man!

BRANDER.

Aquí baixo este verde lobio,
¡ollade que cepa! ¡ollade que acio!

(Colle a Siebel polo nariz. Os outros fan o mesmo entre si e erguen os coitelos.)

MEFISTÓFELES *(coma antes)*.

Erro, ¡quítalles a venda dos ollos!

E vede como o demo se chancea.

(Desaparece con Fausto mentres os outros se separan de súpeto).

SIEBEL.

¿Que pasa?

ALTMAYER.

¿Como?

FROSCH.

¿Era eso o teu nariz?

BRANDER *(a Siebel)*.

¡E o teu téñoo na man!

ALTMAYER.

¡Foi un pau que sentín en todo o corpo!

Traédeme unha cadeira que desmaio.

FROSCH.

Non, pero dicídeme ¿que pasou?

SIEBEL.

¿Onde está ese tipo? ¡Se o collo
non ha saír vivo de aquí!

ALTMAYER.

Vino marchar pola porta da adega
a escarranchapernas sobre un bocoi...

Os pés pésanme coma chumbo.

(Volvéndose cara á mesa.)

¡Vaia! ¿seguirá a xurrar o viño?

SIEBEL.

Todo foi engano, mentira e ilusión.

FROSCH.

Porén eu cría que estaba a beber viño.

BRANDER.

Pero ¿que era eso das uvas?

ALTMAYER.

¡Que me digan logo que non hai que crer en milagres!

COCIÑA DE BRUXA

Nunha lareira baixa unha caldeira grande está enriba do lume. No vapor que bota aparecen diversas formas. A carón da caldeira está sentada unha mica que a escuma e coida para que non reverta. O mico cos cativos áchase sentado onda ela a quentarse. As paredes e o teito vense enfeitados cos máis estraños trebellos de meiguería.

FAUSTO e MEFISTÓFELES.

FAUSTO.

¡Estes trastos de bruxa danme noxo!

¿Prométesme que hei de curarme
nesta estraña trapallada?

¿Hei pedir consello a unha vella?

¿E a súa cociña porcallenta
vaimen quitar do corpo trinta anos?

¡Pobre de min se non sabes de nada mellor!

Xa se me esvaeu toda esperanza.

A natureza ou algún nobre espírito

¿non terán descuberto un bálsamo para esto?

MEFISTÓFELES.

¡Con siso volves a falar, amigo!

Hai asemade un medio natural
para rexuveneceres; pero eso
áchase noutro libro, e é, por certo,
un capítulo marabilloso.

FAUSTO.

Querería coñecerlo.

MEFISTÓFELES.

¡Ben! Trátase dun remedio
que pode conseguirse sen diñeiro
nin médico nin tampouco bruxería.

Non tes máis que ir ao campo
e poñerte nel a picar e cavar,
mantendo o corpo e o espírito
dentro dun círculo moi reducido,
a comer alimentos puros
e a vivir coma besta entre bestas,
sen que teñas a mingua estercar
ti mesmo a leira en que has recolleitar.

¡Este, cremo, é o medio mellor
para te manteres mozo ata os oitenta!

FAUSTO.

Eu non estou afeito e non me axeitaría
a coller o sacho na man.

A vida estreita non me vai.

MEFISTÓFELES.

Daquela temos que ir onda a bruxa.

FAUSTO.

Pero ¿por que xustamente a esa vella?
¿Non podes ti mesmo preparar a poción?

MEFISTÓFELES.

¡Sería un fermoso pasatempo!

Mellor querería construír mil pontes.

Para este labor non bastan arte e ciencia,
cómpre, ademais, ter paciencia.

Un espírito tranquilo ten que dedicarlle anos,
o tempo só dá forza a tan subtil fermentación.

¡E todo o que para eso se precisa
son cousas moi marabillosas!

O Demo foi, de certo, quen a ela llo ensinou;
pero o Demo non o pode facer.

(Decatándose dos animais.)

¡Mira que casta tan galana!

¡Esta é a criada! ¡E este o criado!

(Aos animais.)

¿A dona non está na casa?

OS ANIMAIS.

Para andar de esmorga

marchou da casa

pola cheminea.

MEFISTÓFELES.

¿Canto tempo soe andar por aí?

OS ANIMAIS.

O que tardamos en quentarnos as patas.

MEFISTÓFELES *(a FAUSTO)*.

¿Que che parecen eses animalíños?.

FAUSTO.

¡Na miña vida vin nada máis parvo!

MEFISTÓFELES.

Non, esa maneira de falar

é xusto a que a min máis me gusta.

(Aos animais.) Decídeme logo, malditos bonecos,

¿que remexedes nesas papas?

OS ANIMAIS.

Unha abondosa galdrumada para pobres.

MEFISTÓFELES.

Debedes de ter moito público.

OMICO *(achégase e agarima a MEFISTÓFELES)*.

¡Bota os dados axiña
e faime rico
e déixame gañar!
Moi mal anda esto
e se eu tiver diñeiro
chencha tamén tería.

MEFISTÓFELES

¡Que feliz coidaría ser o mono
se tamén el puidese xogar á lotería!

(Os monos cativos estiveron mentres tanto a xogar cunha gran bóla que levan a rolos.)

OMICO.

Velaquí o mundo:
a subir e caer,
e rolar sen acougo;
coma vidro tintilla...
¡e que axiña se creba!
Oco por dentro está.
Por aquí brilla moito
e por aquí inda máis:
¡eu estou vivo!
Meu fillo querido
mantente arredado.
¡Ti tes que morrer!
El é de arxila,
hase facer cachizas.

MEFISTÓFELES.

¿Para que esta peneira?

OMICO *(descólga da parede).*

Se foses un ladrón
axiña me decataría.

(Corre para a mica e faina mirar a través da peneira).

¡Mira polo cribo!

¿Ti ves o ladrón

e non podes nomealo?

MEFISTÓFELES *(achegándose ao lume).*

¿E logo esa ola?

MICO E MICA.

¡Pero que parvo é!

¡Non recoñece a ola
e tampouco a caldeira!

MEFISTÓFELES.

¡Animal malcriado!.

OMICO

¡Colle aquí este mosqueiro
e ponte no sillón.

(Indica a MEFISTÓFELES que sente.)

FAUSTO *(que estivo todo este tempo diante dun espello, ora achegándose ora arredándose del).*

¿Mais que vexo? ¿Que imaxe celestial
neste máxico espello se amosa?

¡Préstame, Amor, a máis lixeira
das túas ás e lévame á súa terra!

¡Ai! se non me quedo neste sitio,
se é que me atrevo a achegarme,
só podo vela coma en néboa...

¡A máis fermosa imaxe de muller!

¿El é posible, é a muller tan fermosa?

¿Neste corpo estendido hei de ver
o resumo de todos os ceos?

¿Pode acharse na terra cousa igual?

MEFISTÓFELES.

De certo; se un deus traballa primeiro seis días
e logo ao remate di: ¡Bravo!,
algunha cousa a xeito ten que saír.

Polo de agora fártate de ollar,
haberei de atoparche un tesouríño así
e ben feliz será quen teña a sorte
de canda si levala coma noivo.

(FAUSTO segue a mirar no espello. MEFISTÓFELES, estricado no sillón, xoga co mosqueiro e continúa falando.)

Velaquí estou sentado coma o rei no seu trono,
a carón teño o cetro, só me falta a coroa.

OS ANIMAIS (que ata entón estiveron a facer ás toas toda clase de estraños movementos, tráenlle unha coroa a MEFISTÓFELES dando grandes berros).

¡Oh, señor! tede a bondade
de apegar esta coroa
con suor e máis con sangue.

(Van torpemente dun lado para outro coa coroa ata que a parten en dous anacos cos que se poñen a choutar todo arredor.)

¡Agora xa está feito!
Falamos e ollamos,
oímos e rimamos.

FAUSTO (cara ao espello).

¡Pobre de min! Vou perder o xuízo.

MEFISTÓFELES (senalando para os animais).

Tamén a min comeza a chola a darme voltas.

OS ANIMAIS.

E se esto nos sae ben
e se esto se arranxa
pensamentos serán.

FAUSTO (coma antes).

¡O peito comézame a arder!

¡Larguemos axiña daqui!

MEFISTÓFELES (na actitude precedente).

Polo menos hai que confesar
que eles son poetas sinceros.

(A caldeira, que a mica ata entón descoidara, comeza a reverter; xorde unha gran chama que sobe polo tubo da cheminea. A bruxa descende a través da chama cun berrar arrepiante).

A BRUXA.

¡Au! ¡Au! ¡Au! ¡Au!

¡Condenado animal! ¡porca maldita!

¡Descoidas a caldeira e abrasas á túa dona!

¡Condenado animal!

(Reparando en FAUSTO e MEFISTÓFELES.)

¿Esto que é?

¿Quen sodes vós?

¿Que é o que queredes?

¿Quen se meteu a furto aquí?

¡Que o tormento do lume

os ósos vos desfaga!

(Mete bruscamente a escumadeira na caldeira e esparexe chamuscas sobre FAUSTO, MEFISTÓFELES e OS ANIMAIS. Estes láianse.)

MEFISTÓFELES (dándolle volta ao mosqueiro que ten na man bate con el os vasos e as olas).

¡Escachado! ¡escachado!

¡Estradas as papas!

¡Estrados os vasos!

Esto só é unha broma,

eu marco o compás

para o teu canto, prea.

(Namentres a bruxa recúa chea de carraxe e de medo.)

¿Non me recoñeces? ¡Carcasa! ¡Espantallo!

¿Non recoñeces ao teu señor e amo?

¿Que me retén de mallarvos a paus

a ti e máis a eses espíritos-micos?

¿Non lle tes xa respecto ao vermello xubón?

¿Non recoñeces a pluma de galo?

¿Acochei, se cadra, a miña faciana?

¿Hei ter, quizás, que dar o meu nome?

A BRUXA.

¡Oh señor, perdoade tan groseira acollida!

Pero o pé de cabalo non o vexo.

¿Onde están, pois, os vosos dous corvos?

MEFISTÓFELES.

Por esta vez non che vou facer nada
porque hai moito tempo, abofé,
que non nos viamos os dous.

A cultura que a todo o mundo lambe
tamén ao demo se estendeu;

a pantasma do norte xa agora non se amosa:

¿onde ves cornos, rabo e poutas?

E tocante ao pé, que tanto necesito,
fariame quedar mal diante da xente;

por eso levo, coma moitos xoves,
falsos papos da perna desde hai ben anos.

A BRUXA (*a bailar*).

¡Case perdo a razón e o sentido
ao ver a don Satán aquí outravolta!

MEFISTÓFELES.

¡Ese nome, muller, xa non o quero usar!

A BRUXA.

¿Pero por que? ¿Que é o que vos fixo?

MEFISTÓFELES.

El figura desde hai xa moito tempo
no libro das fábulas, mais non por eso
melloraron os homes pois, anque se libraron
do malo, os malos quedaron. Chámame
señor Barón e a cousa estará a xeito;
eu son un cabaleiro coma outros cabaleiros.

Do meu nobre sangue non vas dubidar;

¡velaquí os blasóns que eu levo!

(*Fai un xesto indecente.*)

A BRUXA (*escachando a rir*).

¡Ha! ¡ha! ¡Ese é ben o voso estilo!

¡Seguides a ser o pillabán que sempre fostes!

MEFISTÓFELES.

¡Meu amigo, apréndeo ben!

Esta é a maneira de tratar coas bruxas.

A BRUXA.

E agora, señores, decide o que mandades.

MEFISTÓFELES.

¡Un bon vaso do zume coñecido!

Pero ha ser, por favor, do máis vello;
os anos dobran a súa forza.

A BRUXA.

¡Con pracer! Teño aquí unha botella
da que ás veces tamén tomo un grolo
e que non cheira nada xa;
dareivos de grado un vasiño.

(*En voz baixa.*)

Mais se ese home bebe sen estar preparado,
como vós ben sabedes, non durará unha hora.

MEFISTÓFELES.

É un bon amigo meu e halle de aproveitar;
quero que probe o mellor da túa cociña.

¡Traza o teu círculo, pronuncia as túas fórmulas
e dálle logo unha cunca chea!

A BRUXA (*con xestos extravagantes traza un círculo e pon dentro del unha chea de cousas raras; mentres tanto comezan a tintinar os vasos e os caldeiros a soar facendo unha música. Ao cabo trae un libro grande e mete no círculo aos micos para que lle sirvan de atril e lle sosteñan o facho. Acena a FAUSTO para que se lle achegue*).

FAUSTO (*a MEFISTÓFELES*).
Non, ora dime ¿en que irá dar todo esto?
Estes trastes absurdos, estes xestos furiosos,
esta estúpida farsa
sonme ben coñecidos e os detesto.

MEFISTÓFELES.
¡Boh, parvadas! Eso é só para rir;
non sexas home tan severo.
Como médico ela ten que usar de artimañas
para que o zume che poida aproveitar.
(*Obriga a Fausto a entrar no círculo.*)

A BRUXA (*comeza a declamar con gran énfase lendo no libro*).

¡Entende ben esto!

De un fai dez
e deixa ir dous
e fai logo tres
e rico xa es.

¡Perde os catro!

De cinco e seis,
segundo di a bruxa,
fai sete e oito
e así está cumprido:

e nove é un

e dez non é nada.

Esta é a táboa de multiplicar
que teñen as bruxas.

FAUSTO.

Semella que a vella delira.

MEFISTÓFELES.

Eso non é todo, falta moito aínda,
eu ben o sei, todo o libro é así;
neso teño perdido tempo dabondo
pois unha perfecta contradicción
é igual de misteriosa para sabios e parvos.

A arte, meu amigo, é vella e nova.

Foi cousa de todos os tempos
por tres e un, e un e tres,
espallar o erro no canto da verdade.

E así se laticia e ensina sen pexas;

¿quen vai ocuparse de tolos?

Adoito o home cre, cando escoita palabras,
que nelas debe haber tamén algunha idea.

A BRUXA (*sigue*).

¡O alto poder
do saber

acochado a todo o mundo!

E ao que non pensa

seralle dado

sen ningún coidado.

FAUSTO.

¿Que desatino vén de dicir?

A cabeza vaiseme escachar.

Sinto coma se estivese a oír
un coro enteiro de cen mil tolos.

MEFISTÓFELES.

¡Abonda, abonda, eximia sibila!

Trae a túa bebida e enche

a cunca axiña ata o bordo;

que ao meu amigo non lle ha facer mal:

é un home de moitos graos

e que bebeu non poucos bos tragos.

A BRUXA (*verte con moita cerimonia a bebida nunha cunca; e cando Fausto a leva á boca, xorde unha lixeira chama*).

MEFISTÓFELES.

¡Abaixo dunha sentada! ¡Veña!
Vaiche aledar axiña o corazón.

Trátaste co Demo de ti a ti
¿e vas ter medo da chama?

(A BRUXA *rompe o círculo*. FAUSTO *sae del*.)

¡E agora fóra rápido. Non debes acougar.

A BRUXA.

¡Que proveito vos faga ese grolíño!

MEFISTÓFELES (á BRUXA).

E se podo prestarche algún servicio
non tes máis ca dicirmo no Walpurgis.

A BRUXA.

¡Velaquí unha canción! Cando a cantedes
ides notar un singular efecto.

MEFISTÓFELES (a FAUSTO).

Ven á carreira e déixate guiar:

ti precisas sen falla transpirar

para que a forza penetre por dentro e por fóra.

Ensiñareiche despois a estimar

a nobre folganza, e logo vas sentir,

con íntimo pracer, como Cupido

bule e chouta de aquí para alá.

FAUSTO.

¡Deixa que bote outra olladiña ao espello!

¡Era tan bela aquela imaxe de muller!

MEFISTÓFELES.

¡Non, non! Diante de ti vas ver axiña
en persoa o modelo de todas as mulleres.

(*En voz baixa.*)

Con esa bebida no corpo verás
de seguida a Helena en cada muller.

RÚA

FAUSTO. MARGARIDA *a pasar*.

FAUSTO.

Fermosa señorita ¿podo atreverme
a ofrecervos o meu brazo e acompañarvos?

MARGARIDA.

Eu non son señorita nin son fermosa
e non preciso guía para ir á casa.

(*Afástase e vaise.*)

FAUSTO.

¡Santo ceo, que belida é esta nena!

Endexamais vin nada igual.

Ten un aquel de decente e virtuosa

anque tamén unha miga desdeñosa.

Estes beizos vermellos, estas frescas meixelas
non as esqueceréi en toda a miña vida.

Esa maneira de baixar os ollos

tense gravado a fondo no meu corazón;

e a segura da súa resposta

estaba chea de encanto abofé.

MEFISTÓFELES *entra*.

FAUSTO.

¿Oe, tes que procurarme esa rapaza!

MEFISTÓFELES.

Ora ¿cal?

FAUSTO.

A que acaba de pasar.

MEFISTÓFELES.

¿Esa? Viña de ver ao seu crego
que de todos os pecados a absolveu:
metinme a furto no confesionario.

Éche unha nena moi inocentíña
que se foi confesar por nada e todo;
¡sobre ela non teño poder ningún!

FAUSTO.

Porén xa pasa dos catorce anos.

MEFISTÓFELES.

Ti falas coma un libertino
que quere para si todas as lindas flores
e se gaba de que non hai honra
nin favor que non poida apreixar;
pero eso non é sempre así.

FAUSTO.

Meu señor mestre sermoneador
deixádeme en paz coa vosa lei.
Eu declaro, sen darlle máis voltas,
que se esa nova e doce prenda
non descansa esta noite nos meus brazos
cando dean as doce nos separaremos.

MEFISTÓFELES.

¡Tes que decatarte do que é facedeiro!

Catorce días preciso, polo menos,
soamente para atopar a ocasión.

FAUSTO.

Se eu só tivese sete horas de calma
non habería mester do Demo
para seducir a unha nena coma esa.

MEFISTÓFELES.

Falades case coma un francés;
pero, por favor, non vos enfadedes:
¿por que tanta présa para ir gozar?
O pracer non é, con moito, tan grande
coma se comezades, por aquí e por alí,
con toda sorte de trucos e mañas,
a arranxar a xeito a moneca,
segundo ensinan historias güelfas.

FAUSTO.

Non preciso deso para ter apetito.

MEFISTÓFELES.

Agora, deixando renegos e bromas,
direivos que con esa belida nena
as cousas non poden ir tan de présa.
Aquí nada se pode tomar por asalto,
hai que botar man da solercia.

FAUSTO.

¡Has conseguirme algo dese tesouro anxélico!

¡Condúceme ao lugar onde descansa!

¡Tráeme o paniño que o seu colo envolve
ou unha das ligas do meu amor!

MEFISTÓFELES.

Para que vexades que quero ser de axuda
e de utilidade no voso sufrir,
non perderemos máis un momento:
vovos levar hoxe mesmo ao seu cuarto.

FAUSTO.

¿E logo vouna ver? ¿vouna ter?

MEFISTÓFELES.

¡Non!

Ela ha de estar en cas dunha veciña.

Mentres tanto podedes, a soas,
na agarda de gozos futuros
fartarvos de aspirar a súa atmosfera.

FAUSTO.

¿Podemos ir alá?

MEFISTÓFELES.

Aínda é moi cedo.

FAUSTO.

¡Has buscarme un galano para ela! *(Vaise.)*

MEFISTÓFELES.

¿Regalar de contado? ¡Bravo! Desa maneira

poderá el conseguilo. Eu coñezo

algún lugar fermoso e algún tesouro

enterrado desde hai moito tempo.

Irei botar unha olladiña. *(Vaise.)*

SERÁN

Un cuarto pequeno e moi limpo.

MARGARIDA *(a facer e recoller as súas trenzas).*

Daría algo por saber

quen era ese señor de hoxe.

Tiña, abofé, pinta galana

e debe ser de casa nobre;

eu podía lerllo na fronte...

senón non sería tan atrevido. *(Vaise.)*

MEFISTÓFELES e FAUSTO.

MEFISTÓFELES.

¡Entrade paseniño pero entrade!

FAUSTO *(despois dun breve silencio).*

¡Prégoche que me deixes só!

MEFISTÓFELES *(a galistar por todas partes).*

Non todas as rapazas son tan limpas. *(Vaise.)*

FAUSTO *(mirando arredor seu).*

¡Benvida, doce luz do solpor

que entras neste santuario!

¡Doce mágoa de amor, o meu corazón apreixa,

ti que do orballo da esperanza

esmorecendo vives! ¡Como todo arredor

respira calma, orde e alegría!

Nesta pobreza ¡canta abundancia!

e nesta cela ¡que beatitude!

(Déixase caer no sillón de coiro que está cabo do leito.)

¡Ouh, acólleme a min, ti que, en ledicia e dor,
recibiches cos brazos abertos aos devanceiros!

¡Cantas veces, ai, arredor deste trono paterno
se tería colgado un fato de cativos!

Quizais polo Nadal a miña amada aquí,

coas súas frescas meixelas infantís,

agradecida dos regalos, bicaría

a enrugadiña man do avó.

Eu sinto, rapaza, marmexar ao meu redor

o teu espírito de fartura e orde

que, de maternal xeito, a cotío te ensina,

facendo que estendas axeitadamente

o tapete enriba da mesa

e mesmo que esparexas area aos teus pés.

¡Oh man querida! ¡Divina man!

Por ti a chouza convértese nun reino celestial.

¡E aquí! *(Ergue unha das cortinas do leito.)*

¿Que arreguizo gozoso me da?

Neste sitio querería quedarme longas horas.

Aquí ti, natureza, en leviáns soños,

este anxo encarnado viñeches formar.

¡Aquí a nena deitábase, chea de quente vida

o tenro peito, e aquí con santa e pura arte

plasmouse esta imaxe divina!

¡E ti! ¿Que é o que te trouxo a este lugar?

¡Canta emoción eu sinto aló no íntimo!

¿Que queres aquí? ¿Por que che preme o corazón?

¡Pobre Fausto! Xa non te recoñezo.
¿Será que me envolve un abafo máxico?
Eu cheguei coa arela de gozar axiña
je síntome esluír nun soño de amor!
¿Somos un xoguete dos cambios do aire?
E se ela entrase neste instante,
¡como ías pagar a túa ousadía!
¡como se achicaría o arrogante galán,
caendo abatido aos seus pés!
MEFISTÓFELES (*entrando*).
¡Bule! xa a vexo vir por aló embaixo.
FAUSTO.

¡monos, ímonos! ¡Non volverei endexamais!
MEFISTÓFELES.

Velaquí unha cousela algo pesada
que nalgún lugar recollín.
Poñédea dentro dese armario
que lle fará perder o siso,
eu volo xuro; metín nela
varias lilailas para outra gañar.
Mais a nena é nena e o xogo xogo.
FAUSTO.

Non sei se debo.
MEFISTÓFELES.

¿Por que tanta dúbida?
¿Queredes, se cadra, gardar o tesouro?
Nese caso aconsello á vosa cobiza
de non perder un tempo precioso
e aforrarme novos traballos.
¡Espero que coreño non sexades!
Ráñome a chola e esfrégome as mans...
(*Mete a cousela no armario e péchao coa chave.*)

¡E agora lisquemos, axiña!...
para que esa doce neniña se renda
ao desexo e querer do voso corazón;
je vós estades aí parado
coma se fósedes a entrar na cátedra,
como se en corpo tivésedes diante
as grises Física e Metafísica!
¡Lisquemos! (*Vanse.*)

MARGARIDA (*cunha lámpada*).
Aquí está moi pesado, moi abafante;
(*abre a fiestra*)

porén afora non vai tanta calor.
Eu sinto algo que non sei o que é...
querería que miña nai voltase á casa.
Córreme todo o corpo un calafrío...
¡Son unha mulleriña chea de medo!
(*Ponse a cantar namentres se ispe.*)

En Thule houbera un rei
que ata a tomba foi moi fiel
e a quen unha copa de ouro
lle deu a súa amada ao morrer.
Era o que máis estimaba,
nas festas tíña a onda el
e os ollos lle rebordaban
cando se puña a beber.
E a contar vilas e reinos
cando estaba para morrer,
deixou todo aos seus herdeiros
pero a copa non a deu.
Estaba no xantar real
cos señores ao redor seu

na alta sala dos antergos
no castelo que o mar ve.
Bebe o vello bebedor
o último golo de pé
e guinda a sagrada copa
cara ás ondas a ferver.
Viuna caer, viuna encherse
e afundirse; entón tamén
os ollos se lle afundiron,
ni' unha pinga máis bebeu.

(Ela abre o armario para gardar os vestidos e decátase da cousela.)

¿Como veu dar aquí esta cousela?
Estou segura que pechei o armario.
¡Cousa estraña! ¿Que pode haber dentro?
Quizais a trouxo algún como prenda
do que a miña nai lle emprestou sobre ela.
Daquela fita pendura unha chaviña...
¡Seica, seica a vou abrir!
¿Pero esto que é? ¡Deus do ceo! ¡Olla!
¡Na miña vida vin cousa igual!
¡Un aderezo! Podería levalo
unha nobre dama na festa máis lucida.
¿Como me acaería esta cadea?
¿De quen será toda esta marabilla?

(Enfítase con eso eponse diante do espello.)

¡Ai se estes pendentos fosen meus!
Unha ten outro aire de contado.
¿De que vos serven beleza e xuventude?
Eso é, de certo, fermoso e bon
pero non fan deso maior caso;
lóuvanvos a medias por compaixón.
Todo corre cara ao ouro
e ao ouro se apreixa.
¡Pobres de nós!

PASEO

FAUSTO, *pensativo, a ir e vir. Achégaselle* MEFISTÓFELES.
MEFISTÓFELES.

¡Por todos os amores desdeñados! ¡Polo lume do inferno!
¡Quixera saber algo peor polo que xurar!
FAUSTO.

Pero ¿que tes? ¿que é o que tanto che proe?
¡Nunca na miña vida tal cara vin!
MEFISTÓFELES.

Quixera darme ao Demo de contado
se non fose demo eu mesmo.
FAUSTO.

¿É que algo na cabeza se che desarranxou?
¡Abofé que che senta enrabiado coma un tolo?
MEFISTÓFELES.

¡Pensa só que o aderezo que conseguín para a nena
arramplou con el un cura!...

Ao que a nai veu, a cousa
comezou de contado a se desacougar:
a muller ten o olfato moi fino,
está sempre a cheirar no seu devocionario
e sabe polo ulido de calquera traste
se se trata de cousa santa ou profana;
no aderezo sentiu claramente
que non había nel moita beizón.
Miña filla, berrou, os bens mal adquiridos
a alma perturba e o sangue mirra.
¡Imos ofrendar isto á Nai de Deus
e ela confortaranos co maná celestial!

A Margaridiña torceu entón o bico,
ao cabo era, pensou, cabalo regalado,
e de seguro que non é un descrido
quen tan galantemente o trouxo aquí.

A nai fixo logo vir a un cura
que, cando se enterou de toda a historia,
moi recreado co que estaba a ollar,
dixo: ¡Abofé que non é mala idea!
Quen se sabe vencer sempre gaña.

A Igrexa tén un bon estómago
pois chegou a tragar países enteiros
sen sufrir endexamais de indigestión;
soamente a Igrexa, miñas amadas donas,
é quen a dixerir os bens mal adquiridos.

FAUSTO.

Ese un uso moi xeral,
un xudeu e un rei poden tamén facelo.

MEFISTÓFELES.

El entón pilla broche, cadea e anel
como se fosen chilindradas,
dando as gracias nin máis nin menos
que se se tratase dun queipo de nocas;
prometeulles un premio no ceo
e elas quedaron moi edificadas.

FAUSTO.

¿E a Margaridiña?

MEFISTÓFELES.

Alí está agora
desacougada porque non sabe
o que quere nin o que debe facer.

Matina nas xoias día e noite
e máis aínda no que as trouxo.

FAUSTO.

Dáme moita pena a mágoa da amadiña.

¡Vaille buscar axiña outro aderezo!

O primeiro non era gran cousa.

MEFISTÓFELES.

¡Si, para o señor todo é xogo de nenos!

FAUSTO.

Vai arranxar o asunto coma eu quero.

Cóllete das faldras da súa veciña.

¡Anda, demo, non sexas coma feito de papas
e consegue un novo aderezo!

MEFISTÓFELES.

Si, meu nobre señor, o que mandedes.

FAUSTO (*vaise*).

MEFISTÓFELES.

Un tolo namorado coma ese échevos quen
a facer estoupar sol, lúa e estrelas
para divertir á súa queridiña. (*Vaise.*)

A CASA DA VECIÑA

MARTA (*soa*).

¡Deus lle perdoe ao meu home querido
pois non se portou comigo ben!

Marchou percorrer o mundo
deixándome soa, guindada na palla.

Eu non lle dera, abofé, ningún disgusto,
Deus sabe que o quixen de todo corazón. (*Chora.*)

¡Pode que estea morto!... ¡Ai, que pena!...

¡Se polo menos tivese a partida de defunción!

Chega MARGARIDA.

MARGARIDA.

¡Señora Marta!

MARTA.

¿Que pasa, Margaridiña?

MARGARIDA.

¡Os xeonllos case non me rexen!

Pois velaí que volvín a atopar
no meu armario unha caixiña de ébano
chea de cousas maravillosas,
moito máis rica do que a primeira.

MARTA.

Non llo debes dicir á túa nai, de contado
volvería a levarlo ao confesor.

MARGARIDA.

¡Ai mira logo! ¡Ai olla esto!

MARTA (*poñéndolle as xoias*).

¡Pero que sorte tes, criatura!

MARGARIDA.

¡É mágoa que non as poida levar
pola rúa nin na igrexa!

MARTA.

Ven onda min cantas veces queiras
e ponte aquí os enfeites en segredo,
paseas unha horiña por diante do espello
e con esto darémonos gusto;
despois sempre ha de haber unha ocasión,
unha festa na que, aos poucos,
a xente vaía vendo eso:
primeiro a cadeíña, logo a perla na orella;
a nai nada ha de ver e, en todo caso,
contaráselle calquera historia.

MARGARIDA.

¿Pero quen puido traer as dous couselos?
Esto non parece cousa normal. (*Chaman.*)

¡Ai, Deus! ¿puidera ser a miña nai?

MARTA (*alucando a través da cortiniña*).

É un señor descoñecido... ¡Adiante!

Entra MEFISTÓFELES.

MEFISTÓFELES.

Debo pedir perdón ás damas
de entrar aquí sen avisalas.

(*Recúa respectuosamente diante de Margarida.*)

Desexo falar coa señora Marta Schwerdtlein.

MARTA.

Son eu. ¿Que me quere dicir o señor?

MEFISTÓFELES (*a MARTA en voz baixa*).

Xa vos coñezo agora e con eso abóndame;
tedes unha visita moi distinguida.

Perdoade a liberdade que me tomei,
volverei por aquí esta tarde.

MARTA (*en voz alta*).

¡Fíxate, miña nena, pola miña alma!

Este señor tomoute por unha *señorita*.

MARGARIDA.

Eu son soamente unha pobre rapaciña;

¡Ai, Deus! o señor é bo de máis:

o aderezo e as xoias non son miñas.

MEFISTÓFELES.

Ai, non o dixeran só polos enfeites;
¡tedes un xeito, unha ollada tan penetrante!
Feliz me sinto de poder quedar.

MARTA.

¿Que é o que traedes, logo? Moito desexo...

MEFISTÓFELES.

¡Eu ben querría darvos unha nova máis leda!

Espero que non me collades xenreira por eso:
o voso home morreu e mandouvos saúdos.

MARTA.

¿Morto? ¡aque! fiel corazón! ¡Ai, que pena!
¡O meu home morreu! ¡Ai, voume esvaer!

MARGARIDA.

¡Oh, miña amada señora, non desesperedes!

MEFISTÓFELES.

¡Escoitade, pois, a triste historia!

MARGARIDA.

Por eso eu non quixera amar en toda a vida.

Unha perda coma esa de dor me mataría.

MEFISTÓFELES.

Non hai ledicia sen mágoa nin mágoa sen ledicia.

MARTA.

¡Contádeme a fin da súa vida!

MEFISTÓFELES.

En Padua ficou enterrado
a carón do santo Antonio
nun moi sagrado lugar
para repouso eterno e fresco.

MARTA.

¿E non tedes máis nada que me traer?

MEFISTÓFELES.

Si, un rogo importante e grave:

que fagades cantar por el trescentas misas.

Polo demais, os meus petos están baleiros.

MARTA.

¡Como! ¿nin unha medalla? ¿ningunha alfaia?

¡O que calquera artesán garda
no fondo do saqueto para recordo
anque tiver que pasar fame ou mendigar!

MEFISTÓFELES.

Moito o sinto, madama, pero o diñeiro
abofé que non o malgastou.

Tamén se arrepentía das súas faltas
e inda máis se queixaba da súa mala sorte.

MARGARIDA.

¡Ai! ¡que desgraciados son os homes!
Máis dun requiem, de certo, vou rezar por el.

MEFISTÓFELES

Merecíades entrar ben logo en casamento:
sodes unha nena moi amable.

MARGARIDA.

¡Ai, non! polo de agora non hai que pensar neso.

MEFISTÓFELES.

Se non for un marido, un galán mentres tanto.

Un dos meirandes dons do ceo
é ter no brazo algo tan delicioso.

MARGARIDA.

Eso non é o costume desta terra.

MEFISTÓFELES.

Costume ou non, tamén se fai.

MARTA.

¡Contádeme logo!

MEFISTÓFELES.

Eu estaba onda o seu leito de morte
que era pouco mellor ca esterco, palla medio podre;
pero, eso si, morreu coma cristián
e sabendo que deixaba moito a deber.

¿Como, berraba, non hei de aborrecerme
ata o máis fondo da miña alma
de abandonar así o oficio e a muller?

¡Ai! este recordo márame. ¡Se polo menos
puidese ela perdoarme nesta vida!...

MARTA (*a chorar*).

¡Pobre home! Xa hai tempo que llo teño perdoado.

MEFISTÓFELES.

Pero Deus sabe que ela tivo máis culpa ca min.

MARTA.

¡Mente! ¡Hai que ver! ¡Mentir ao bordo da tumba!

MEFISTÓFELES.

De certo deliraba nos derradeiros intres
segundo a min me pareceu.

Nunca tiven, dicía, tempo para folgar.

Primeiro os fillos e logo procurarlles o pan,
o pan no máis amplo sentido;
e nin tan sequera podía
comer a miña parte en paz.

MARTA.

¡Fidelidade e amor, todo así esqueceu,
e os meus afáns de día e de noite!

MEFISTÓFELES.

Non, con todo o corazón en vós pensaba.

Dicía: Cando eu saín de Malta, recei
pola muller e os fillos afervoadamente;

e o ceo foinos entón tan propicio
que a nosa nave apresou un barco turco
que levaba un tesouro do Gran Sultán.

A coraxe tivo así o seu premio,
e eu tamén recibín, coma cumpría,
a miña parte ben medida.

MARTA.

¡Ai, como! ¿E onde está? ¿Enterrouna quizais?

MEFISTÓFELES.

Quen sabe onde a terán agora os catro ventos.

Unha linda doniña por el se interesou
cando, coma estranxeiro, caneaba por Nápoles
e deulle tantas probas de amor e lealdade
que el houbo de sentilo ata o final.

MARTA.

¡O pillabán! ¡arroubar aos seus fillos!
¡E que tantas miserias e necesidades
non puidesen frear a súa vida vergoñenta!

MEFISTÓFELES.

¡Xa o vedes! E agora está morto por eso.

E se eu me achase no voso lugar,
levaría, cal cómpre, de loito un ano
e buscaría entretanto un galán novo.

MARTA.

¡Ai Deus! Como o primeiro non é doado
atopar outro en todo o mundo.

Non había toliño máis garimoso.

Gustáballe de máis, eso si, percorrer terras
e as mulleres alleas e o viño de fóra
e o condenado xogo dos dados.

MEFISTÓFELES.

Ben, ben, eso aínda podería pasar
se a vós vos permitise
máis ou menos outro tanto.

¡Xúrovos que con esas condicións
eu trocaría convosco o anel!

MARTA.

¡O señor ten ganas de leria!

MEFISTÓFELES (*a parte*).

¡Chegou a hora de marchar!

Esta collería pola palabra
ao mesmo Díaño.
(*A Margarida.*) ¿Como anda ese corazón?
MARGARIDA.

¿Que quere dicir o señor?
MEFISTÓFELES (*a parte*).

¡Boa nena inocente!
(*En voz alta.*) ¡Adeus, miñas donas!
MARGARIDA.

¡Adeus!
MARTA.

¡Só unha palabriña!

Quería ter un papel no que constase
onde, como e cando morreu o meu tesouro
e onde está enterrado. Porque eu fun sempre
moi amiga da orde; e tamén ler quería
o aviso da súa morte na folla semanal.

MEFISTÓFELES.

Si, miña señora, mediante dúas testemuñas
declárase a verdade en todas partes;
e eu teño xustamente un compañeiro
excelente que, pola vosa causa,
levarei onda o xuíz. Vouno traer aquí.

MARTA.

¡Ai si, facédeo!

MEFISTÓFELES.

¿E a rapaza tamén

ha estar aquí? El é un xove garrido
que ten viaxado por moitos sitios
e que é moi xentil coas señoritas.

MARGARIDA.

Ante o señor voume poñer corada de vergonza.

MEFISTÓFELES.

Eso nin diante de ningún rei da terra.

MARTA.

Alá no meu xardín detrás da casa
agardaremos ao señor este serán.

RÚA

FAUSTO e MEFISTÓFELES.

FAUSTO.

¿E logo? ¿A cousa vai adiante? ¿Hase arranxar axiña?

MEFISTÓFELES.

¡Ah, bravo! ¿Estades todo a arder?
Pronto a Margaridiña será vosa.

Verédela esta tarde onda Marta a veciña:
é unha muller que nin feita de encarga
para alcaioerías e xitanerías.

FAUSTO.

¡Magnífico!

MEFISTÓFELES.

Pero pídenos algo tamén.

FAUSTO.

Un servicio ben vale outro.

MEFISTÓFELES.

Temos que dar testemuño legal
de que os membros do seu home repousan
deitados en Padua en terra sagrada.

FAUSTO.

¡Non é parva! Deberemos antes facer a viaxe.

MEFISTÓFELES.

¡Sancta Simplicitas! deso nin falar;
daredes testemuño sen saber máis.

FAUSTO.

Se nada tes mellor, o plan queda rompido.

MEFISTÓFELES.

¡Santo varón! ¡Eso ben vos retrata!

¿É a primeira vez na vosa vida
que prestades un falso testemuño?
¿Non tedes dado coa maior firmeza
definicións verbo de Deus e o mundo
e do que dentro deste se move
e asemade do home e o que lle bule
no corazón e na cabeza: e todo
con insolente fronte e peito ousado?

¡E se ben vos mirades por dentro
tedes que confesar que sabedes deso
tanto coma da morte do señor Schwerdtlein!

FAUSTO.

Sempre has ser mentireiro e sofista.

MEFISTÓFELES.

Si, se un non o soubese un pouco máis a fondo.

Pois ¿non vas ti mañá, con todo honor,
enganar á pobre Margaridiña
xurándolle que a amas con toda a alma?

FAUSTO.

Certo, de corazón.

MEFISTÓFELES.

¡Moi ben e moi fermoso!

Despois ha vir o lerio da fidelidade
e amor eternos e da paixón omnipotente...

¿e eso virá tamén do corazón?

FAUSTO.

¡Abonda! ¡Si, virá! Se hai en min un sentir
e para esta emoción e esta ardencia
busco un nome e non atopo ningún,
e entón con todos os sentidos
percorro o mundo na procura
das palabras máis excelsas

e se eu chamo a este lume en que ardo
infinito, eterno, si, eterno,

¿é esto unha comedia mentireira e diabólica?

MEFISTÓFELES.

¡Pero eu teño razón!

FAUSTO.

¡Escoita! E lembra esto...

Prégoche, e non canses meus pulmóns...:

O que quere ter razón, se ten lingua
de certo a terá.

E agora ven, estou farto de tanta latricada,
pois ti tes razón sobre todo porque teño que darcha.

XARDÍN

MARGARIDA *do brazo de Fausto*, MARTA *con MEFISTÓFELES a pasear dunha banda para outra.*

MARGARIDA.

Eu ben sinto que o señor me agarima
e que se abaixa para confundirme.

Un viaxeiro está tan afeito
a atopar todo ben por cortesía;
decátome que a un home tan sabido
non o pode entreter a miña parola.

FAUSTO.

Unha ollada de ti, unha palabra túa
vale máis ca todo o saber do mundo.

(Bícalle a man.)

MARGARIDA.

¡Non vos molestedes! ¿Como a ides beixar?

¡Ela é tan fea e tan ruda!

¡Cantos labores non tiven que facer!
A miña nai quere que todo estea a xeito. (*Pasan.*)

MARTA.

¿E vós, señor, sempre, logo, a viaxar?

MEFISTÓFELES.

¡Ai, oficio e deber a eso me obrigan!
¡Con canta dor hei de irme dalgún sitio,
pero non podo quedarme nel!

MARTA.

Nos anos mozos é moi boa cousa
percorrer o mundo de acá para alá,
pero despois chegan os tempos malos
e, coma solteirón, arrastrarse só cara á tumba
nunca fixo ben a ninguén.

MEFISTÓFELES.

Xa desde lonxe o vexo con espanto.

MARTA.

Por eso, estimado señor, arranxádevos a tempo.

(*Pasan.*)

MARGARIDA.

Si, ¡ollos que non ven, corazón que non sentel!
Vós estades afeito a ser cortés;
pero tedes moitos amigos
con ben máis talento ca min.

FAUSTO.

¡Oh, creme, queridiña! O que chaman talento
soe ser máis vaidade e estreiteza de espírito.

MARGARIDA.

¿Como?

FAUSTO.

¡Ai, que nunca a sinxeleza e a inocencia
a si mesmas se coñezan e o seu santo valor!
Que a modestia e humildade, os ben supremos
que distribúe a amable natureza...

MARGARIDA.

Pensade en min soamente un retrinquiño,
eu terei tempo abondo para pensar en vós.

FAUSTO.

¿Sen dúbida estades soíña a miúdo?

MARGARIDA.

Si; anque a nosa facenda é ben pequena,
cómpre, así e todo, coidar dela.

Por non termos criada eu hei de cociñar,
varrer e calcetar e mais coser,
sempre a correr de mañá e de tarde;
¡e a miña nai élle en todas as cousas
tan remirada!

E non é que teña que apertarse tanto,
poderíamos pasalo moito mellor ca outros:
o meu pai deixou unha linda fortuna,
unha casiña e un xardinciño nas aforas da vila.

Agora teño, porén, días dabondo tranquilos:
o meu irmán é soldado

e a miña irmanciña morreu.

A nena dábame, abofé, ben que facer
pero de boa gana volvería a aturala,
pois tanto a quería.

FAUSTO.

Un anxo, se che asemellaba.

MARGARIDA.

Eu crieina e ela quería-me de corazón.
Nacera despois da morte do meu pai.

Xa dabamos a nai por perdida

que tan miserenta se sentira entón
anque logo foi repóndose aos poucos.

Pero non podía daquela pensar
en lle dar o peito ao pobre vermiño
e eu soa tiven que criala
con leite e con auga e así veu ser miña.
Nos meus brazos, no meu colo
sorría e pernexaba e foi medrando.

FAUSTO.

Ti, de certo, sentiches a máis pura das ditas.

MARGARIDA.

Pero tiven tamén horas ben duras.
O berce da cativa estaba pola noite
a carón do meu leito e cando a penas ela
se movía, eu espertaba;
ora tiña que darlle de beber ou deitala comigo
ou, cando non calaba, erguíame do leito
para arrolala paseando polo cuarto
dunha banda para outra, e pola mañá cedo
había xa estar no lavadoiro;
e despois ao mercado e atender o fogar,
e así decote un día e outro día.
Dese xeito, señor, o lecer non é moito
pero comida e sono saben ben.

(Pasan.)

MARTA.

Para as pobres mulleres é un traballo ben duro:
é moi difícil converter a un solteirón.

MEFISTÓFELES.

Soamente unha coma vós
me podería facer mudar de opinión.

MARTA.

Con franqueza, dicide, señor,
¿Non tedes atopado nada aínda?
¿Non se vos vencellou o corazón nalgues?

MEFISTÓFELES.

O refrán di: Fogar de seu
e muller honrada valen ouro e perlas.

MARTA.

Penso se algunha vez non sentistes anxeio.

MEFISTÓFELES.

En todas partes fun ben acollido.

MARTA.

Quería dicir: ¿no voso corazón
non houbo nunca nada serio?.

MEFISTÓFELES.

Coas mulleres non se debe xogar.

MARTA.

¡Ai, que non me entendedes!

MEFISTÓFELES.

¡Moito o sinto!

Pero o que entendo é... que sodes bondadosa.

(Pasan.)

FAUSTO.

¿Ti me recoñeches, meu anxiño,
en seguida que entrei no xardín?

MARGARIDA.

¿Non o vistes? Eu baixei os ollos.

FAUSTO.

¿E perdóasme a liberdade que tomei?

¿O meu atrevemento do outro día
cando saías da catedral?

MARGARIDA.

Quedei toda turbada pois nunca cousa tal
me pasara; nada malo podía
dicir de min ninguén. ¡Ai!, pensaba,
¿viu, quizais, no teu xeito algo de descarado,
de inmodesto? Diríase estar presto a liarse
coa moza de contado e sen máis requilorios.
Hei confesar, porén, que un non sei que
sentín dentro de min en favor voso;
pero estaba, abofé, ben anoxada comigo
por non poder estalo máis con vós.

FAUSTO.

¡Oh, miña queridiña!

MARGARIDA.

¡Agardade un momento!

(Colle unha margarida e vai arrincándolle os pétalos un tras outro.)

FAUSTO.

¿Que estades a facer? ¿Un ramallete?

MARGARIDA.

Non, é soamente un xogo.

FAUSTO.

¿Como?

MARGARIDA.

¡Andade!

Ides rirvos de min.

(Esfolla e marmexa).

FAUSTO.

¿Que estás a marmexar?

MARGARIDA *(a media voz)*.

Quéreme... Non me quere...

FAUSTO.

¡Linda cariña celestial!

MARGARIDA *(sigue)*.

Quéreme... Non me quere... Quéreme... Non me quere...

(Arrinca o derradeiro pétalo con graciosa ledicia).

¡Quéreme!

FAUSTO.

¡Si, miña nena! Que esta verba da flor
oráculo divino sexa para ti. ¡El quérete!
¿Sabes o que eso significa? ¡El quérete!
(Cóllelle as mans.)

MARGARIDA.

¡Eu estarrezo!

FAUSTO.

¡Non tremas! Deixa que esta ollada,
deixa que este premer da man che diga
o que non se pode expresar:
¡entregarse de todo e sentir
unha delicia que ten que ser eterna!
¡Eterna!... O seu remate
sería a desesperación.

¡Non, sen remate! ¡Sen remate!

MARGARIDA *(apértalle as mans, sóltase e vaise a correr. El queda un instante pensativo e logo séguela)*.

MARTA *(chegando)*.

Xa cae a noite.

MEFISTÓFELES.

Si, habemos de marchar.

MARTA.

Eu pregaríavos quedar aquí máis tempo
pero hai moita malicia neste lugar.
Non parece senón que ninguén
tivese outra cousa que facer
que seguir os pasos do veciño,
e fagas o que fagas sempre has andar

nas rexoubas. ¿E a nosa parelliña?

MEFISTÓFELES.

Botouse a voar alá pola avenida.

¡Tolos paxaros do verán!

MARTA.

Semella que el lle colleu lei.

MEFISTÓFELES.

E ela a el tamén. Así é o curso do mundo.

UNHA CASETA DE XARDÍN

MARGARIDA *chouta dentro, agóchase detrás da porta, leva aos beizos a punta dun dedo e axexa pola fenda.*

MARGARIDA.

¡El vén!

FAUSTO (*que chega*).

¡Ai, pillabana! ¡Así de min te burlas!

¡Xa te teño! (*Dalle un bico.*)

MARGARIDA (*abrazándoo e devolvéndolle o bico*).

¡Este é o mellor dos homes!

¡Eu quérote con todo o corazón!

MEFISTÓFELES *peta na porta.*

FAUSTO (*a bater co pé*).

¿Quen está aí?

MEFISTÓFELES.

¡Un bon amigo!

FAUSTO.

¡Un animal!

MEFISTÓFELES.

Penso que é tempo de se separar.

MARTA (*que chega*).

Si, xa é tarde, señor.

FAUSTO.

¿Non podo acompañarvos?

MARGARIDA.

A miña nai me... ¡Adeus!

FAUSTO.

¿Entón hei de marchar?

¡Adeus!

MARTA.

¡Abur!

MARGARIDA.

¡Deica loguiño!

(FAUSTO e MEFISTÓFELES *vanse.*)

MARGARIDA.

¡Deus bendito! ¡A de cousas que un home coma el
poderá ter no pensamento!

Síntome diante de el avergonzada
e a todo canto conta digo si.

Pois eu son unha pobre nena ignorante
e non entendo que é o que atopa en min. (*Vaise.*)

BOSQUE E CAVERNA

FAUSTO (*só*).

Excelso espírito, todo me deches, todo
canto che pedín eu. E non en van
volviches cara min o teu rostro en lume.
Déchesme coma reino a xurdia natureza
e o poder para sentila e para gozala.

Ti non só me permites visitas
de fría admiración senón que me concedes
mirar no seu profundo seo
coma no peito dun amigo.

Ti fas pasar por diante de min
a fila dos seres vivos

e ensínasme a coñecer aos meus irmáns

na bouza silandeira e no ar e na auga.
E cando a treboada zoa e estoupa na fraga,
cando o enorme piñeiro ao caer
tronza e arrastra canda si
ponlas e troncos veciños e o estrondo
da súa caída resoa nas crebas do outeiro,
ti lévasme á cova segura e amósasme entón
a min mesmo e revélanse as fondas
e misteriosas marabillas do meu propio peito.
E cando, ante a miña ollada, a lúa pura
ascende, adondándoo todo, dos muros penedosos
e da húmida bouza xorden para min
as formas arxentadas do pasado
que o grave gozo da contemplación moderan.
Ai, sinto agora como para o home
nada perfecto hai. Con esta ledicia
que cada vez me achega máis aos deuses
déchesme un compañeiro do que non podo
xa prescindir, inda que, frío e descarado,
me abaixa diante de min mesmo
e co alento dunha palabra anula os teus dons.
Atiza no meu peito un lume fero
que me leva cara esa bela imaxe.
E así vou vacilando do desexo para o gozo
e no gozo deveso polo desexo.

MEFISTÓFELES (*entra*).

¿Non estades xa canso de levar esa vida?
¿Como pode apracervos á longa?
Está moi ben probar por unha vez
pero despois cómpre achar algo novo.

FAUSTO.

¿Non tes nada mellor que facer
que amolarme todo o santo día?

MEFISTÓFELES.

¡Ben! deixareite con gusto tranquilo,
pero eso non mo podes dicir en serio.
Cun compañeiro ríspido, túzaro, irado
coma ti, pouco se perde, abofé.

¡Deses tes todo o día a mancheas!
Nunca se lle pode osmar no nariz ao señor
o que lle gusta e o que hai que deixar.

FAUSTO.

¡Veláí tes o ton axeitado!
Anóxame e inda teño que agradecerllo.

MEFISTÓFELES.

¿Como ti, pobre fillo da terra,
levarías a túa vida sen min?

Dos biosbardos da imaxinación
cureite, porén, para moito tempo;
e de non ser por min, xa terías
desaparecido deste globo terrestre.

¿Que fas aí metido nesas covas
e nas fendas das penas coma un bufo?

¿Por que zugas o alimento, coma un sapo,
do húmido brión e as rochas que zumegan?

¡Bonito e doce pasatempo!

¡Aínda tes o doutor dentro do corpo!

FAUSTO.

¿Non comprendes que nova vitalidade
me dá este vagar polo ermo?

Si, se puideses presentila
serías dabondo demo para oporte á miña dita.

MEFISTÓFELES.

¡Un gozo supraterral!
Deitarte na montaña coa rosada da noite,
apreixar con deleite terra e ceo,
incharse ata chegar a crerse un deus,
esculcar por palpito o miolo da terra,
sentir no peito toda a obra dos seis días,
con orgulloso azo gozar non sei de que,
logo esbordarse en todo nun éxtase de amor,
o fillo da terra enteiramente esvaecido,
e rematar daquela a excelsa intuición... (*facendo un xesto*)
dun xeito que non podo dicir.

FAUSTO.

¡Déixate de lérias!

MEFISTÓFELES.

Eso non vos aprace;
tedes dereito a dicilo con bos modos.
Non se debe mentar ante castos oídos
aquele de que os castos corazóns
non se poden privar. E, abreviando,
ireille dar o gusto de que se minta
a si mesmo unha miga de cando en cando;
mais non o podería aturar moito tempo.

De novo sénteste abatido

e se eso dura quedarás afundido
na tolemia, no medo e no horror.

¡Abonda! A túa amada está alá dentro
e todo lle parece estreito e escuro.

Ti nunca te apartas do seu pensamento
e con toda a alma te quere.

Ao comezo o teu furor amoroso chegou a reverter
coma desborda un regato ao derreterse a neve;

ti botáchello a ela no corazón

e agora o teu regato volve a estar baixo.
Coido que en vez de mandar nos bosques
mellor faría o gran señor recompensando
á pobre cativa polo seu amor.

Fáiselle o tempo penosamente longo;
está na fiestra a ver pasar as nubes
sobre as vellas murallas da vila.

¡Se eu fose un paxariño! é o seu cantar
todo ao longo do día e a metade da noite.

Ás veces está leda, máis a miúdo triste,
e ás veces en bágoas desfeita,
e logo outra volta semella tranquila,
pero decote namorada.

FAUSTO.

¡Serpe! ¡Serpe!

MEFISTÓFELES (*para si*).

¡Dacordo! ¡Vas ver como te pillo!

FAUSTO.

¡Malvado! lisca de aquí

e non mentes a esa muller fermosa.

Non traías de novo o degoro do seu doce corpo
aos meus medio tolos sentidos.

MEFISTÓFELES.

¿Que queres? Ela pensa que fuxiches
e a verdade é que case o fixeches.

FAUSTO.

Estou perto dela e aínda se lonxe estivese
non a podería esquencer nin perdela;
si, mesmo envexo o corpo do Señor
cando os seus beizos chegan a tocalo.

MEFISTÓFELES.

¡Moi ben, amigo meu! Moitas vegadas
sentín de vós envexa polo par de xemelgos
que pacen entre rosas.

FAUSTO.

¡Lisca, alcaíote!

MEFISTÓFELES.

¡Bravo! Insultádesme e eu río.

O Deus que creou rapaces e rapazas
recoñeceu tamén como o máis nobre oficio
o de arranxar as ocasións.

¡E andando, pois é unha gran mágoa!
Ides ir ao cuartiño da vosa amada
e non, de certo, á morte.

FAUSTO.

Nos brazos dela ¿que son as delicias do ceo?

Quero quentarme cabo do seu peito...

¿É que non sinto sempre a súa mágoa?

¿Non son o fuxitivo, o que non ten fogar,
o bárbaro sen fito nin acougo

que, coma unha fervenza, de pena en pena brúa
lanzándose furioso cara ao abismo?

E ela a unha banda cos seus mornos sentidos de nena
na chouciña do pequeno campo alpino
e todo o seu labor caseiro
cinxido nun mundo pequeno.

¡E eu, o maldito de Deus, non tiña de abondo
con arrincar os rochedos para facelos anacos!

¡Tiña que arruinar a súa paz!

¡Precisabas, inferno, esta vítima!

¡Axúdame, demo, a acurtar o tempo da angustia!

¡O que ten que pasar que pase axiña!

¡Que o seu destino caia sobre min
e afundámonos ela e máis eu!

MEFISTÓFELES.

¡Como de novo bule, como arde!

¡Vai consolala, toleirón!

Porque esa cabeciña non atopa saída
pensa que todo está acabado.

¡Viva o que se mantén valente!

Polo demais, xa estás ben endiañado.

Coido que nada hai máis absurdo no mundo
do que un demo que desespera.

CUARTO DE MARGARIDIÑA

MARGARIDIÑA (*onda a roca, soa*).

O sosego perdín,

pésame o corazón,

nunca máis terei calma,

nunca máis, nunca máis.

Cando non está comigo

é para min a tumba

e o mundo enteiro ten

un amargor de fel.

A miña cabeciña

está coma atolada

e a miña pobre alma

áchase esnaquizada.

O sosego perdín,

pésame o corazón,

nunca máis terei calma,

nunca máis, nunca máis.

Asomada á fiestra

só a el buscan os meus ollos

e soamente por el

saio da miña casa.
¡O seu paso arrogante,
a súa nobre figura,
o sorrir da súa boca,
a forza da súa ollada
e o máxico fluír
da súa fala galana,
o premer da súa man
e, aí, o seu beixo quente!
O sosego perdín,
pésame o corazón,
nunca máis terei calma,
nunca máis, nunca máis.
Sente o meu peito anxeio
de se lanzar cara el.
¡Aí se puider collelo
e retelo onda min!
E beixalo, beixalo,
¡como queredría eu
aunque en medio dos beixos
eu chegase a morrer!

XARDÍN DE MARTA
MARGARIDA e FAUSTO.

MARGARIDA.

¡Vas prometerme, Henrique!

FAUSTO.

¡Todo o que poida!

MARGARIDA.

Dime logo, ¿como andas tocante á relixión?

Ti es un home bo no corazón
pero creo que non fas dela moito caso.

FAUSTO.

¡Deixa eso nena! Ti sentes que te quero
e polos que amo daría corpo e sangue,
a ninguén hei quitar o seu sentir e a súa Igrexa.

MARGARIDA.

¡Pero eso non abonda, cómpre crer!

FAUSTO.

¿Cómpre?

MARGARIDA.

¡Aí! ¡Se algún poder tivese sobre ti!

Ti tampouco veneras os Santos Sacramentos.

FAUSTO.

Si que os venero.

MARGARIDA.

Pero sen desexalos.

Hai moito que non vas á misa nin te confesas.

¿Cres en Deus?

FAUSTO.

Meu amor, ¿quen pode dicir:

Creo en Deus?

Podes preguntar a cregos e sabios
e a súa resposta é coma se quixesen
burlarse do preguntador.

MARGARIDA.

¿Ti, entón, non cres?

FAUSTO.

¡Non me interpretes mal, doce cariña!

¿Quen puidese nomealo?

¿E quen confesar:

Creo nel?

¿Quen pode sentir
e atreverse a dicir:

Non creo nel?
O que todo o abrangue,
o que todo o sostén
¿Non abrangue e sostén
a ti e a min e a si mesmo?
¿Non despreza no alto o ceo a sua bóveda?
¿Non se estende aquí embaixo firme a terra?
¿E a estrelas eternas non se elevan
mirándonos con doce agarimo?
¿Non te contemplo fixos nos teus meus ollos?
¿E non corre todo
cara á túa cabeza e o teu corazón
facendo, nun eterno misterio,
o invisible visible ao teu carón?
Enche deso o teu corazón, todo el,
e cando, ateigada de tal sentimento,
sexas feliz, chámao entón como queiras,
¡chámao Dita, Corazón, Amor, Deus!
¡Para el non teño nome!
O sentimento é todo;
o nome non é máis ca ruído e fume
que embaza o lume do ceo.

MARGARIDA.

Todo eso é moi belo e moi bon;
o cura di tamén máis ou menos o mesmo
unque con palabras un chisco distintas.

FAUSTO.

En todas partes o din
todos os corazóns baixo da luz do ceo,
cadaquén na súa lingua;
¿por que non eu na miña?

MARGARIDA.

Ao oílo dese xeito, parecería aceptable,
porén sempre hai nel algo torto;
pois ti cristianismo non tes.

FAUSTO.

¡Miña nena querida!

MARGARIDA.

Hai xa tempo
que me fai mal verte nesa compañía.

FAUSTO.

¿Como?

MARGARIDA.

Ese home que vai canda ti,
ódioo no máis profundo da alma:
nunca me deu en toda a miña vida
unha punzada no corazón como a que sinto
vendo a face noxenta dese home.

FAUSTO.

¡Miña pequena, non lle teñas medo!

MARGARIDA.

A súa presenza o sangue me remexe.
Adoito eu quero ben a todo o mundo;
pero así como devezoo por te ver
sinto un secreto horror ante ese home.
Penso, ademais, que é un pillabán.
¡Deus me perdoe se lle fago mingua!

FAUSTO.

E tamén ten que haber paxaros deses.

MARGARIDA.

¡Non querría vivir con un coma el!
Sempre que pasa pola porta
bota para dentro unha ollada burleira

e medio asañada;
vese ben que por nada se interesa;
na fronte leva escrito
que non pode querer a alma ningunha.
Tan ben como me sinto nos teus brazos,
tan libre, con tal fervor rendida,
e a súa presenza o peito me aperta.

FAUSTO.

¡Ai, que anxo cheo de presentimentos!

MARGARIDA.

E eso ten tanta forza en min
que ao que el a nosoutros se achega
penso mesmo que xa non te amo.

Ademais cando el está aí
non podó rezar e sinto algo así
coma se me rillasen o corazón.

A ti, Henrique, tamén eso che debe pasar.

FAUSTO.

¡Collécheslle, logo, antipatía!

MARGARIDA.

Agora teño que marchar.

FAUSTO.

¡Ai! ¿E non podería
descansar unha horiña tranquilo onda o teu seo,
estreitándose peito con peito e alma con alma?

MARGARIDA.

¡Ai, se por caso durmíse soa!
De grado deixaría descorrido esta noite
o ferrollo; pero miña nai ten o sono lixeiro
e se chegase a sorprendernos,
eu morta quedaría de contado no sitio

FAUSTO.

Deso, meu anxo, non teñas medo.
¡Velaquí este frasquiño! Só tres pingotas
na súa bebida, envolverán con agarimo
nun sono profundo a natura.

MARGARIDA.

¿Que non faría eu por ti?
Espero que non lle cause dano.

FAUSTO.

¿Había de aconsellarcho se así fose?

MARGARIDA.

Ao que te vexo, ti, o mellor dos homes,
non sei que me apuxa a cumprir a túa vontade.

Tanto fixen xa por ti
que case non me queda máis nada por facer. (*Vaise.*)

Entra MEFISTÓFELES.

MEFISTÓFELES.

¡A miquiña! ¿Xa se foi?

FAUSTO.

¿Outra volta a espiar?

MEFISTÓFELES.

Todo o entendín ben a xeito;
catequizaron ao señor doutor.
Espero que vos sexa de proveito.
As nenas sempre se interesan
de se un é devoto e sinxelo á lei vella.

Pensan: se el neste cede,
ha de obedecernos tamén a nós.

FAUSTO.

Ti, monstro, non enxergas
que esta alma fiel e amante
toda chea da súa fe,

para ela única salvación,
se atormente santamente
de se o home que máis ama puidese perderse.

MefistÓfeles.

E a ti, galán suprasensible e sensual,
unha rapaciña lévate do nariz.

FAUSTO.

¡Grotesco enxendro de lama e lume!
MEFISTÓFELES.

Ela sabe moito de fisiognomía:
na miña presenza dálle un non sei que,
na miña mascariña adiviña un misterio;
sente que de seguro son un xenio
e se cadra o mesmo Demo.

¿De modo que esta noite...?

FAUSTO.

¿E a ti que che importa?

MEFISTÓFELES.

¡Eu teño tamén nel o meu pracer!

NA FONTE

MARGARIDIÑA e LISIÑA *coas súas cántaras.*

LISIÑA.

¿Non soubeches nada de Barbeliña?

MARGARIDIÑA.

Nin unha palabra. Véxome pouco coa xente.

LISIÑA.

Certo, Sibila díxomo hoxe:
ao cabo deixouse engadar.

¡Ela que tanto fachendeaba!

MARGARIDIÑA.

¿Como?

LISIÑA.

¡Cheira que fede!

Agora, cando come e bebe, mantén a dous.

MARGARIDIÑA.

¡Ah!

LISIÑA.

Ao cabo tivo o seu merecido.

¡Canto tempo non estivo colgada dese mozo!

Xa fose de paseo ou na aldea e no baile

había ser sempre a primeira;

el facíalle a corte con pasteis e viño;

ela moito chufaba da súa fermosura

e era tan descarada que non se avergonzaba

de aceptar del galanos.

Dábanse unha chea de beixos e caricias;

¡e velaquí que a floriña tamén se foi!

MARGARIDIÑA.

¡Pobriña!

LISIÑA.

¿E aínda a compadeces?

Namentres nós estabamos coa roca
e as nais non nos deixaban pola noite saír,
ela pasaba docemente o tempo co seu mozo
no poio da porta e na escura pasaxe
e as horas nunca lle eran longas de máis.

¡Pois agora que baixe a cabeza

e vista o saial de penitente!

MARGARIDIÑA.

De seguro que a vai tomar por muller.

LISIÑA.

¡Sería ben parvo! Un rapaz espilido
atopa aires novos en calquera parte.

Ademais xa se foi.
MARGARIDIÑA.
¡Eso non está ben!
LISIÑA.

Se o atrapase, mal o había pasar ela.
Os rapaces a coroa lle arrincarían
e estraríamos palla diante da súa porta (*Vaise.*)
MARGARIDIÑA (*indo para a casa*).
¡Como facía eu mingua, moi valente, denantes,
dunha pobre rapaza que caera nunha falta!
¡Non atopaba entón a miña lingua
verbas bastante duras para os pecados doutros!
Negro me parecía e anque o facía máis negro
nunca era para min negro dabondo,
e facíame cruces e enchíame de fachenda
¡e eu mesma vin agora dar no pecado!
Porén... todo o que a elo me empurrou
¡Meu Deus! ¡era, ai, tan bon! ¡era tan doce!

CUBO DA MURALLA

Nunha fornela aberta na muralla, unha imaxe da Dolorosa con floreiros diante.

MARGARIDIÑA (*pon flores frescas nos floreiros*).

¡Oh nai das dores,
clemente inclina
o teu rostro sobre a miña angustia!
No corazón a espada,
a padecer mil dores,
ollas a morte do teu fillo.
Miras para o Pai e envías
salaos cara o alto
pola súa angustia e pola túa.
¿Quen poderá sentir
como rilla
nos meus ósos a dor?
A mágoa do meu pobre corazón,
o seu tremor e anxeio,
soamente ti os coñeces, tan só ti.
Onde queira que vaia,
¡que dor, que dor, que dor
sinto aquí no meu peito!
E a penas quedo soa
¡ai! choro, choro, choro
e pártese o corazón.
Os testos da miña fiestra
regueinos, ¡ai!, coas miñas bágoas
cando no abrente do día
collín para ti estas flores.
E ao brillar no meu cuartiño
o claro sol da mañá
sentada no leito estaba
a aturar a miña mágoa.
¡Váleme, sálvame da morte e da vergonza!
¡Ouh, nai das dores,
clemente inclina

o teu rostro sobre a miña angustia!

NOITE. RÚA DIANTE DA PORTA DE MARGARIDA
VALENTÍN (*soldado, irmán de MARGARIDIÑA*).

Unha vez que eu estaba nunha esmorga,
onde moitos adoitan botar por ela,
e os compañeiros gababan a berros
a flor das rapazas, mollando a louvanza
no vaso cheo... sentado escoitaba,
cos cóbados apoiados na mesa, moi calmo,
aquelas latricadas. Sorrindo acariciaba

a barba, e, tomando na man o meu vaso cheo,
dixen: ¡Cada cousa ao seu xeito!
¿Pero hai en todo este país
unha rapaza que se poida comparar
coa miña querida Margaridiña,
que lle chegue á sola do zapato?
¡Top, top! ¡cling, clang!, bebían á ronda.
Berraban uns: ¡Ten moita razón,
ela é o ornato do seu sexo!
E os bocaláns ficaban mudos.
¡Pero agora!... ¡É para se un arrincar os pelos
e subirse polas paredes!...
calquera canalla pode aldraxarme
con chacotas e xestos burleiros.
¡E terei que calar coma mal pagador
e unha palabriña largada á toa farame suar!
E anque fose quen a mallalos a paus
non podería chamalos mentireiros.
¿Quen vén por aí? ¿Quen se achega de solermiño?
Se eu non me engano, son dous.
¡De ser el, vouno coller do gañote
e non sairá vivo de aquí!
FAUSTO e MEFISTÓFELES.
FAUSTO.
¡Como de alá da fiestra da sancristía
a luz da lampadiña érguese vacilante
e cada vez máis feble cara aos lados
namentres que arredor a escuridade aumenta!
Así é de noite no meu peito.
MEFISTÓFELES.
E eu veño ser coma o gatiño fraco
que escorrega polas escadas dos incendios
e se raña despois lenemente contra os muros;
e síntome así moi virtuoso,
raspiñeiro unha miga e unha miga cacheiro.
Por eso un formiguiño me percorre os membros
cando penso na xurdia noite de Walpurgis
que volve pasadomañá:
alí sabe un ben por que se trasnoita.
FAUSTO.
¿Non se erguerá entremetres o tesouro
que vexo alá detrás escintilar?
MEFISTÓFELES.
Axiña poderás ter a alegría
de sacar a oliña da terra.
Non hai moito boteille unha ollada por dentro,
contén magníficos táleros do león.
FAUSTO.
¿Non hai xoias, non hai un anel
para enfeitar ao meu amor querido?
MEFISTÓFELES.
Si, coido que vin unha cousa

que semellaba un colar de perlas.
FAUSTO.
¡Estupendo! Pois moito sentiría
ir onda ela sen levarlle un galano.
MEFISTÓFELES.
Non debedes apesarvos
de gozar ás veces sen dar nada.
E agora que loce o ceo cheo de estrelas
ides oír unha auténtica obra mestra:
voulle cantar unha canción moral

que, de seguro, a vai engaiolar.
(*Canta acompañándose da cítara.*)

¿Que fas Catariniña

ao abrir o día
diante da porta
do teu galán.

¡Vaite de aquí!

El abrirache,

entras doncela

pero doncela non has saír.

¡Tende coidado!

Ao que está feito,

entón ¡boas noites,

pobriñas, pobres!

Se vos estimades,

a un ladrón de amor

nada lle deades

senón co anel no dedo.

VALENTÍN (*adiántase*).

¿A quen estás a engadar? ¡Malo raió!

¡Maldito cazador de ratas!

¡Ao díaño, primeiro, o instrumento!

¡E despois ao díaño o cantor!

MEFISTÓFELES.

¡Esnaquizoume a cítara! Xa non serve para nada.

VALENTÍN.

¡E agora vouche fender o cranio!

MEFISTÓFELES.

¡Non vos achiqueades, señor doutor! ¡Coraxe!

Pegádevos a min, que eu vos guiarei.

Tirade de espada. ¡Arreade forte! Eu paro.

VALENTÍN.

¡Para esta, logo!

MEFISTÓFELES.

¿E por que non?

VALENTÍN.

¡E esta tamén!

MEFISTÓFELES.

¡De certo!

VALENTÍN.

Penso que é o demo quen pelexa.

¿E esto que é? Teño engoumada a man.

MEFISTÓFELES (*a FAUSTO*).

¡Dálle!

VALENTÍN (*caendo*).

¡Ai!

MEFISTÓFELES.

¡Xa quedou amansado o pailán!

¡E agora larguemos! Hai que esvaerse de contado

pois berran xa que houbo unha morte.

Coa policía sei como arranxarme

pero coa xustiza non me levo moi ben.

MARTA (*na fiestra*).

¡Socorro! ¡socorro!

MARGARIDIÑA (*na fiestra*).

¡Traede unha luz!

MARTA (*coma antes*).

Rifan e aldráxanse, berran e baten os ferros.

O POBO.

¡Alí hai un morto!

MARTA (*saíndo da casa*).

¿Os asasinós fuxiron logo?

MARGARIDIÑA (*saíndo da casa*).

¿Quen está aquí tendido?

O POBO.

O fillo da túa nai.

MARGARIDIÑA.

¡Santo Deus, que desgracia!

VALENTÍN.

¡Eu morro! Axiña está dito,
e máis axiña feito.

¿Por que estades, mulleres, a xemer e a laiarvos?

¡Achegádevos e escoitádeme!

(Todos se poñen arredor del.)

Miña Margaridiña, ¡olla!, ti es aínda nova,

inda non tes xuízo dabondo,

dáste pouco xeito para as túas cousas.

Voucho dicir en confianza:

agora xa es unha puta

e cómpre que o sexas de todo.

MARGARIDIÑA.

¡Irmán meu! ¡Deus! ¿Que é o que me dis?.

VALENTÍN.

Non metas a Deus nestas historias.

O que pasou, por desgracia, pasou,

e o que ten que vir, virá.

Comezaches con un ás caladas

e outros logo virán despois del

e cando te chegue a ter unha ducia

de toda a vila serás.

Cando está para nacer a deshonra

tráena ao mundo en segredo

e bótanlle o veo da noite

sobre a cabeza e as orellas;

si, de boa gana quixeran matala.

Pero ao que medra e se fai grande

vai tamén polo día, descuberta,

anque non se volveu máis fermosa.

Canto máis fea se torna a súa face

máis ela busca a luz do día.

Eu xa vexo, abofé, vir o tempo

en que todas as xentes decentes

se arredarán de ti, pendanga,

coma dun cadáver apestado.

¡Sentirás no teu corpo o corazón esgarecer

cando eles te miren aos ollos!

¡Xa non levarás cadea de ouro!

¡Non estarás xa na igrexa cabo do altar!

¡Non irás fachendear ao baile

lucindo un belido colo de encaixe!

Haste acochar nun escuro recanto

entre mendigos e tolleitos

¡e mesmo se Deus te perdoase

na terra serás maldita!

MARTA.

¡Encomendade a alma á divina piedade!

¿Querédela cargar ademais coa calumnia?

VALENTÍN.

¡Se eu puidese estrullar ese corpo chuchado,

miserable alcaiota! Espero que daquela

tería amplo perdón para os meus pecados.

MARGARIDIÑA.

¡Irmán meu! ¡Que tormento de inferno!

VALENTÍN.

¡Deixa esas bágoas, che digo!

Ao perderes a honra décheslle ao meu corazón

o máis duro dos golpes. Agora
a través do sono da morte vou cara Deus
coma un soldado e home honrado. (*Morre.*)

CATEDRAL

Oficio, órgano e canto.

Margaridiña en medio dunha chea de xente. O ESPÍRITO MALIGNO detrás de MARGARIDIÑA.

ESPIRITO MALIGNO.

¡Que diferente eras, Margaridiña,
cando aínda chea de inocencia
te achegabas aquí onda o altar
a balbucir as oracións
do vello libriño rafado,
en parte coma xogo de nena
e en parte Deus no corazón.

¡Margaridiña!

¿Onde tes a cabeza?

No teu corazón

¿que maldade entrou?

¿Rezas pola alma da túa nai
que pola túa culpa durmida quedou
para sufrir longo, longo tormento?

¿Que sangue é ese que hai na túa soleira?

...E agora no teu seo

¿non bule e medra algo

que coa presenza chea de agoiros
é causa de angustia para ti e mais para el?

MARGARIDIÑA.

¡Ai, ai!

¡Se eu puidese librame destes pensamentos
que van dunha banda para a outra
contra a miña vontade!

CORO.

Dies irae, dies illa,
solvat saeculum in favilla.

(*Música de órgano.*)

ESPIRITO MALIGNO.

¡O terror te apreixa!

¡A trompeta soa!

¡Os sartegos tremen!

E o teu corazón

xorde da paz da cinza

e esperta arrepiado

para sufrir o tormento das chamas.

MARGARIDIÑA.

¡Quen me dese estar lonxe de aquí!

Sinto coma se o órgano

o alento me cortase

e o canto esmiazase

a fondo o corazón.

CORO.

Judex ergo cum sedebit,

quidquid latet adparebit,

nil inultum remanebit.

MARGARIDIÑA.

¡Eu abafo!

¡As pilastras

me apreixan!

¡A bóveda

prémeme!... ¡Aire!

ESPIRITO MALIGNO.

¡Agóchate! O pecado e a deshonra
endexamais quedan ocultos.

¿Aire? ¿Luz?

¡Ai de ti!

CORO.

Quid sum miser tunc dicturus?

Quem patronum rogaturus?

Cum vix justus sit securus.

ESPIRITO MALIGNO.

Os glorificados

afastan de ti o rostro

e os puros se arrepián

de pensar darche as mans.

¡Ai que dor!

CORO.

Quid sum miser tunc dicturus?

MARGARIDIÑA.

¡Veciña! ¡O voso frasquiño!...

(*Cae desmaiada.*)

NOITE DE WALPURGIS

Montañas do Harz. Bisbarra de Schierke e Elend.

FAUSTO e MEFISTÓFELES.

MEFISTÓFELES.

¿Non arelas ter un pau de vasoira?

Para min querería o castrón máis rexo.

Por este camiño inda estamos lonxe do cabo.

FAUSTO.

Mentres me sinta forte de pernas

abóndame con este caxato nodoso.

¿Para que acurtar o camiño?...

Vagar polo labirinto dos vales,

despois subir a aquel penedo

do que cae a fervenza, a burbullar decote,

¡eis o pracer que dá sabor a estes carreiros!

A primavera bule xa nos bidos

e mesmo os piñeiros síntena xa;

¿por que non habería de obrar nos nosos membros?

MEFISTÓFELES.

¡Nada deso rastrexo, abofé!

Eu levo no corpo o inverno

e querería atopar no camiño neve e xeadas.

¡Que triste ascende o disco partido

da lúa vermella cun tárdego fulgor,

alumeando tan mal que, a cada paso,

un bate contra unha árbore ou nunha pena!

¡Permíteme que pida un fogo fatuo!

Acolá vexo un que está a arder ledamente.

¡Ei, meu amigo! ¿Podería pregarche

que veñas onda nós? ¿Por que estás a lucir

aí en van? ¡Anda, se boíño

e aluméanos deica acolá enriba!

FOGO FATUO.

Por vos compracer, coido poder vencer

o meu lixeiro natural;

a nosa marcha vai adoito só en zigzag.

MEFISTÓFELES.

¡Vaites, vaites! Pensa así imitar ao home.

¡Marcha logo dereito en nome do demo!

Ou apago dun sopro túa vacilante vida.

FOGO FATUO.

Xa vexo que sodes o señor da casa

e de boa gana vou obedecervos.

¡Pero moito coidado! porque o monte

está hoxe tolo de meigallos

e se un fogo fatuo ten de indicarvos o camiño

non debedes reparar en miudezas.

FAUSTO, MEFISTÓFELES, FOGO FATUO (*a cantar, alternándose*).

Semella que temos entrado
na esfera do soño e do meigallo.
¡Lévanos ben, para quedares con honra,
avante camiñando ata chegar
aos largacíos espacios desertos!
¡Vexo as árbores, unhas tras outras,
pasar rápidas a carón
e os picoutos a se inclinar
e os longos fuciños das rochas
que están a roncar e soprar!
Por entre as pedras e pola herba
baixan correndo regos e reguiños.
¿Oio murmurios? ¿oio cántigas?
¿oio unha lene queixa de amor,
voces daqueles días celestiais?
¡O que esperamos e o que amamos!
E o eco ao lonxe vai repetíndoas
coma unha lenda de vellos tempos.
¡Uhú! ¡Xuhú! Máis perto se oe;
¿é que a curuxa, o arau e o gaio
están espertos todos eles?
¿Será a sacabeira na bouza?
¡Patas longas, goso bandullo!
E as raíces, coma serpes,
na pena e na area retórcense
e tenden estraños vencellos
para asustarnos, para collernos;
xurdindo de bugallos vivos e fortes
estrican tentáculos coma de polbo
cara ao camiñante. ¡E tamén os ratos
de mil cores veñen en masa
polas carrizas e polos campos!
E os vagalumes a voar
en mestos enxames que forman
un cortexo desordenado.
Ora dime, ¿paramos aquí
ou seguimos camiñando?
Todo, todo semella dar voltas,
as penas e as árbores fan gramuras
e os fogos fatuos multiplícanse e inchan.

MEFISTÓFELES.

¡Agarra ben o cabo do meu manto!
Hai aquí unha especie de cumio central
desde o que se pode ver con abraio
como arde Mammon na montaña.

FAUSTO.

¡Que estrañamente reloce nos fondais
o turbo roibén do abrete!
O seu resplandor chega mesmo
ás máis profundas gorxas do abismo.
De aí sobe un abafo, por alá andan mofetas,
aquí brilla un lume entre veos de brétema
que escorre logo coma un fío tenue
e despois abrolla coma un manancial.
Aquí, partido en cen veas,
serpea polo val un longo anaco
e alí, naquel canto pechado,
queda, de súpeto, isolado.
Ben perto saltan charamuscas
coma se ciscasen areas de ouro.
¡Pero olla! en toda a súa altura
acéndese o muro de rochas.

MEFISTÓFELES.

¿Non alumea para esta festa o seu pazo
o señor Mammon esplendidamente?
Éche unha sorte que ti o teñas visto;
vento xa os hóspedes algueiros.

FAUSTO.

¡Con que furia cruza o ar o furacán!
¡Como me bate na caluga!

MEFISTÓFELES.

Debes collerte das vellas arestas da rocha
para non caeres ao fondo do cavorco.

Unha néboa fai a noite máis mesta.

¡Escoita ese renxer nos bosques!
Os mouchos saen voando asustados.

Escoita, féndense as columnas
dos pazos eternamente verdes.

¡Xemer e crebarse das ponlas!

¡Podente bruar dos troncos!

¡Renxer e bocexar das raíces!

En confusión arrepiante e con estrondo
caen todos enriba uns dos outros
e polas crebas cheas de entullos
os ventos zoan e asubían.

¿Non oes voces nas alturas?

¿Na lonxidade e a carón?

Si, por todo o monte corre
un furioso cantar de meiguería.

BRUXAS A CORO.

As bruxas soben ao Brocken,
marelo é o colmo e verde o gran.

Aló se axunta a moitedume
e enriba, no seu trono, está don Urián.

Así vai por penas e campos,
a bruxa peida e o castrón fede.

UNHA VOZ.

A vella Baubo chega soa
montada enriba dunha porca.

CORO.

¡Honrade a quen honra merece!

¡Dona Bambo dediante e que ela guíe!

Unha xurdia marrá e a nai enriba
e detrás toda a tropa das bruxas.

VOZ.

¿Por que camiño viñeches?

VOZ.

¡Por Ilsenstein!

Fisquei no niño da curuxa.

¡Tiña un par de ollos!

VOZ.

¡Vaite ao inferno!

¡Ti cabalgas tan de présa!

VOZ.

Fíxome unha esfoladura

¡Velaquí as feridas!

BRUXAS. CORO.

O camiño é ancho, o camiño é longo.

¿Que vén ser este tolo xentío?

A forcada pica e a vasoira raña.

O neno afoga e a nai estoupa.

BRUXOS. MEDIO CORO.

Imos paseniño coma o caracol.

As mulleres están todas diante
porque, para ir á casa do Malo,

ten a muller mil pasos de avance.

O OUTRO MEDIO CORO.

Non lle damos maior importancia:
se con mil pasos chega a muller,
por moito que poida apurar
o home consígueo dun chouto.

VOZ (*enriba*).

¡Vinde connosco, vinde, do lago da rocha!

VOCES (*desde abaixo*).

Ben quixéramos subir canda vós.
Estamos a lavar e achámonos moi limpas;
pero tamén eternamente estériles.

OS DOUS COROS.

Cala o vento, foxe a estrela,
á lua embazada prácelle agocharse.

O coro máxico a zoar
guinda milleiros de faíscas.

VOZ (*desde abaixo*).

¡Alto! ¡Alto!

VOZ (*desde arriba*).

¿Quen chama desde a fenda da rocha?

VOZ (*embaixo*).

¡Levádeme convosco! ¡Levádeme convosco!

Van xa trescentos anos a eu subir
e non podo acadar o cumio.

Gustaríame estar cos meus iguais

OS DOUS COROS.

A vasoira leva, o caxato leva,
leva a forcada e máis o castrón;
quen hoxe non poida remontarse
é para sempre home perdido.

MEDIO BRUXA (*embaixo*).

Corro a choutiños atrás deles
desde hai ben tempo ¡e están xa tan lonxe!

Na casa non teño descanso
e aquí, porén, non vou chegar.

CORO DAS BRUXAS.

A untura da azos ás bruxas,
un farrapo serve de vela,
calquera artesa fai un bon barco;
que hoxe non voe, nunca voará.

OS DOUS COROS.

E cando cheguemos arredor do cumio
espalládevos arrentes do chan
e cubride a bouza enteira
co voso enxamio de meiguería.

(*Elas pousanse na terra.*)

MEFISTÓFELES.

¡Todo é apertar e toupar, estrondo e tombos!

¡Chíos e remuíños, barallar e turrar!

¡Todo brilla, faísca e cheira e arde!

¡O verdadeiro elemento das bruxas!

¡Cóllete ben de min, porque se non,
axiña quedaríamos separados.

¿Onde estás?

FAUSTO (*de lonxe*).

¡Aquí!

MEFISTÓFELES.

¡Como! ¿xa te levaron alá?

Vou ter que botar man do dereito da casa.

¡Paso! Chega don Voland. ¡Doce xentiña, paso!

Aquí, doutor, ¡agárrate de min!; e agora
larguémonos dun chouto deste amoreamento.

É moita tolería mesmo para os coma min.
Alí perto algo loce cun senlleiro brillar,
algo me atrae cara aqueles matos.
¡Ven, ven! Imos meternos aló dentro.

FAUSTO.

¡Espírito da contradicción! ¡Avante! Ti es o meu guieiro.

Penso que foi ben agudo abofé:
imos ao Brocken na noite de Walpurgis
para aquí mesmo isolarnos ao noso gusto.

MEFISTÓFELES.

¡Pero mira esas chamas multicolores!
Éche un alegre club que se axuntou.
En pequena compañía non se está só.

FAUSTO.

¡Mellor queredría estar acolá enriba!
Xa vexo lume e fume que dá voltas.
Corre alí a multitude cara ao Malo;
máis dun enigma ha resolverse alá.

MEFISTÓFELES.

Pero han de anoarse tamén outros.

Deixa, pois, que esbardalle o gran mundo,
nós quedemos aquí tranquiliños.

Sábese xa desde hai ben tempo

que dentro do gran mundo se fan mundos pequenos.

Vexo alá bruxas mozas que van todas espidas
e outras vellas que, asisadas, se tapan.

Sede amable só por mor de min:
a molestia é pequena e grande a diversión.

¡Oio un certo soar de instrumentos!

¡Condenado balbordo! Hai que se acostumar.

¡Ven canda min! ¡Ven canda min! E necesario.

Eu achégome e preséntote
e así fágoche un novo favor.

¿Que dis, meu amigo? Este espacio pequeno non é.

¡Ora mira! A penas podes verlle a fin.

Cen cacharelas arden en ringleira;
baílan, latrican, guisan, beben e aman;
dime logo ¿onde hai nada mellor?

FAUSTO.

¿Queres ti agora, para entrarmos aquí,
presentarte coma bruxo ou coma demo?

MEFISTÓFELES.

De certo, estou afeito a ir de incógnito
pero nun día de gala hai que lucir as ordes.

Unha xarreteira non me distinguiría
pero o pé de cabalo é aquí moi estimado.

¿Ves ese caracol? Vén cara aquí ás arrastras
e cos seus ollos a palpar darredor
algo ten cheirado xa en min.

Anque quixese, non podo aquí negar o que son.

¡Ven, logo! iremos de lume en lume,
eu son o intermediario e ti o galán.

(A uns que están sentados arredor dunhas brasas que esmorecen.)

Vellos señores ¿que estades a facer aquí no cabo?

Celebraría atoparvos lindamente no medio
rodeados da xoldra e o barallar dos mozos;
xa está dabondo só cada un na súa casa.

XENERAL.

¿Quen se pode fiar das nacións
por moito que un teña feito en favor delas?

Porque o pobo, coma as mulleres,
sempre dá preferencia aos xoves.

MINISTRO.

Agora a xustiza queda ben lonxe,
eu teño que louvar aos bons antergos;
pois, sen dúbida, cando nós mandábamos
era a verdadeira idade de ouro.

PARVENU.

Nós, en verdade, tampouco éramos parvos
e a miúdo facíamos o que non deberíamos facer;
pero agora todo está revirado
xusto cando queríamos mantelo.

AUTOR.

¿Quen pode agora ler un escrito
de contido medianamente razoable?
E tocante á querida xente moza
nunca foi ela tan impertinente.

MEFISTÓFELES (*que, de súpeto, aparece moi vello*).

Vexo o pobo maduro para o Xuízo Final
agora que subo por última vez ao monte das bruxas,
e como a miña bota deita turbo
o mundo está tamén para rematar.

BRUXA REVENDEDORA.

¡Señores, non pasedes de largo!

¡Non perdades esta ocasión!

Mirade ben a mercadoría

pois teño cousas moi variadas.

E emporiso nada hai na miña tenda,

sen igual na terra enteira,

que algunha vez non causase un dano

ben grave para os homes e o mundo.

Non hai aquí un puñal do que sangue non pingase,

nin copa da que ardente veneno destructor

nun corpo san non se vertese,

nin xoia que non teña servido

para seducir a unha dona encantadora,

nin espada que non tronzase unha alianza

ou se cadra ferise por detrás ao adversario.

MEFISTÓFELES.

¡Ai, miña tía! Mal entende o noso tempo.

¡O feito, feito está, e o que pasou, pasou!

¡Tratade só con novidades!

Só as novidades nos atraen.

FAUSTO.

¡Non sei se vou perder o xuízo!

¡Esto seméllame unha feira!

MEFISTÓFELES.

Todo o turbillón tira para riba:

cres que rempuxas e ti es rempuxado.

FAUSTO.

¿Aquela, quen é?

MEFISTÓFELES.

¡Fíxate ben!

E Lilith.

FAUSTO.

¿Quen?

MEFISTÓFELES.

A primeira muller de Adán.

Moito coidado coa súa fermosa cabeleira,

con ese adovío de senlleiro esplendor.

Cando con ela enguedella a un home mozo

non o deixa marchar tan axiña.

FAUSTO.

Alá están dúas sentadas, vella e moza;

¡elas xa teñen brincado o seu!

MEFISTÓFELES.

Hoxe non hai aquí descanso.
Comeza un novo baile, ¡ven logo!, imos collelas.

FAUSTO (*bailando coa moza*).

Unha vez tiven un soño precioso;
vira nel unha maciñeira
na que lucían dúas fermosas mazás
que me tentaron e por ela aganchei.

ABELIDA.

Moito vos gorentan as mazanciñas,
xa desde o tempo do Paraíso.

Moi contenta, abofé, me sinto
porque tamén as hai no meu xardín.

MEFISTÓFELES (*coa vella*).

Unha vez tiven un soño noxento
no que vin unha árbore fendida
que tiña un ... disposto
e anque era tan ... gustoume.

A VELLA.

¡Saúdo moi rendidamente
ao cabaleiro do pé de cabalo!

Que teña un ... disposto
se é que ... non lle dá medo.

PROCTO FANTASMISTA.

¡Caste maldita! ¿Que atrevimento é ese?

¿Non se vos demostrou hai xa ben tempo
que xamais un espírito se apoia en pés comúns?

¡E velaí que bailades igual ca nós os homes!

ABELIDA (*a bailar*).

¿Que vén ese facer ao noso baile?

FAUSTO (*a bailar*).

¡Ei! El métese en todas partes.

O baile dos outros el ha de xulgallo.

Se latricar non pode verbo de cada paso
é coma se o paso non se dese.

O que máis lle encabuxa é que sigamos.

Se quixédeses xirar en roda
como fai no seu vello muíño,
quizais lle parecese ben, sobre todo
saudándoo con gran reverencia.

PROCTO FANTASMISTA.

¿Aínda estades aí? non, isto é inaudito.

¡Liscade logo! ¡Nosoutros trouxemos a luz!
Esta chusma de demos non fai caso de regras.

Somos moi ilustrados pero en Tegel
hai pantasmas. ¡Canto tempo non levo
varrendo ese desvarío e enxamais
queda limpo; ¡éche, abofé. inaudito!

ABELIDA.

¡Basta xa de enfastiarnos aquí!

PROCTO FANTASMISTA.

Dígovolo na cara, a vós, espíritos:
o despotismo do espírito non o aturo;
o meu espírito non pode exercelo.

(*Seguen a bailar*)

Hoxe, xa o vexo, todo me sae mal;
pero sempre levo canda min unha Viaxe
e espero, antes de dar o último paso,
chegar a domear a demos e poetas.

MEFISTÓFELES.

El sentarase logo nunha poza,
é a maneira que ten para aliviarse,
e cando as sanguessugas se recreen no seu cu
curado quedará de espíritos e espírito.

(A FAUSTO, que se foi do baile.)

¿Por que deixaches a esa linda nena
que tan ben cantaba bailar contigo?

FAUSTO.

¡Ah! é que no medio do canto
lle saíu da boca un ratiño vermello.

MEFISTÓFELES.

¡Valente motivo! Non hai que pararse en minucias.

Abonda que o rato non fose gris.

¿Quen pensa neso na hora do amor?

FAUSTO.

E despois vin...

MEFISTÓFELES.

¿Que?

FAUSTO.

Mefisto, ¿non ves
aló unha nena lourida e fermosa
soa e arredada? Vai paseniño
coma se tivese pexados os pés.

Hei confesar que me parece
ter semellanza coa boa Margarida.

MEFISTÓFELES.

¡Déixao, déixao! Eso a ninguén trae ben.
É unha figura de meiguería, sen vida, un ídolo.

Non é bon atoparse con ela:
o seu ollar de fite xea o sangue do home
e case chega a convertelo en pedra;
de seguro que oíches falar da Medusa.

FAUSTO.

De certo, son ollos dunha morta
que unha man amante non pechou.
Ese é o seo que Margarida me ofreceu
e ese é o doce corpo que eu gocei.

MEFISTÓFELES.

Todo eso, parvo, é meiguería;
¡que te deixas doadamente enganar!
Pois preséntase a cada un coma se fose a súa amada.

FAUSTO.

¡Que ledicia! ¡que sufrimento!
Non podo deixar de mirala.
¡Que estraño que este colo belido
se enfeite cun só cordonciño vermello
non máis ancho cá cota dun coitelo!

MEFISTÓFELES.

¡Tes razón! Tamén eu o vexo.
Ela pode asemade levar a cabeza
debaixo do brazo; porque Perseo lla cortou.

¡Sempre ese gusto polo ilusorio!
Ven logo ao outeiro pequeno,
aquí éche tan alegre coma no Prater;
e se non estou enfeitizado,
eu vexo, de veras, un teatro.

¿Que hai alí?

SERVIBILIS.

De contado vai recomezar
unha nova peza, a última peza de sete;
é costume de aquí dar tanto.

Escribiuna un afeccionado
e represéntana tamén afeccionados.

Señores, perdoadé que marche
pois a min gústame erguer o pano.

MEFISTÓFELES.

Paréceme moi ben que vos atope no Blocksberg

pois ese é o voso sitio.
SOÑO DA NOITE DE WALPURGIS OU AS VODAS DE OURO DE OBERÓN E TITANIA

Intermedio.

DIRECTOR DE TEATRO.

Hoxe tócanos descansar,
bravos fillos de Mieding.
Un vello monte e un val húmido,
¡velaí todo o decorado!

ARAUO.

Para que as vodas sexan de ouro
han pasar cincuenta anos;
pero se a porfía remata
ese é o ouro que máis quero.

OBERON.

Se estades onde eu estou, espíritos,
amosádevos arestora.

O rei e mais a raíña
áchanse outravolta unidos.

PUCK.

Chega Puck e vira a través
e mete na roda o pé,
un cento veñen detrás
para rexoubar con el.

ARIEL.

Ariel anima o canto
con tons de celestial pureza,
atrae a moitas carantofías
pero tamén engaiola ás belidas.

OBERON.

¡Que aprendan de nós os casados
que desexen levarse ben!
Para que dous cheguen a quererse
só se precisa separalos.

TITANIA.

Se el se encabuxa e ela ten antollos
agarrádeos de contado,
a ela mandádema para o sur
e a el levádeo ao extremo norte.

ORQUESTRA TUTTI. FORTISSIMO.

Fuciño de mosca e nariz de mosquito
con toda a súa parentela,
ra na ramaxe e grilo na herba,
¡velaí tedes os vosos músicos!

SOLO.

¡Ollade que aí vén a gaita!
É unha pompa de xabón.
Escoitade a fungadeira
que sae do seu chato nariz.

ESPIRITO A SE FORMAR.

¡Patas de araña e bandullo de sapo
e aliñas para o trasno pequeno!

Un animalíño non teremos
pero habemos ter un poemiña .

UNHA PARELLIÑA.

Pasos pequenos e choutos altos
entre ligamaza e recendos;
abofé que choutas dabondo
pero voar polo aire non podes.

VIAXEIRO CURIOSO.

¿É unha broma de mascarada?
¿Hei crer o que ven os meus ollos?
¿É Oberón, o deus fermoso,
o que hoxe vexo aquí tamén?

ORTODOXO.

¡Non hai poutas nin hai rabo!
Pero non cabe dúbida ningunha:
o mesmo ca os deuses de Grecia
el é asemade un demo.

ARTISTA DO NORTE

O que hoxe estou a facer
son, de certo, só bocexos;
pero xa ando a prepararme
para facer a viaxe a Italia.

PURISTA.

¡Ai! tróuxome a miña mala fada:
¡Que desbarate reina aquí!
E de toda a caterva de bruxas
soamente dúas van empoadas.

BRUXA XOVE.

Os pos, o mesmo que os vestidos,
son para as velliñas canas,
por eso monto espida o meu castrón
e amoso un corpiño louzán.

MATRONA.

Temos boa crianza de máis
para rifar aquí con vós;
pero espero que, malia serdes
novas e tenras, podrezades.

DIRECTOR DE ORQUESTRA.

¡Fuciño de mosca e nariz de mosquito
non deades voltas arredor da espida!

¡Ra no ramaxe e grilo na herba
levade logo ben o compás!

CATAVENTO (*cara unha banda*).

¡Compañía como a un lle gusta,
soamente noivas, abofé!

¡E os solteiros, uns e outros,
xente de brillante porvir!

CATAVENTO (*cara á outra banda*).

E se a terra non se abraise
para tragalos a todos eles,
irei en rápida carreira
guindarme no inferno de contado.

XENIAS.

Velaquí estamos coma insectos
con pequenas pinzas agudas
para facer merecida homenaxe
ao noso señor papá, Satán.

HENNINGS.

¡Védeas como, en fato apertado,
reloucan xuntas sen malicia!

Á fin chegarán a dicir
que teñen un bon corazón.

MUSAXETA.

Sinto un gran pracer en perderme
nesta grande tropa de bruxas
pois abofé que eu sabería
conducilas mellor que musas.

CIDEVANT. XENIO DO TEMPO.

Un gaña a tratar con boa xente.

¡Ven, colle a punta do meu manto!

Coma o Parnaso alemán, o Blocksberg
ten un curuto moi extenso.

VIAXEIRO CURIOSO.

Dicide: ¿como se chama ese home tan teso?

Marcha cun paso fachendoso

e osma canto pode osmar...

«Anda a rastrexar xesuitas.»

GRÚA.

Gústame pescar na auga clara
e tamén me gusta na turba;
por eso vedes que o señor devoto
se mestura asemade cos demos.

FILLO DO MUNDO.

Si, para os devotos, crédeme,
todo non é máis ca un vehículo,
aquí no Blocksberg eles forman
dabondo máis dun conventículo.

BAILARÍN.

¿E agora chega un novo coro?

Escoito tambores lonxanos...

«¡Calmádevos! Son alcaraváns
que cantan nas canas ao unísono.»

MESTRE DE BAILE.

¡Como ergue a perna cada un!
¡Sae do apuro o mellor que pode!
Chouta o patexo e o zoupón brinca
sen facer caso da facha que ten.

VIOLINISTA.

Esta xentalla moito se odia
e de boa gana se esnaquizarían;
pero aquí a gaita úneos a todos
coma ás bestas a lira de Orfeu.

DOGMÁTICO.

Non me deixo enganar polos berros
quer da crítica, quer da dúbida.

Pero o demo debe ser algo;
pois ¿como, senón, habería demos?

IDEALISTA.

Por esta vez a fantasía
domina de máis o meu sentido.

De certo, se son todo eso,
entón é que hoxe estou tolo.

REALISTA.

O Ser é para min un tormento
e ponme moi desacougado.

Por vez primeira non me sinto
ben firme sobre dos meus pés.

SUPERNATURALISTA.

Atópome aquí moi contento
e alédome con todos estes;
pois se hai demos podo inferir
que tamén hai espíritos bons.

ESCÉPTICO.

Seguen polo rastro as chamiñas
e coidan achegarse ao tesouro.

Demo e dúbida van de par,
logo estou no lugar axeitado.

DIRECTOR DE ORQUESTRA.

Ra na ramaxe e grilo na herba,
¡condenados diletantes!

¡Fuciño de mosca e nariz de mosquito,
vós sodes músicos porén!

OS HABELENCIOSOS.

Sanssouci chámase a tropa
de criaturas alegres;
cos pés xa non se pode andar,
por eso marchamos sobre a cabeza.

OS TORPES.

Outrora sacamos algunha tallada,
pero agora ¡Deus nos asista!
Furamos os zapatos de tanto bailar
e temos que andar cos pés espidos.
FOGOS FATUOS.

Nosoutros vimos do bulleiro
onde acabamos de nacer;
mais xa estamos aquí na fila
coma moi lucidos galáns.

ESTRELA FUGAZ.

Eu guindeime desde aló enriba
nun resplandor de estrelas e lumes
e agora estou deitada na herba...
¿Quen me axuda a porme de pé?

OS MACIZOS.

¡Sitio, sitio! ¡e todo arredor!
que se amagallen as herbiñas.
Chegan espíritos e os espíritos
teñen tamén membros moi rudos.

PUCK.

Non vaiades tan pousóns
coma crías de elefantes,
e que hoxe o máis lerdo de todos
sexa o mesmo arrufado Puck.

ARIEL.

Deuvos a amable natureza
e tamén o espírito ás;
¡seguid o meu rastro lixeiro,
arriba, ao outeiro das rosas!

ORQUESTRA. PIANISSIMO.

Ringleira de nubes e veo de néboa
claréanse por enriba.

Ar na ramada e nas canas vento
e todo queda esvaecido.

DÍA NUBRADO. CAMPO

FAUSTO e *MEFISTÓFELES*.

FAUSTO.

¡Na miseria! ¡Que desesperación! ¡Despois de andar vagando
lastimosamente pola terra un longo tempo, presa agora!
¡Pechada no cárcere a doce e desgraciada criatura, a sufrir terribles
tormentos coma un criminal. ¡Ter chegado a eso. a
eso!... ¡Espírito traizoero, indigno: tíñasmo acochado!... ¡Agarda
un pouco, agarda! ¡Revolve con carraxe na cabeza eses ollos
de demo! ¡Queda para me provocares coa túa intolerable presenza!
¡Presa! ¡Na miseria sen remedio! ¡Entregada aos malos
espíritos e ao xuízo implacable da humanidade! ¡E ti, mentres
tanto, a me abalar con parvas distraccións, ocultándome a súa
angustia crecedeira e deixándoa perecer sen axuda ningunha!

MEFISTÓFELES.

Non sería a primeira.

FAUSTO.

¡Can! ¡Monstro abominable!... ¡Múdao ti, espírito infinito,
muda outra volta este verme para a súa forma de can como
cando tantas veces se compracía en ir trotando diante miña, a
se envorcallar entre os pés do confiado camiñante e a collérselle
dos ombros se chegaba a caer! ¡Múdao de novo á súa forma
perferida para que se arrastre sobre a barriga pola area cara a
min e eu poida machucalo cos meus pés, o réprobo!... ¡Non
sería a primeira!... ¡Horror, horror, incomprendible para calquera
alma humana, que máis dunha criatura puidese afundirse no
abismo desa miseria e que a primeira non chegase a expiar,
coa angustia da súa morte, aos ollos da eterna misericordia, as
faltas das demais! A mágoa desta senlleira criatura penétrame

ata o fondo da médula e da vida... ¡e ti con esa risa de coello
sobre a sorte de milleiros delas!

MEFISTÓFELES.

Xa volvemos a estar no límite do noso enxeño, alí onde vós
os homes perdedes o xuízo. ¿Por que fas compañía connosco
se non podes ir ata a fin? ¿Queres voar e non estás seguro de
non teres vertixe? ¿Fomos nós quen te buscamos ou ti a nós?

FAUSTO.

¡Non me arregañes así os dentes! ¡Eso dáme noxo!... Espírito
grande e excelso que te dignaches aparecer perante min: ti
que coñeces o meu corazón e a miña alma ¿por que me deches
por compañeiro a este miserable que se alimenta de maldade
e se recrea na desfeita?

MEFISTÓFELES.

¿Remataches?

FAUSTO.

¡Sálvaa! ¡jou pobre de ti! ¡Botareiche a máis tremenda maldición
para milleiros de anos!

MEFISTÓFELES.

Eu non podo soltar os trelas do vingador nin descorrer os
seus ferrollos... ¡Sálvaa! ¿Quen a guindou á perdición? ¿Fun eu
ou fuches ti?

FAUSTO (*lanza furiosas olladas ao seu redor*).

MEFISTÓFELES.

¿Vas botar man do trono? ¡É unha sorte que non volo teñan
dado a vós, miserables mortais! Esnaquizar o opositor inocente
é xeito propio de tiranos para saír de apuros.

FAUSTO.

¡Lévame onda ela! ¡Hai que liberala!

MEFISTÓFELES.

¿E o perigo a que te expós? Debes saber que inda pesa sobre
a vila o homicidio pola túa man cometido. Sobre o lugar
en que caeu a vítima pairan espíritos vingadores ao axexo da
volta do asasino.

FAUSTO.

¿Tamén eso? ¡Que sobre ti, monstro, caian as mortes e crimes
dun mundo! Lévame alá, che digo, e pona en liberdade.

MEFISTÓFELES.

Levareite, logo; e tocante ao que eu poida facer, escoita: ¿é
que teño todo o poder no ceo e na terra? Vou embazarlle os
sentidos ao carceleiro e ti quitaraslle as chaves e sacarala a ela
de alí con man de home. Eu quedarei á espreita, os cabalos
máxicos estarán prestes e ráptovos aos dous. Eso podo facelo.

FAUSTO.

¡Avante, pois!

NOITE, CAMPO ABERTO

FAUSTO e MEFISTÓFELES *pasan a toda présa montados en
cabalos negros*.

FAUSTO.

¿Que andarán a facer aquelas que bulen aló arredor da Pena
dos Corvos?

MEFISTÓFELES.

Non sei o que poden estar a cociñar e argallar.

FAUSTO.

Soben, baixan, inclínanse, dóbranse.

MEFISTÓFELES.

É unha xuntanza de bruxas.

FAUSTO.

Asperxen e consagran.

MEFISTÓFELES.

¡Pasemos, pasemos!

CÁRCERE

FAUSTO (*cun mangado de chaves e unha lámpada diante dunha portíña de ferro*).

Dáme un arreguizo que hai tempo non sentía,
toda a miseria da humanidade faise dona de min.
¡É aquí onde ela vive, tras deste muro húmido
e foi o seu crime unha bela ilusión!

¿Dubidas en ir onda ela?

¿Tes medo de volver a vela?

¡Adiante! que co teu vacilar chamas á morte.

(Colle o cadeado. Cantan dentro:)

¡A miña nai, a puta,

foi quen me matou!

¡E o bribón do meu pai

foi o que me comeu!

A miña irmá cativa

os ósos recolleu

nun recanto fresqueiro

e convertinme entón

nun lindo paxariño

que polo bosque voa lonxe, lonxe.

FAUSTO *(abrindo)*.

Non sospeita ela que o seu amado a escoita,
que oe o rinchar das cadeas e o renxer da palla.

(Entra.)

MARGARIDA *(a acocharse no catre)*.

¡Ai, pobriña de min! Xa veñen. ¡Morte amarga!

FAUSTO *(baixiño)*.

¡Cala, cala! que veño para liberarte.

MARGARIDA *(botándose aos seus pés)*.

Se ti es un home, da miña mágoa dóete.

FAUSTO.

¡Vas espertar aos gardiáns cos teu berros!

(Agarra as cadeas para llas quitar.)

MARGARIDA *(de xionllos)*.

¿Quen che deu a ti, verdugo,

este poder sobre min?

Vésme xa buscar á medianoite.

¡Apíadate de min e déixame vivir!

¿Non sería dabondo mañá cedo? *(Érguese.)*

¡Pois inda son tan nova, tan noviña!

¡E ter xa que morrer!

Fermosa era eu tamén e eso foi a miña perda.

O amigo estaba perto e agora lonxe está,
a coroa rachada e ciscadas as flores.

¡Non me collas con tanta violencia!

¡Trátame ben! pois ¿que che fixen eu?

Que os meus rogos non sexan en van,

¡eu non te vin en toda a miña vida!

FAUSTO.

¡Como poder aturar esta angustia!

MARGARIDA.

Agora estou no teu poder de todo.

Déixame só que lle dea o peito ao neno.

Toda a noite pasei a agarimalo

arrentes do meu corazón; e leváronmo

para mortificarme, e agora din que o matei.

Non terei nunca máis alegría.

Cantan cancións sobre min. ¡Que mala é a xente!

Hai un vello conto que remata así

pero ¿por que mo aplican a min?

FAUSTO *(axionllándose)*.

Un amante atópase aos teus pés

para liberarte desta horrible escravitude.

MARGARIDA *(botándose cara a el)*.

¡Poñámonos de xionllos para pregar aos santos!

¡Olla! debaixo destes chanzos,
debaixo da soleira,
ferve o inferno.
¡O Maligno,
con terrible carraxe,
fai grande estrondo.
FAUSTO (*en voz alta*).
¡Margaridiña! ¡Margaridiña!
MARGARIDA (*con atención*).
¡Esa era a voz do meu amigo!
(*Érguese dun brinco. As cadeas caen.*)
¿Onde está el? Oíno chamar.
¡Estou libre! ninguén pode determe.
¡Quero voar cara ao seu colo
e no seu peito descansar!
Chamou: ¡Margaridiña! Estaba na soleira.
En medio dos ouveos e do bater de dentes
do inferno, das sarcásticas burlas do demo
recoñecín a súa voz doce e amante.
FAUSTO.
¡Son eu!
MARGARIDA.
¡Es ti! ¡Oh, repíteo outravolta!
(*Apreixándoo.*)
¡É el! ¡É el! ¿Onde quedou todo o tormento?
¿onde a angustia do cárcere? ¿e a das cadeas?
¡Es ti! Víñeches a salvarme.
¡Salvada estou!...
Velaquí xa de novo a rúa
onde por vez primeira te vin
e o xardín encantador
no que Marta e mais eu te agardabamos.
FAUSTO (*esforzándose por levala*).
¡Ven canda min! ¡Ven canda min!
MARGARIDA.
¡Oh, queda!
Pois estou tan a gusto onde ti estás. (*Acariñándoo.*)
FAUSTO.
¡Bule!
Se non te dás présa
haberemos de pagalo caro.
MARGARIDA.
¿Como? ¿xa non sabes bicar?
¿Por que sinto medo collida do teu colo?
Cando antes, coas túas palabras e miradas,
sobre min descendía o ceo enteiro
e ti bicábasme coma se me foses esganar.
¡Bícame!
¡Se non serei eu quen te bique! (*Abrázao.*)
¡Ai que dor! Os teus beizos están fríos,
están mudos.
¿Onde quedou
o teu amor?
¿Quen mo roubou? (*Arrédase del.*)
FAUSTO.
¡Ven! ¡Sígueme! ¡Coraxe, queridiña!
Heite de amar mil veces máis.
¡Pero sígueme! ¡Soamente eso che pido!
MARGARIDA (*volvéndose cara el*).
¿Es, logo, ben ti? ¿De seguro que es ti?
FAUSTO.
¡Son eu! ¡Ven canda min!
MARGARIDA.

Ti crebas as cadeas
e de novo me acolles no teu peito.
¿Como non te espaventas ao me veres?..
¿Sabes ben, meu amigo, a quen liberas?

FAUSTO.

¡Ven, ven! a noite fonda xa devece.

MARGARIDA.

Eu dei morte á miña nai
e afoguei ao meu cativo.
¿Non fora un galano para ti e para min?
Para ti tamén... ¡Es ti! non o podo crer.
¡Dáme a túa man! ¡Non é un soño!
¡A túa man querida!... ¡Ai, pero está mollada!

¡Enxúgaa! Paréceme
que hai sangue nela.

¡Ai, Deus! ¿Que fixeches?
¡Envaiña a espada, prégocho!

FAUSTO.

Deixemos pasar o que pasou;
ti vasme matar.

MARGARIDA.

¡Non, ti tes que quedar!
Agora vouche describir as tombas
que ti haberás de coidar
xa desde mañá;
a nai terá o mellor lugar,
o meu irmán xusto a carón,
eu unha miga afastada
¡anque, de certo, non moi lonxe!
e o pequeno contra o meu seo dereito.
¡Ninguén máis ha de acharse onda min!..
¡Estar ao teu lado abrazándote
foi unha doce e deliciosa dita!
Pero eso para min rematou,
é coma se tivese que facer un esforzo
para ir cara a ti, coma se me rexeitases.
E emporiso es ben ti e a túa mirada tan boa, tan tenra.

FAUSTO.

¡Se sentes que son eu, ven logo!

MARGARIDA.

¿Alá fóra?

FAUSTO.

Á liberdade.

MARGARIDA.

Se a tomba está afora,
se a noite axexa ¡ven logo!
Desde aquí ao leito do descanso eterno
e nin un paso máis...

¿Agora vaste? ¡Ai, Henrique,
se eu puidese ir canda ti!

FAUSTO.

¡Podes, se queres! a porta aberta está.

MARGARIDA.

Non, non debo marchar, non hai esperanza para min.

¿Para que fuxir? pois eles están a asexarme.

¡Éche tan triste ter que mendigar
e ademais con mala conciencia!

¡Éche tan triste vagar polo estranxeiro
para que, ao cabo, veñan a collerme!

FAUSTO.

Eu quedo xunto a ti.

MARGARIDA.

¡Axiña, axiña!

¡Salva ao teu pobre fillo!
¡Corre! segue sempre o camiño
que sobe pola beira
do arroyo e pasa a ponte
e entra no bosque, á esquerda,
onde está o taboleiro,
no estanque.
¡Cólleo en seguida!
el quere erguerse,
aínda espernexa;
¡Sálvamo, sálvamo!
FAUSTO.

¡Has decatarte
que con dares un paso quedas libre!
MARGARIDA.

¡Se tivesemos pasado xa a montaña!
Alí está a miña nai sentada nunha pedra,
¡sinto un frío correr polos cabelos!
Alí está a miña nai sentada nunha pedra
a abalar a cabeza, non fai ningún aceno,
non sonea, a cabeza pésalle,
durmiu moito, xamais despertará.
Durmiu para nós pasalo ben.
¡Eran tempos felices!
FAUSTO.

Xa que de nada valen rogos nin parolas,
á forza vou levarte.
MARGARIDA.

¡Déixame! ¡Non, violencia non aturo!
Non me apreixes coma se foses matarme.
Outroa fixen canto ti querías.
FAUSTO.

¡Xa vén o día! ¡Queridiña, queridiña!
MARGARIDA.

¡O día! ¡Si, xa chega o día, o meu derradeiro día!
¡o que había ser das miñas vodas!
Non digas a ninguén que xa estiveches
en cas de Margarida.

¡Ai, a miña coroa!
¡É cousa feita, xa non ten remedio!
Habemos de volver a vernos
pero no baile non.
Amoréase a xente, non se oe o que din.
A praza, as rúas
non poden contela.

A campá chama, rompen a variña.
¡Como me atan e me apertan!
Xa me levan cara ao tallo.
Todos senten xa no carrolo
o gume que se ergue encol de min.
¡O mundo está calado coma unha tomba!
FAUSTO.

¡Querería non ter nacido nunca!
MEFISTÓFELES (*aparecendo fóra*).
¡Bulide ou estades perdidos!
¡Deixádevos de dúbidas, parolas e demoras!
Os meus cabalos treman,
alborex a mañá.
MARGARIDA.

¿Que é eso que xorde do chan?
¡EI! ¡EI! ¡Bótao de aquí!
¿Que quere neste santo lugar?
¡Quere collerme!

FAUSTO.
¡Ti debes vivir!
MARGARIDA.
¡Xustiza de Deus! ¡a ti me entrego!
MEFISTÓFELES.
¡Ven! ¡ven! Ou déixote aí con ela.
MARGARIDA.
¡Túa son, Pai do ceo! ¡Sálvame!
¡Vosoutros, anxos, santas cohortes,
póndevos arredor para protexerme!
¡Henrique! Dásme espanto.
MEFISTÓFELES.
¡Xulgada está!
VOZ (*do alto*).
¡Está salvada!
MEFISTÓFELES (*a FAUSTO.*)
¡Anda, ven canda min!
(*Desaparece con Fausto.*)
VOZ (*desde dentro, a se esvaer*).
¡Henrique, Henrique!